A NOSA TERRA
Nº 1.028.
Do 4 ao 10
de abril de 2002.
Ano XXV IV Xeira.
FUNDADO EN 1907
1,75 Euros

A Consellería expedienta a unha médica por denunciar as listas de espera

(Páx. 12)



PALESTINA VIVE



Desde o 11 de setembro non se vivía unha alarma mundial tan grave. O conflito de Palestina mostra que a realidade internacional é máis complexa do que Bush pretendía. O sitio militar do cuartel de Arafat e dunha basílica cristiá relanzan a imaxe da resistencia palestina ante o mundo.

Camilo Nogueira:

'É absurdo que me sitúen como líder dunha corrente autonomista no BNG'

(Páx. 9)

Cando o PCE era un mito

(Páx. 17)

O sonido *Milladoiro* volve ás tendas

(Páx. 25)

Cascos non di nada novo sobre o tren

(Páx. 10)

Os ingleses venden o tesouro roubado en Corme

(Páx. 31)

O BNG SEMPRE CULPOU OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN de que as súas propostas e mensaxes non chegasen axeitadamente á sociedade. Agora semella comezar a darse conta de que as eivas internas teñen tamén moita culpa desta incapacidade para facerse escoitar: moitas veces non emiten, fano a destempo ou non se poden sintonizar. A nova Executiva Nacional é o remedio co que os nacionalistas pretenden comezar unha nova etapa de maior sintonía social. Unha Executiva que terá que representar a toda a organización, sen exclusións. Se non queren debilitarse e manter os obxetivos de medre, os nacionalistas están abocados o consenso, esquecendo apetencias personais comprensíbeis, lexitimidades históricas e diferencias ideolóxicas na procura dun denominador común. Pero esa suma leva tamén implícito que os novos membros da dirección do BNG non só dean unha imaxe de renovación, senón tamén de ilusión, cohesión e, sobre todo, de eficacia. Algo do que careceu nos últimos tempos a dirección nacionalista. Así pois, esa unidade no proxecto frontista ten que estar cimentada na maior idoneidade dos membros que integren a nova dirección. Sen cuotas, sen imposicións e sen apriorismos.♦

Ramón Chao
A paixón de Carolina Otero

Desde Niza, xa na ruina da súa vellez, Carolina Otero, *La Belle Otero*, bota unha ollada atrás e lembra a súa infancia galega e os azarosos episodios do itinerario que precederon a súa chegada a París, sempre perseguindo a súa auténtica paixón: converterse nunha afamada cantante de ópera.

EDITORIAL GALAXIA

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

En todo o mundo xorden protestas contra a agresión hebrea

Os palestinos resisten pese ao poderío militar israelita

CÉSAR LORENZO GIL

Entrementres o Exército israelita expulsa de Belén e Nablús os xornalistas, cidadáns de todo o mundo láianse ao ver as atrocidades cometidas en Palestina. A diplomacia parece atada no xogo de intereses entre Tel Aviv e Washington pero as protestas esténdense desde Malaisia ata o Canadá.

O primeiro ministro israelita, Ariel Sharon, reaccionou tarde ao expulsar os xornalistas de Belén e Ramala. Xa as cámaras das principais televisións e os testemuños dos enviados especiais de xornais de todo o mundo difundiron o horror israelita da última semana. Palestina tinxiuse de sangue nesta Pascua e nin tan sequera a doutrina prosionista que difunden os máis grandes emporios da comunicación foron quen de obviar a gran masacre que desenvolve o goberno hebreo nos territorios ocupados.

A chamada ás filas de 20.000 reservistas e a carreira de centos de carros de combate cara ás máis importantes cidades palestinas estaba preparada desde hai tempo. O goberno de Sharon aproveitou os atentados suicidas para apertar, primeiro, o cerco sobre Ramala, capital administrativa da Autoridade Nacional Palestina (ANP), e despois, iniciar a reocupación total dos seus territorios no nome da "seguridade interior".

A base ideolóxica e estratéxica da ocupación israelita nada ten a ver, paradoxalmente, con esa doutrina antiterrorista. En realidade, o ataque confirma as expectativas da asa máis ultradereitista do pensamento político de Israel: os palestinos deben ser considerados cidadáns de segunda clase, sometidos ao arbitrio dos hebreos, que teñen dereitos históricos e divinos sobre as terras que conquistaron na Guerra dos Seis Días (1967).

Tal e como explican moitos analistas do conflito árabe-israelita, a dereita sionista, moi intrincada co pensamento relixioso ultraortodoxo xudeu, sempre aborrecinou dos pasos dados no proceso de paz culminado nos Acordos de Oslo de 1993. Esta ofensiva militar ponlle punto final a aquela fase de distensión e obrigará as novas xeracións a volver empezar de cero en calquera negociación, coas posturas obrigadamente máis estremadas ca nunca.

Beirut, papel mollado

O dato máis importante para calibrar ata que punto a idea de Sharon é alongar no tempo o estado de confrontación é o tratamento do Plano de paz saudita. O ofrecemento da Liga Árabe de recoñecer a Israel como estado se permitían a creación dun estado palestino non só supuña unha aceptación dos tradicionais inimigos israelitas, senón que representaba unha aposta común por un futuro no que calen as armas e falen os diplomáticos.

Esta ofensiva militar ponlle punto e final á fase de distensión que culminara nos Acordos de Oslo

Mais Sharon non está niso. Abrigado no medo que teñen os hebreos a sentaren en calquera café e voaren polos aires, impón un longo percorrido de violencia contra os palestinos. O seu plano é factíbel mercé ao silencio cómplice dos EE UU, necesariamente impulsores da ofensiva e á tibia atitude da Unión Europea e a ONU, incapaz aínda hoxe de decretar o envío de cascos azuis a Palestina para protexer a poboación árabe. Sharon tripa, co mesmo afán ca os seus tanques Mer-

Continúa na páxina seguinte

A loita nacional palestina non perdeu forza pese ás décadas de ocupación.

ANosa Terra

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias.
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Xosé Mª Dobarro, Antolín Fernández, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Afonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantiños, César Lorenzo Gil, Paco Vilabarros (Fotografía).

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Marcos Valcárcel, Xoán Vila, Santiago Jaureguizar, Manuel Monge, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, Francisco Carballo, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, Antonio Gato Soengas.
Sociedade: Perfecto Conde, X. Vázquez Pintor, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, Ramón Maceiras, Xavier Queipo, Carme Vences, X.F. Pérez Oia.
Península: Gonçalo Nuno de Faria, Manuel Lombao, Tino Cabanas, Daniel Álvarez.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, César Varela.
Deportes: Moncho Viñas.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Lois Diéguez, Celso López Pazos, X.M. Eiré Val, Xesus Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Rodolfo Dacuña, X. González Gómez.
Fin de Semana: Borobó, Bieito Iglesias, Marga Romero, Xurxo F. Ledo, Luisa Villalta, Francisco A. Vidal.
Leces: Eva Montenegro Piñeiro.
Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra, *Voz Notícias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Posonejro.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscricións: Lola Fernández Puga subs.anosaterra@terra.es

Vendas: Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo
Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción: 986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.
Correo Electrónico: info@anosaterra.com
Administración, Subscricións e Publicidade: 986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

kava, as resolucións internacionais que demandan o fin da agresión.

Ademais das dimensións da propia ofensiva militar, o exército israelita pretende deixar profundas pegadas na mentalidade colectiva palestina a base de brutalidade. Coma aves preeiras, pairaron sobre a ribeira do Mediterráneo palabras de recordo infame para a humanidade: nazismo, Auschwitz, gueto de Varsovia. Ningunha das connotacións históricas de cada unha delas é gratuíta, se se atende ao relato das testemuñas alí desprazadas.

Os soldados israelitas teñen orde de deteren todos os varóns palestinos de entre 15 e 50 anos de cada cidade que ocupan. Reteñen os detidos cos ollos vendados e alxemas de plástico. Destrúen estradas, cercan hospitais, tirotean ambulancias, axustizan con tiros na caluga grupos de supostos "terroristas". Din respectar os moitos símbolos relixiosos dunha terra que aínda se chama santa para tres culturas pero non dubidan en matar sacerdotes e dinamitar entradas de igrexas tan importantes como a Basílica da Natividade, en Belén. Logo de ocuparen a televisión de Ramala, humillaron os vencidos cunha sesión continua de cinema pornográfico.

Bágoas que fan homes

En proporción co aumento da dor dos palestinos e coa difusión das imaxes da agresión hebrea, xorden cada día máis protestas contra o silencio institucional. Nos países muslimes, as manifestacións son multitudinarias e en moitas delas esíxese o envío de continxentes de voluntarios que axuden a defender as ruínas de Palestina.

En Ocidente, a presión na rúa é maior naqueles países de forte implantación de minorías árabes, como Francia, Alemaña ou os EE UU, onde os manifestantes desfilan vestidos coa cuadricolor palestina cosida cabo das barras e estrelas. Incluso en países que sofren xa problemas propios ben graves, como Arxentina, a solidariedade popular achou tempo para concentrarse en repulsa dos ataques israelitas.

En Galicia, son moitas as organizacións que esixiron publicamente o fin da violencia

En Galicia, son moitas as organizacións que esixiron publicamente o fin da violencia. Concellos como o de Vigo, Compostela e Ferrol, entre outros, esixiron a marcha atrás na agresión israelita. O BNG emitiu unha nota pública e convocou, a través da súa organización xuvenil Galiza Nova, concentracións en Compostela. O mesmo fixeron outros partidos de esquerda, como Izquierda Unida ou Nós-UP. Os sindicatos tamén asumiron un papel protagonista, con manifestacións e comunicados públicos que chaman á solidariedade e á presión sobre os gobernos galego e español.

A protesta cívica tamén acadou a Palestina e a Israel. Xunto a Iasir Arafat, en Ramala, permanecen vinte membros de organizacións palestinas, decididas a correr o mesmo destino ca o líder palestino. Nas rúas

Os soldados israelitas teñen orde de deteren todos os varóns palestinos de entre 15 e 50 anos de cada cidade que ocupan.

das outras cidades ocupadas, árabes e activistas a prol dos dereitos humanos berraron, entre zunidos de balas, contra a invasión hebrea. E no mesmo Israel, ao pé da cadea na que permanecen 18 obxectores de conciencia do exército israelita, que se negaron a atacar os territorios autónomos, maniféstanse todos os días un cento de persoas que condena publicamente a tolemia criminal de Sharon e a complicidade xorda das organizacións progresistas que comparten con el gabinete.♦

Arafat medra dentro do puño de Sharon

Hai seis meses, a figura de Iasir Arafat andaba ensombrecida pola dor da situación do seu país e as cicatrices mal curadas do 11 de setembro. Hoxendía, Arafat volveu converterse nun mito, admirado por todo o mundo árabe e recoñecido como un dos líderes máis importantes do século XXI acabado de comezar (algo moi importante se consideramos que el xa era un mito no século pasado).

Canto máis odio medra no peito de Sharon contra Arafat, o *rais* toma máis azos. O primeiro ministro hebreo decretou o seu asedio, sen agua nin luz, no cuartel xeral da ANP, en Ramala. Ao tempo que o enclaustraba nos tabiques furados polos obuses, acusábao de infundir nos palestinos a vontade de escachifarse cun cinto de bombas. "Debín matalo antes de prometerlle a Bush a salvagarda da súa vida", afirmou. "Só vai saír de Ramala para non volver endexamais", subliñou en repetidas veces.

O futuro de Arafat é unha incógnita que ten o mundo en vilo.

Pero o plano israelita para afastalo do poder palestino fracasou. O pobo árabe cinxiuno e fortaleceu a súa posición ao consideralo única voz representativa dos seus intereses. Volveron pintarse cartaces enormes co seu rostro cuberto polo eterno pano palestino e en calquera entrevista, o cámara non resiste a tentación de enfocar a súa pistola. "Denantes de deixarme coller, levántome unha tempa dun disparo e paso á historia como mártir", advertiu.

O mundo civilizado non o deixou só. Primeiro escritores de todo o mundo arroupárono co seu apoio. Máis tarde recibiu un nutrido grupo de pacifistas, moitos dos cales aínda permanecen xunta del, ao igual ca un indeterminado número de gardas persoais, cada vez menos, vítimas dos constantes avisos dos tanques que arrodean o edificio desde hai xa tres semanas.

É unha incógnita coñecer o futuro de Arafat. Pode ser que en breve acaben por matalo ou detelo. Sharon porfía con Washington para que, alomenos, lle permitan deportalo de por vida. Hai quen di que detrás da rabia do xeneral israelita subsisten vellos rancores dos tempos nos que el dirixía o exército que ocupaba o Líbano e Arafat lidaba diariamente cos múltiples atentados contra a súa vida. O *rais* confía na súa *baraka* (boa fortuna, para os árabes) e, recordando a súa intensa vida, seguro que atopa momentos nos que vivir aínda foi máis difícil e saíu sorrindo, malia todo.♦

Bush perde credibilidade

Parece claro que unha das bases da ofensiva de Sharon é a ollada cara a outro lado da Administración norteamericana. O presidente dos EE UU, George Bush, mantivo no asunto de Palestina un comportamento semellante ao do namorado debullando na margarida. Por unha banda, seguindo a súa maniquea doutrina do bo e o malo, apoiou as palabras do primeiro ministro israelita cando chamaba a Arafat de Ben Laden ou defendía o seu dereito á defensa de Israel. Incluso el acusouno de traizoar o seu pobo por non facer "todo o posíbel" por rematar co terrorismo. Pola contra, abafado polo grao enorme de violencia e as consecuencias que pode ter o esgazamento da esperanza de paz na zona para próximas aventuras militares dos EE UU, Bush tivo que apoiar as resolucións das Nacións Unidas para defender un futuro estado palestino. Decidiu que será o propio Colin Powel, o seu secretario de Estado, o que viaxe á zona a vindeira semana e obrigue a retirarse a Israel dos territorios autónomos.

Os xornais estadounidenses xa criticaron a asunción por parte da maior potencia do mundo da política local de Israel. Os argumentos que Bush usou para conquistar Afganistán e ameazar a Irak esfarélanse ao comprobar que fica calado cando un goberno amigo seu decreta o asasinato de máis de 30 persoas por día e o confinamento de todo un pobo. Hai que lembrar que o famoso mediador Anthony Zinni foi durante moito tempo comandante en xefe das forzas norteamericanas no Golfo Pérsico, un mal precedente para lexitimar diante dos árabes a súa tarefa.

Coa armadura estadounidense, Israel pode tratar con soberbia a UE. O xoves, 4 de abril, Simon Peres, ministro de Sharon, impediulles ao responsábel de Exteriores da Comisión Europea, Javier Solana e ao ministro de quenda da Unión, Josep Piqué, unha entrevista con Arafat. Incapaz de ter autonomía diplomática, os dous políticos quedaron libres de teren que pelexar polo fin das hostilidades.♦

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

Na Ferrolterra unha panadería vende ovos de pascua de chocolate, cun agasallo no interior: un boneco viquingo coa cara de Fraga e un anagrama do PP. ¿Será que aos *populares* lles comezan a fallar os métodos clásicos de **propaganda**?

R, xa saben: *teléfono, internet, televisión*, vén sendo unha compañía galega. Entre os seus directivos, que non pecan precisamente de esquerdistas ou bloqueiros, antes ben algúns respiran debaixo do saión de Escrivá, escoitáronse nos últimos tempos palabras duras contra a Xunta e tacos de gran calibre. Queixanse os de *R* de que nos corredores da Consellería campa a ***Telefónica*** e que mesmo as condicións dalgúns contratos parecen redactadas por directivos desta empresa e non por administradores públicos.

Aparece na portada de varios periódicos a fotografía dun palestino colgado polos pés. *Axustizado* por outros palestinos que o acusaron de traidor. É a imaxe máis **cruel** das publicadas. A penas

ANA PILLADO

Saramago ten voz (e papel)

FRANCISCO CASTRO

Saramago falou alto sobre o que sucede en Palestina. A súa voz traspasou o ruído mediático e fainos reflexionar sobre a importancia de reflexionar no marasmo das noticias e as imaxes repetidas.

Saramago ten voz. E papel. Sobre todo, é un escritor, e coñecémolo porque é un escritor. Coñéceno incluso os que non leron nin lerán xamais a Saramago e incluso os que non len nunca libros. E supoño que xa saben por que me refiro agora a el: Saramago chega a Oriente Medio formando parte dunha delegación de escritores (xente do papel, xente, suponse, con voz) e compara aos israelitas cos nazis, e móntanse unha boa. Déronlle aquí e alá. Xa el o sabía e ben pouco –supoño– lle preocupaba.

O que importa é que Saramago alzou a súa voz para dicir o seu pensamento. Non vou entrar agora en si estamos ou non de acordo co que dixo. A milagre para min é outra e é esta: no medio da sobrecarga de imaxes, de supostas informacións televisivas do conflito, no medio do balbordo, do ruído, da confusión mediática, Saramago abre a boca, dispara... e acerta no máis profundo de todos nós, obrigándonos a ler, e a reler, o que din os xornais que dixo e a reflexionar sobre o que dixo. O noso cerebro, ateigado ata a extenuación por esas imaxes que viaxan voando en estética de videoclip dunhas canles a outras, duns idiomas a outros, xa non era capaces de facer ningunha clase de reflexión intelixente sobre nada. ¿Quen pode de verdade a día de hoxe informarse cun mínimo de equilibrio, de serenidade, de quietude, sobre calquera cousa, sen tolear no medio de toda esta desorde mediática?

Por iso falo de milagre. As reflexións de Saramago, así como o que escribe, lémbrannos, ou deberían, algo que decote aprendemos a esquecer "marabillados" pola tecnoloxía de última hora: a superioridade do papel sobre a imaxe. A nosa cultura creou a imprenta, dándolle así soporte tecnolóxico á grafía, sen dúbida, a verdadeira ou a máis verdadeira das nosas esencias. Pero no pasado século, e no que vai deste, a prepotencia dos soportes relacionados coa imaxe, a intertextualidade, o código-máquina fixéronnos perder o que de pouco nos quedaba de racionalidade activa. Se vexo dez mil millóns de veces a mesma imaxe repetida en todas as canles, despois dun tempo, por moi crítico que pretenda ser, por moi atento e vixiante que queira estar para que non me manipulen, vai ser difícil que poida escapar do pensamento único, ou obrigatorio no que os donos das imaxes e dos medios que as emitan, pretendan que eu penetre. Por iso digo que o papel, o libro impreso, a revista ou o xornal (que recollen as declaracións de Saramago ou artigos coma este) é infinitamente superior ao bombardeo das imaxes, á repetición, coma espacios publicitarios, das mesmas consignas unha e outra vez cuspidas polos medios de comunicación visuais. O libro permítenos, ao facernos ler de vagar, indo ao noso ritmo, ao deixarnos volver atrás e así reflexionar sobre o lido, chegar a cumios moito máis elevados de realidade e de verdade –e ata escribiría que de liberdade– dos que a televisión ou a internet van deixarnos nunca. Ante un texto escrito aínda somos ceibos. Diante da imaxe, nunca. Hai alguén que decide a imaxe por min, hai alguén que fai a montaxe para min, hai alguén que repite en todas partes iguais esas imaxes para min. Hai alguén que, despois de poñerme as imaxes, mete vintecinco anuncios seguidos e detrás outras informacións sen deixarme aínda tempo a dixerir as primeiras.

Por iso celebro a Saramago. Que di cousas. Porque ten voz e ten papel de escritor. E escribe. E di. Non só o de Palestina-Israel, senón cousas moito máis interesantes como, a finais de Marzo, en Madrid, cando na clausura do primeiro congreso sobre Blas de Otero, recomendou aos políticos ler aos poetas porque emanan mensaxes de paz. Díxoo referíndose ao País Vasco. E falou de paz e recomendou a lectura dos libros. Para min, todo isto é unha milagre de papel e de voces ceibes. Por iso seguirei preferindo a lectura pausada, por exemplo, dun artigo de Saramago sobre o conflicto en Oriente Próximo, que as reportaxes ruidosas e confusas da CNN e de todos os que as repiten sen cambiar, con perdón, que na tele non hai, nin un punto nin unha coma.♦

Cartas

O terrorismo pesqueiro e o futuro do mar

Hoxendía non é negocio traballar na pesca de baixura ou litoral. Nalgúns pósitos manteñen uns ingresos respetabeis gracias ás épocas do marisqueo, principalmente as embarcacións que se adican á colleita de ameixa, percebe, nécoras ou centolos, por exemplo. Hai artes e oficios na pesca de baixura a piques de desaparecer coma o cerco, arrastre ou o palangue de litoral nos portos pesqueiros. En Euskadi e Catalunya, dende hai moitos anos, hai auténticos pobos mariñeiros pantasmas a causa da crise pesqueira. Hoxendía tratan de subsistir do turismo aínda que os habitan maioritarimaente xente de edade e xubilados que viven a costa das prestacións públicas.

O mar é unha fonte de riqueza limitada –non se pode esquecer. A pesares diso, moitos mariñeiros e armadores irresponsábeis, continúan masacrando o presente pesqueiro, hiopotecando o futuro coa práctica irresponsábel do furtivismo. A principios do século pasado tivo un auxe importante a pesca con explosivos, principalmente para a colleita do xurel, sardiña ou bocarte. En Galicia moitos portos das provincias de Pontevedra e A Coruña foron pioneiros. Na década dos sesenta voltou a coller importancia este tipo de pesca ilegal, a pesar de que estaba catalogado como delito para os mariñeiros e armadores das embarcacións. Parece que aínda hoxe continúa esta pesca peculiar, por parte dalgunhas embarcacións de portos galegos. As confrarías de Aguiño, Riveira, Cambados, Portonovo, Portosín, Sada e outras loitaron por acabar con estas practicas para preservar a saúde futura do mar. É difícil, pois foron moitos anos de uso do terrorismo pesqueiro, lanzando cargas de profundidade e aniquilando todo tipo de especies a centos de metros arredor de donde se deixaban caer os cartuchos de dinamita.

O terrorismo pesqueiro é as practicas furtivas perxudican o futuro do mar. Os mariñeiros de Aguiño é Riveira son conscentes e foron quen de paralizar a flota artesanal, nos anos setenta, para instar máis control por parte da administración pesqueira. Os mariñeiros de Portosín foron máis alá e denuncian as embarcacións que continúan empregando "goma dous". Os responsábeis pesqueiros de Sada estiveron en todos os foros achegando a sensibilización dos perxuicios deste peculiar furtivismo ecolóxico. Serviu para que as autoridades tomasen definitivamente cartas no asunto. A merma considerábel do volumen de peixe, a morte dalgúns mariñeiros a causa da manipulación e posterior explosión da dinamita, así como a perda de mans ou dedos, dos mariñeiros e patróns que se encargaban de lanzar ao mar as cargas de profundidade deberían servirnos de exemplo do que non se debe facer.♦

XOSE MANUEL PENA
(RIBEIRA)

Sempre galego

Eu, galego, teño a certeira e triste impresión de que teño os días contados. Eu, galego, amante de pobos e culturas. Eu, galego, crente e convencido de que as fronteiras (para os que me queiran entender) son sanas e necesa-

¿Ata cando Matamouros?

A. NOGUEIRA

Aínda cos ecos da nena que non se podia escolrizar por levar o ano na cabeza, ¿alguén pode pensar nunha educación multicultural cos tópicos antiárabes que permanecen nos programas?

Dende a Mahía rosaliana nestes días claros sen brétema no Sar, óllanse, sobre a liña do horizonte, as torres compostelán. Destacan sin competencia na lonxanía, nunha pequena milagre sobre o "feismo" clónico e xemeo que escomenza a molestar. Polas mañáns o nídio disco solar nas lombas cara o Pico Sagro fai lembrar a cerimonia que tiña (¿ten?) lugar á porta da Mezquita Imperial de Isfahán, descrita por Loti en 1900, na que unha orquestra de monstruosos tambores e trombetas saudaba, zoroástricamente, ao sol de Persia no orto e ocaso, cerimonia varias veces milenaria, obviamente anterior ao Islam.

"Pero na paisaxe –Castelao– hai máis". Hai persoas e acontecementos, próximos ou lonxanos, reais ou virtuais. En febreiro de 2002 ocorren cousas e acontece en Compostela. Ocorre que andaron os medios alporizados polo feito de que unha rapaciña da ESO, filla dun (pobre) emigrante magrebí, poidera asistir a clase cuberta cun pano. Aconteceu, ao mesmo tempo, que os donos dos establecementos do casco vello de Compostela andaron tamén un tanto alporizados porque varios miles de policías abstemios (léase de servicio) pecharon esa parte da cidade a cal e canto varios días, debido á reunión dos ministros de xusticia e interior da CEE, que falan e deciden de seguridade e immigración.

Sobre o vello esceario compostelán semellou reproducirse o pasado e o presente, o próximo e o lonxano: onte os inventores do foráneo matamouros, símbolo da intransixencia relixiosa dos gobernantes da medieval Marca Hispánica, creado lonxe da Galicia pacífica e traballadora; hoxe os novos ministros citados no mesmo solar. Fora do círculo de tiza policial a xente normal, cristianos e mouros de sempre, inseguros e desprotexidos, xuntos só na escola pública. Finalmente, o 18 de febreiro, logo de varias reválidas retransmitidas e televisadas da supina ignorancia xeral e ministral sobre a vestimenta e costumes dos "tradicionais amigos árabes", a alumna de orixe magrebí de tan ilustre apelido (será posíbel que ninguén se fixara?), asistirá por decreto ás clases nun centro público cubrindo a cabeza co pano, pechando deste xeito espectacular de ordeno e mando un debate de máis calado, o de certos contidos polémicos que permanecen inamovíbeis na maioría dos libros de texto de historia de España actuais.

> '¿Quén podería levar o alumnado de orixe magrebí a unha edición de "Galicia no tempo"?

Porque sorprende, que o único conflito que suscitou interese nos medios, veña polo tema do pano e non polos moitos outros que agroman nas clases ás que asisten hoxe alumnos e alumnas de relixión non católica ou culturas diferentes da nosa. Porque se de prendas fora o asunto, qué non podería escribirse, radiarse e televisarse sobre o tamaño e forma da vestimenta do alumnado, viseras, pinturas, tatuaxes, cristas, bufandas, aneis varios e variadamente colocados con perforacións mesmo perigosas para a súa integridade e, en xeral, todo aquelo que impón e manda a nosa santa nai publicidade. ¿Acaso ningún profesor e profesora ata o día detectou outros problemas á hora de preparar e impartir temas como, a reconquista, a expulsión dos mouriscos, a conquista de América, a escravitude, o colonialismo, a guerra do Rif, etc, etc, contando na aula con alumnado de pais africanos, americanos ou asiáticos? Ogallá este caso axude a facer caer o pano que mantemos diante dos ollos, que nos impide ollar a realidade, o interese e a curiosidade.

Quede para outro día a pedagoxía que imparten a plena luz da cotidianidade todas esas estatuas do ecuestre cabaleiro coa espada na man que presiden prazas, fontes e fachadas. Se un día se lograra convencer a un non cristián e entrara nalgunha das nosas igrexas fuxiría arrepiada diante do sangue recén restaurado que pinga das gorxas dos mahometanos. ¿Quén, por exemplo, podería levar ao alumnado de orixe magrebí a unha edición similar á de "Galicia no tempo"?

Non se trata da renuncia imposíbel da historia, senón da superación. Porque o problema vaise presentar xa e a seriedade obriga a tratalo a tempo.♦

Garrincha



Correo electrónico: info@anosaterra.com

rias. Eu, galego, síntome mal, incómodo, un estraño no meu propio pobo, alguén totalmente alleo da miña xente. E o raro son eu (galego) por crer que a diversidade non é pecado, e por crer que a miña cultura tamén serve e porque desexo que todos os que veñan poidan ver algo distinto e de aí aprender, como a min me gusta facer, saír e enchouparme doutras historias.

É fermoso chegar a calquera lugar e atoparte con que un simple saúdo é diferente, un ola e un adeus tamén, e un que che vaia ben tamén.

Pero non vai ser así. Dentro de pouco todos iguais. E para os dirixentes ilustrados isto é mellorar. Todos no mesmo rabaño, todos en ringleira.

Por esta miña maneira de sentir "acúsaseme" de nacionalista e se ser nacionalista é ser así, eu son o primeiro en levantar a man en declararme nacionalista do mundo, porque así me sinto.♦

MANUEL IGLESIAS NANÍN
(O CARBALLIÑO)

Os informes

Cando calquera cidadán lee un dos moitos informes que a miúdo saen publicados na prensa, entralle polo corpo algo dificil de explicar, e non é estraño, pois para asimilar algúns destes cumpre ter como se acostuma a dicir, un estómago coma o de un cabalo. Nun destes informes di que Galiza seguiu rexistrando a cantidade máis alta de parados, o que non é moi estraño pois xa no transcurso do ano nos mantemos nos postos altos da táboa. Pero non hai problema xa que aquí está todo controlado, e así o entende o instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que destinou un total de 74.000 millóns para axudas de empresas, deste diñeiro un bo feixe a fondo perdido, e todo este montante para crear 1.744 empregos, dos cales resultou que en Galiza no pasado ano de cada cen empregos só foron fixos oito. Isto non o digo eu é a realidade do país. Gustaríame saber cantos millóns vale un posto de traballo fixo en Galiza.

Recentemente coñecemos un informe bastante máis preocupante para os que vivimos en Pontevedra. Di que as familias desta provincia son as que máis problemas teñen economicamente para chegar a final de mes, deducindo que vivimos gracias as tarxetas de crédito, ou sexa, empeñados dun mes para outro. O último sitúa os galegos como os primeiros en que nas súas casas se come máis marisco ca no resto do estado, segundo os datos aportados pola Fundación Semana Verde. Digo eu que en Pontevedra debe ser onde máis marisco se come, de aí que non cheguemos a fin de mes en condicións. Non sei si estes informes son creibles ou si lle falta letra pequena, pois aqui escoitamos os nosos gobernantes e certos problemas en Galiza non existen, ou se camuflan de tal maneira, que a realidade semella outra. Peor aínda a TVG xa que esta canle do único que nos informa é das moitas festas gastronómicas que hai en Galiza, e moito fútbol para destruir as cheas.♦

LUÍS CHAPELA BERMÚDEZ
(MOAÑA)

se ven en cambio as imaxes dos matachíns israelitas en plena faena.

Ao ministro Pio Cabanillas gústalle o rock inglés dos setenta. Milagros Calvo, primeira muller maxistrada do Tribunal Supremo e máis conservadora que a pedra pómez, confésase admiradora de David Bowie. É o momento de pasarse á música latina, á música afro ou ao folclore das illas Tuamotu.

Carlos Príncipe, concelleiro vigués, sae nos papeis abrazando o conselleiro Pérez Varela. Non é fortuíto. Transparentan intimidade, intercámbianse o recendo do sobaco. Príncipe é amigo de abrazar os votantes coma se fosen fillos ou unha amante de fin de semana da que se garda bo recordo. No seu partido hai militantes que levan panos de papel no bolso só por se se **encontran** con el.

Xa hai 78.190 aspirantes a participar na vindeira edición de *Operación Triunfo*, un 0,2% escaso do censo. En Galiza son máis de 3.000 as solicitudes presentadas, é dicir algo máis do 0,1% da poboación. E iso que non se apuntou Carmiña **Burana**.♦

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

EN POLEIRO ALLEO

Arnaldo Otegi, líder de Batasuna. Arafat, presidente da ANP, e o rei Juan Carlos I.

*¿Caben os de **Batasuna** nos **cárceres** existentes?*

Carlos **Carnicero** opina, nun comentario de axencia (3 de abril) sobre a ilegalización de HB. "Coincido co PNV –recoñece–, aínda que me chamen ´obsceno`, en que a ilegalización vai dar osíxeno a Batasuna ou ao nacionalismo radical. Toda a súa ideoloxía ten un compoñente emocional no que a ensoñación de estar perseguidos é un móbil útil que alimenta a súa dinámica política e xustifica as súas accións. Agora ímolos perseguir. Ímoslle dar pola vea do gusto. E iso, a corto, págase, non sendo que exista unha formulación política que lle dea unha resposta directa e exemplar. O mellor que nos pode pasar a todos é que a forza electoral que Batasuna non poda desenvolver a partir da súa ilegalización se pase ao **PNV**. Pero dame a impresión de que José María **Aznar** non está nesa opción. O que sería unha catástrofe é que os douscentos mil votantes de Batasuna se pasaran directamente a **ETA**. Non temos cárceres para tanta xente.♦

***Israel** apoia os **islamistas** palestinos*

Ignacio **Ramonet** lembra (*La Voz de Galicia*, 3 de abril) unha conversa que mantivo con **Arafat** hai poucos meses. O líder palestino fala dos atentados terroristas contra civís en Israel:

"Condenei mil veces eses atentados. Todos saben, e as autoridades israelitas mellor que ninguén, que eses atentados son cometidos por grupos islamistas que son os meus adversarios e que as autoridades israelitas protexeron e alentaron contra min durante moito tempo.

Observen que o exército de Israel atacou e destruíu case todas as nosas instalacións, ministerios, radio e **televisión**, cuarteis, comisarías, cárceres, etc. Mentres que deixou intactos os edificios e centros de reunións da maioría dos grupos islamistas que reivindican os atentados suicidas que máis vítimas causan en Israel.

A min pídenme que combata eses grupos pero retíranme todos os medios para facelo".♦

*Unha **francesa** que di ser filla do **Rei** pide exame de **ADN***

A axencia *France Presse*, nun despacho datado en Bordeaux, informa de que a francesa **Marie-José de La Ruelle**, de 47 anos, que di ser filla lexítima de **María Gabriela de Saboya** e do rei **Juan Carlos de España**, pediu hoxe [polo 2 de abril] ao tribunal de Bordeaux (oeste de Francia) que faga un exame xenético para comprobar a súa afirmación.

Despois de media hora de audiencia a porta pechada, o tribunal entrou en deliberación e pronunciará o día 28 de maio a súa decisión sobre a realización do exame para verificar se a requerente é filla de María Gabriela de Saboya, que vive actualmente en Suíza.

"Quero que prevaleza a verdade e non quero continuar vivindo cunha identidade falsa", declarou durante a audiencia Marié-José, divorciada e nai de cinco fillos.

Dominique Rémy, o seu avogado, afirmou que quere "unha comprobación de maternidade", que pode ser realizada atá 30 anos despois da maioría de idade da requerente, en canto a comprobación da paternidade límitase a dous anos despois desta maioría.♦

Imaxe dunha anterior asambleado BNG.

A participación nas asembleas do BNG menos numerosa do agardado

A.E.

A Permanente do BNG puxo sobre da mesa, o pasado día 1, case medio cento de nomes para formar a Executiva Nacional. Será o próximo día 8 cando, nunha nova reunión, se elabore a proposta de 13 membros que deberá ser elexida na Asemblea a celebrar o 28 deste mes na Coruña. Fontes nacionalistas afirman que "existe boa disposición para acadar o consenso".

O próximo Consello Nacional do BNG servirá para medir o clima da organización. Nel discutiranse as máis de 300 emendas ás ponencias oficiais realizadas polas asembleas de comarca. Estas asembleas, surprendentemente dado o clima de confrontación que se agoiraba, foron menos numerosas e con menos debate que as celebradas despois das eleccións autonómicas, segundo pudo saber *A Nosa Terra*.

Distintas persoas da dirección nacionalista resaltan a existencia dun "novo clima de diálogo" que permitiría unha lista de consenso.

O "cese de hostilidades", como califica algún voceiro a situación vivida nas últimas semanas, viría propiciado por algúns acordos previos. O principal sería o de que na Asemblea Nacional se aprobe unha resolución na que se recolla que, a metade da próxima lexislatura, o BNG convocará unha nova Asemblea ou Conferencia Nacional para designar o candidato ás próximas autonómicas. Deste xeito, non se cuestiona a figura de Xosé M. Beiras como candidato (como defenden EN, UG e CS) pero o relevo queda aberto e deixa de ser tabú (posición defendida por UPG e grupos independentes).

Aínda así, continúa aberta a posibilidade de que se apresenten dúas listas para a executiva. Fontes da UPG afirman que apostan por "unha lista de integración". Esta opción, segundo a UPG, pasaría por un "proxecto de mínimos e porque todos os demáis sectores mostren o mesmo talante unitario".

Funciona o acordo ideolóxico

Todo indica que a UPG está disposta a ceder nas persoas se vai adiante a súa aposta de facer da Executiva Nacional un organismo operativo, "no que se perciba o cambio que demanda a sociedade". "Aínda que –recoñecen– non poda ser máis que unha Executiva de transición cara cambios de métodos de traballo máis profundos".

Aínda que o acordo para a elección da Executiva sexa posíbel, semella que os distintos colectivos manterán a tensión no debate ata a asemblea que se celebrará os días 27 e 28. Tanto é así que EN e UG da Mariña luguesa teñen previsto fletar autobuses conxuntos para acudir á Coruña. Estas dúas organizacións realizaron tamén actos conxuntos en Muros-Noia a fin de tomar unha postura común antes do cónclave nacionalista. A UPG, pola súa parte, tratará non só de conseguir a presencia de todos os seus afiliados na Coruña, senón tamén da maioría dos non adscritos a ningunha corrente.

O que si parece ter funcionado é o acordo sobre a ponencia política. Así, entre as máis de trescentas emendas aprobadas nas distintas comarcas moi poucas son as que tocan aspectos de relevancia. Entre as de maior calado político, as máis repetidas son as que cuestionan as referencias ao papel do Estatuto de Autonomía ou a Galiza como "nacionalidade histórica". Tanto nas comarcas do Condado como nas de Muros-Noia foron aprobadas emendas nas que se demanda a supresión da figura do Coordenador da Executiva ou se avoga porque o BNG deixe de ser unha fronte e se convirta nun partido.♦

A pascua de Prisciliano

FRANCISCO CARBALLO

O asceta Prisciliano foi condenado á pena capital por Máximo, pretendente a Emperador, en Trier, 385. A sentencia botou man das leis contra o maleficio ou maxia negra, pero detrás estaba o impulso dos bispos Hidacio de Mérida e Itacio de Ossunoba. Houbo "martiroloxios" nos que aparece como mártir á beira de Latroniano compañeiro seu na decapitación. É posíbel que as cinzas destes dous ascetas e intelectuais estexan na catedral de Santiago e é segura a veneración que recibiron na Igrexa da Gallaecia nos séculos IV-VI. Mais os historiadores do S. XIX foron crueis con Prisciliano e este aínda non recuperou o posto merecido pola súa actuación.

A persecucción de Prisciliano comezou no concilio de Zaragoza, 380. Unha das acusacións das que eran vítima estes ascetas consistiu na forma de celebrar as festividades dominicais do Advento, que daquela terminaba o 6 de xaneiro. Os domingos eles xexuaban. A pascua era a máxima celebración en recollemento e loubanza de Cristo. Mais nas igrexas do Imperio comezaban xa estas celebracións a mundanizarse.

Prisciliano é un dos ascetas que se instalaban na corrente cristiá de orixe siríaco: por rigor moral, crítica da mundanización, oposición ao poder. Á vez intentaba inculturarse na Gallaecia de fonda tradición cultural céltica e dunha latinización propia, diferente da central do Imperio Romano. A liña inculturadora de Prisciliano contradecía á pastoral de alianza co poder dos centros cristiáns da Bética e Lusitania, era paralela á do concilio de Nicea, 325. O espiscopado da Lusitania estaba dividido en relación á actividade de Prisciliano; o da Gallaecia éralle en xeral favorábel. A influencia do priscilianismo na Gallaecia foi grande até o s. VI. Logo os concilios de Braga baixo a dirección de San Martiño de Dume varreron o priscilianismo.

Boa falta nos fai hoxe Prisciliano: rigor, sentido da trascendencia, crítica do poder, intento de formulación do cristianismo nos moldes do saber actual. Nesta pascua, 2002, lembremos a Prisciliano: tiña saudade de Deus e camiñaba entre "doutrinarios" intolerantes. Son correctas as biografías que lle dedicaron H. Chadwick e Chao Rego, aptas para reivindicar a súa memoria.♦

Barro e Docampo favoritos como rectores en Santiago e Vigo

P. BERGANTIÑOS / H. VIXANDE

Mentres na Coruña non están definidas as datas, nas universidades de Vigo e de Compostela comezou o proceso electoral para designar novos rectores e elixir uns claustros que elaboren novos estatutos. A continuidade marca esta etapa de transición.



O rector de Santiago, Darío Villanueva, non se presenta á reelección, mentres que o de Vigo, Domingos Docampo, si.

O catedrático Senén Barro representará nas próximas eleccións a rector na Universidade de Santiago a continuidade a Darío Villanueva, que abandona o cargo. Pola súa candidatura fará campaña o profesorado afín ao PSOE e ao PP, que se agrupa na *Plataforma Universitaria Progresista* (PUP) e na *Converxencia Democrática*, respectivamente. Como alternativa preséntase, Xosé Manuel Sabucedo, candidato "independente" que aspira a aglutinar a oposición á actual equipa pero que non dispón da confianza unánime dos nacionalistas.

Os apoios máis significados cos que conta Sabucedo atópanse no profesorado afín ao PSOE pero descontento coa PUP, a plataforma de Senén Barro. Con Sabucedo tamén están o ex-rector Ramón Villares e profesorado de *Unidade Galega* e independentes que se organizan en *Universidade Aberta*. Pero Sabucedo, que foi decano en Psicoloxía, non conseguiu o apoio do BNG e non contará co respaldo doutro profesorado que pulaba pola presentación dun candidato nacionalista.

Sabucedo non ten asegurado o apoio das organizacións estudiantís críticas co anterior rectorado. O dos CAF, por exemplo, importante máis desde un punto de vista simbólico que electoral, semella que non o vai a ter doado. "O único que podo dicir polo momento é que non vemos unha alternativa clara, nacionalista e acorde coas nosas posicións", adianta o seu responsábel de campus, Xosé Emilio Vicente. Desde a candidatura nacionalista dos PAS, *A Trabe* anúncianse tamén "decisión tardías". Aseguran que van a negociar o seu programa cos dous catedráticos, apuntan que Sabucedo ten máis posibilidades, pero aclaran que nin sequera está claro que pidan o voto por algún.

Docampo en Vigo

As eleccións na Universidade de Vigo están aínda máis marcadas pola continuidade porque a oposición non foi quen de organizar unha alternativa ao actual equipo de goberno encabezado por Domingos Docampo.

A oposición na Universidade de Vigo está composta fundamentalmente por dous grupos: A Plataforma do Colexio Universitario de Vigo (PCUVI) e Renovación Universitaria, de Xosé Tojo e Eusebio Corvacho respectivamente. Nunha tentativa para desaloxar a Docampo do Rectorado, nos últimos meses a PCUVI lanzara a candidatura a rector do socialista Abel Caballero, pero este decidiu non concorrer porque hai só un ano que ten dedicación exclusiva e non se sinte asentado na institución.

A candidatura de Caballero constituía unha opción pouco clara. Mesmo o anuncio colleu sorprendida a parte da oposición, polo que detrás da candidatura do socialista podería haber un intento de descabezar á PCUVI. En todo caso, Abel Caballero renunciou pero conseguiu poñerse en primeiro plano da actualidade política nun momento no que no seu partido, o PSOE, andan á procura de candidato á alcaldía de Vigo.

Tras o paso atrás de Caballero, nin Renovación Universitaria nin o PCUVI contan cun candidato solvente. Corvacho a penas ten apoios e Xosé Tojo tería difícil a súa elección porque sería un substituto de última hora. Así, ao PCUVI só lle quedaría a opción de botar man do único candidato con posibilidades; trátase do secretario xeral da Universidade co anterior equipo de Goberno, Xosé Legido, un home con prestixio, pero que non quere concorrer.

Condicionamentos da LOU

A Lei de Ordenación Universitaria marca e condiciona todo o proceso de eleccións que antes de xuño vai vivir a Universidade galega. A constitución de novos claustros e elección directa dos novos rectores ten data nos casos vigués e compostelán. E Vigo as votacións tanto para rector como para o Claustro terán lugar o cinco de maio –a segunda volta para a elección de rector será o quince de maio en caso de non alcanzar a maioría suficiente. En Santiago, a votación de Claustro e rector será o 21 de maio e a segunda volta para elixir rector o 28 de maio. Na Coruña, sen embargo, os prazos aínda non están fixados.

Os novos claustros redactarán uns novos estatutos no prazo de nove meses, aínda que a LOU rebaixa considerabelmente as competencias dos claustros e establece un réxime de goberno de carácter máis presidencialista na universidade. Serán o rector e a Xunta de Goberno quen dirixan a institución a partir de agora.

O novo modelo presidencialista tamén podería quedar condicionado por un proxecto de Lei do Consello Social da Xunta de Galiza, que pretende que sexa esta institución, cos representantes políticos designados polo Parlamento, quen goberne a universidade. Aínda que o proxecto da Xunta xa levou algúns paos, atribúe amplas competencias ao Consello, entre as que estarían ata cuestións puramente académicas como establecer o calendario.♦

As horas baixas de Meilán

O rector da Universidade da Coruña indicou que con toda probabilidade o proceso de elección de claustro constituínte abrirase tras a reunión da Xunta de Goberno da Universidade que se celebrará ao longo do mes de abril. Xosé Luís Meilán Gil está a esgotar os prazos co fin de pilotar un proceso que pretende concluír en xuño de 2003 coa elección dun novo rector, xa que se xubila nese momento.

A Lei de Ordenación Universitaria aprobada en xaneiro daba un prazo de seis meses para constituír uns claustros nos que se aprobarían uns novos estatutos en nove meses. Neses estatutos débese indicar se o rector pode continuar no cargo ou se hai que proceder á súa elección. Como Meilán cumpre setenta anos en xuño, se apura os prazos, non ten que presentarse á renovación e pode facer coincidir a súa marcha coa elección do novo rector.

Para Meilán, a LOU xoga en contra súa porque establece un límite de representación que non lle convén. Aínda que é a actual Xunta de Goberno quen debe decidir as porcentaxes de representación no claustro e a ponderación do voto na elección directa de rector, a lei reserva un 51% dos representantes e dos votos ponderados ao profesorado funcionario doutor, precisamente onde Meilán conta con menos apoio por ser o sector menos dependente do rectorado, ao estar composto por docentes con praza fixa.

Na Universidade coruñesa, como no resto, o próximo ano constitúe unha etapa de transición, aínda que neste caso unha sucesión de escándalos internos podería marcar o fin dunha etapa, non só porque o novo reparto de representacións establece unha correlación de forzas distinta, senón porque foi desde o contorno de Meilán desde onde se destaparon os escándalos, o que indicaría que se acelera o proceso de descomposición.

Tanto o vicerrector de Asuntos Económicos, Xoán Xesús Fernández Caínzos, como o de Organización Docente, Alexandre Pazos, enfróntanse a críticas por irregularidades na súa xestión. Segundo informacións oficiosas o primeiro deles tería presentado a súa dimisión despois de coñecerse as incompatibilidades na subministración de material que a súa empresa *"El Roble"* fixo á Universidade, circunstancia que tamén afectou ao líder do PP no concello coruñés, Antonio Erias, que se desvencellou da empresa. No segundo caso, o de Alexandre Pazos, o Consello de Contas denunciou a manipulación de documentación por parte deste último para permitir a contratación da súa muller.♦

Estan situadas nun edificio de Telefónica a seis metros do colexio público

A veciñanza de Foz consigue a clausura de 17 antenas de telefonía móbil

P.B.

Despois de tres anos de protestas, o alcalde de Foz, Xosé García Rivera (PSOE) comprometeuse a clausurar un parque con 17 antenas de telefonía móbil que están situadas nun edificio de Telefónica a seis metros do colexio público. Anunciouno nun pleno no que se enfrentaba a varias protestas veciñais e os afectados permanecen á espera de que cumpra a súa promesa.

A solicitude da retirada do parque de antenas de *Movistar e Moviline* partiu da Asociación de Nais e Pais (ANPA) do colexio público de Foz que temía pola saude dos escolares. O apoio da viciñanza a esta demanda aumentou a raiz dos casos de leucemia que apareceron no 2001, nun colexio de Valladolid cercado tamén por varias antenas de telefonía móbil. Pero o respaldo definitivo chegou no mes de febreiro cun ditame no que Valedor do Pobo insta ao alcalde a que con urxencia proceda a revisar a situación irregular das antenas. Sinala o Valedor, que estas carecen de licencia de actividade, ao tempo que chama a extremar as medidas de protección cos potenciais afectados.

Antes do Nadal, *Telefónica* tratou de negociar coa alcaldía a posibilidade de levantar 14 antenas e deixar tres, pero colocadas a unha altura máis baixa, unha solución que os pais non aceitaron. "Conseguían que non se viran, pero acercábanas máis aos rapaces", explica Marisé Rouco membro da ANPA, que narra tamén como comeza a oposición a estas antenas no ano 1998. "Daquela xa enviamos escritos ao concello e ao Goberno central no que pediamos a súa retirada. Sempre nos dixeron que non eran perigosas e que as súas emisións estaban por debaixo dos límites permitidos. O alcalde defendía a súa legalidade e até hai uns días mantivo que el non podía facer nada". Na actualidade a Mesa de Traballo contra as antenas tamén dispón dun informe xurídico no que se lle aclara ao goberno municipal que ten todas as competencias para determinar cal debe ser a ubicación e elaborar unha normativa.♦

PACO VILABARROS

As antenas de telefonía móbil están en cuestión desde que se temen os seus efectos nocivos

A Coruña

O comité de empresa de *Altadis* denuncia á Xunta e ao concello

MANUEL MONGE

A fábrica de tabacos está ser desmantelada a pasos forzaedos. Para Xullo de 2003 pode estar consumado o proceso. A Xunta crúzase de brazos e o concello podería romper a promesa de non recalificar os terreos valorados en 240,4 millóns de euros.

Os problemas actuais de Fábrica de Tabacos coruñesa veñen de atrás e teñen a súa orixe no proceso de privatización que acaba coa empresa nas mans da multinacional francesa Altadis. O PP saiu un alumno aventaxado e, aplicando a liña privatizadora de empresas públicas que iniciara o Goberno Central do PSOE, ingresou nos últimos cinco anos máis de 30.000 millóns de euros (5 billóns de pesetas) pola venda de 43 empresas públicas; pero isto aínda non rematou e outras 20 están en proceso de venda ata o 2003.

A factoría coruñesa dispón de maquinaria de alta tecnoloxía e é unha das que ten maior produtividade do grupo. O expediente de regulación de emprego que firmaron a nivel estatal CCOO e UGT, aprobado pola Dirección Xeral do Traballo do Ministerio o 30 de decembro de 2000, nunca debeu ser aprobado porque era o seu certificado de defunción. Contemplaba o peche para decembro de 2002, que podería prorrogarse ata o verán de 2003. A xunta nin siquera informou sobre este expedinte, como era a súa obriga, e podía impedir o peche se apreciaba indicios de fraude, coacción ou abuso de dereito.

Isto era o que se ofrecía ao persoal de A Coruña: Mobilidade xeográfica ou extinción de contrato cunha indemnización de 45 días por ano de antigüedade, para os menores de 53 anos. Prexubilacións voluntarias para os de 53-54 anos. Xubilación para os de 55 ou máis anos. Baixas voluntarias incentivadas e, por último, esperar pola creación de postos alternativos.

Mentras chega o día do peche, continúa o desmantelamento da empresa e xa se levaron maquinaria coa axuda das forzas antidisturbios. En maio outras máquinas serán trasladadas a Canarias e segue o chorreo continuado de traballadores, que teñen que emigrar a outras factorías da empresa. Antes do verán marcharán 20 mecánicos por falta de alternativas.

Ante esa situación, a presidenta do comité de empresa Elvira Alfonso, despois dunha reunión co conselleiro de Industria da Xunta e o concello de A Coruña, denuncia a actuación destas institucións por pactar con Altadis: "Ríronse de nós... minten cando din que Altadis cumpriu os compromisos fixados". Lembra o comité de empresa que a Xunta e o concello prometeran presionar á empresa tabaqueira para crear, polo menos, 300 postos de traballo, pero agora só ofrecen 55 ou 60 empregos en Sumtec (montaxe de aluminio, en Cerceda) e Cristalglass Vidrio Aislante. Estamos ante un autentico timo e burla continuada dos traballadores; en xullo do ano pasado Altadis adiantaba que estudiaba a creación dunha empresa textil para recolocar a 250 persoas, outras de papel de 25 empregos, unha industria meioambiental de 30 e outra de componentes metálicos que crearía 60 postos de traballo... Todo quedou en nada.

Manuel Villares, responsábel comarcal de CCOO considerou "impresentábel" a actitude do concello de A Coruña e da Xunta e lembraba que sempre se falou de restituír os postos industriais que se perdían (máis de 1.000, entre os directos e indirectos): "A oferta que fan non compensa a perda de tecido industrial na cidade e coamrca". Para UGT o que se ofrece non é a creación de novas empresas, senón a empliación de postos de traballo en fábricas que xa existen, cuns salarios e condicións de traballo moi inferiores ao que temos actualmente e, ademais, as persoas interesadas teñen que aportar dous millóns e medio de pestas.

Os sindicatos teñen agora serias dúbidas de que o Goberno Municipal do PSOE manteña o seu compromiso de non recalificar os terreos de Fábrica de Tabacos, valorados en 240,4 millóns de euros (40.000 millóns de pesetas). Dúbidas que comparto, coñecendo outras experiencias nas que o alcalde Vázquez cedeu ante a presión da especulación. ¿Quen lembrará que na Fábrica de Tabacos, vinculada durante 200 anos á historia da cidade, chegaron a traballar 6.000 mulleres?♦

Un debate sen voo

XOSÉ MANUEL SARILLE

O máis asombroso na polémica do BNG é ese culto á personalidade que apareceu nestes meses entre os dirixentes cercanos a Xosé Manuel Beiras. Unha fidelidade sen condicións, unha cuestión de fe, que como fe que é non admite condicións. Se alguén di que hai que cambiar a Beiras, contéstanlle que é intocábel, ¿e que sabe vosté, simples mortal, se non coñece os designios? ¿É vosté áugure, prognostica o destino?

Beiras está cuestionado como futuro líder, e os que abriron esa polémica deron argumentos; censuraron as posicións erráticas do portavoz, a equivocada táctica institucional, a improvisación que se cobre con grandes doses de intuición, as ausencias do parlamento; tamén valoraron a necesidade de buscar un novo líder para os novos tempos que represente unanimemente e dun xeito máis homologado á organización, etc. Expuxeron estes criterios dando pasos para reformar a fronte: Bautista Álvarez anunciou a súa retirada e apelaron a unha ampliación da representación democrática. No entanto foi a única demisión.

Contestar con que Beiras é imprescindíbel como se fixo ao comezo, ou con que Beiras e o Bloque xuntos son indisolúbeis (!?) como afirmou a portavoz municipal de Compostela, rebaixa o debate ás mínimas cotas e introdúcenos no túnel do tempo, nun ideario cruzado de dogmas. E non parece moi acertado a estas alturas atribuírlle a cerrazón política ao mundo da UPG. Desde outros partidos faise un canto ao xefe, e até o aprezado alcalde de Ferrol afirma que debe ser Beiras o que decida se é el mesmo o portavoz no 2005.

Manuel Mera deu argumentos para pedir a demisión do portavoz, espesos pero argumentos; Francisco Rodríguez debuxou unha posíbel transición para os dous próximos anos; outros buscaron máis razóns. Pensar libremente é unha conquista dos cidadáns adultos e un orgullo para calquer militante leal, por iso non é posíbel meterse agora a carboneiros e aceptar a predestinación.

Nesta columna díxose por primeira vez que Beiras é a principal figura galega da segunda metade do século XX; como é verdade, agrada escoitalo noutras voces, pero esa constatación non garante o funcionamento actual nin futuro. O portavoz debe cambiar.♦

Camilo Nogueira

'O BNG ten que buscar unha nova maioría social para convertirse en alternativa'

XAN CARBALLA

Camilo Nogueira analiza a situación do movemento antiglobalizador, fala do final do ciclo ultraliberal e do papel das nacións sen estado na futura constitución de Europa que comeza nestes meses os seus debates. En clave interna do BNG pronúnciase por iniciar un novo ciclo que busque para o nacionalismo unha nova maioría social.



PACO VILABARROS

Vostede ten estado consecutivamente en Porto Alegre e en Barcelona, dúas citas senlleiras do movimento antiglobalización. ¿Cal é o clima e que perspectivas lle ve?

Este movemento considera que outro mundo é posíbel e ten como factor moi positivo que é un movimento político e intelectual con participación dunha manchea de movimentos sociais que conseguiu difundir que non estamos sometidos á idea de que nada é posíbel fóra da ideoloxía ultraliberal, unha idea que mesmo foi asumida por certa esquerda europea. Participei nos dous encontros de Porto Alegre e hai que dicir tamén que sendo un éxito aínda non son movementos consolidados, pero vanse concretando idea sobre a necesidade dos servicios públicos, sobre o propio estado, sobre os efectos da presión do mercado ultraliberal sobre países que non resisten a competencia, a imposibilidade de que ese mercado rixa aspectos fundamentais da vida... Un exemplo: estadísticas recentes situaban o gasto en sanidade por habitante nos EE UU no doble que nos países europeos, pero a esperanza de vida nos EE UU está no posto 37 e a calidade da súa sanidade no 24. Iso é debido a que predominan os intereses privados frente a un modelo de sanidade na que esta se considera un ben fundamental non mercantilizábel. O movemento do "outro mundo é posíbel" frea esas ideas en certo sentido, tamén respecto á educación ou ás pensións. E tamén responde a unha realidade deste tempo: as forzas de esquerda no século XX situaban a transformación social na dialéctica clases traballadoras fronte á burguesía capitalista e o suxeito transformador estaba identificado coa clase obreira. O mundo cambiou, e iso aparece en Porto Alegre. Agora os motores transformadores son as aspirtacións nacionais, as reivindicacións das mulleres, as necesidades mediomabientais, a liberdade cultural fronte a formas imperialista, son por suposto as necesidades das clases traballadoras e a loita contra a probeza e iso conforma un suxeito colectivo, non contraditorio co anterior, pero que é novo e se proxecta nas sociedades. Se alguén quere transformar a realidade ten que contar con todos eses agrupamentos sociais.

¿O Intergrupo das Nacións sen Estado que vostede preside no parlamento europeo ten unha posición común sobre a Convención, sobre a elaboración dunha Constitución Europea?

Nós presentamos unhas teses constitucionais como Intergrupo e a través da Alianza Libre Europea que xunto cos Verdes formamos grupo parlamentario en Bruxelas. Na Convención correspóndennos dous deputados, a titular é austríaca e o suplente o nacionalista escocés Neil McCormick. Agora eu integreime na Comisión Constitucional do parlamento europeo e tiven ocasión de plantearlle varias cuestións ao presidente da Convención, Giscard D'Estaing, sobre o papel mundial da Unión Europea, a necesidade dunha reflexión política sobre o alargamento da UE e sobre a presencia das nacións sen estado na Europa da diversidade nacional.

¿Vai finalmente haber unha Constitución Europea?

Despois do fracaso do Tratado de Niza, no Parlamento Europeo eramos só cincuenta os deputados partidarios desa idea pero agora todo o mundo asume que ten que haber unha Constitución Europea, que ademais de asgurar institucións centrais democráticas respecte a diversidade nacional, recoñeza competencias nosas hoxe como comunidade autónoma e como nación no futuro. Aquí chocamos coa posición cerril do goberno español que espero sexan superadas. Nas emendas que vou presentar ao *informe Lamassoure* sobre a reparto de competencias da UE aos estados defendo que as nacións sen estado, e en xeral as entidades con competencias lexislativas (estados federados, laenders,...) teñan dereito a estar presentes en Europa. É unha batalla longa pero esta lexislatura demos un paso extraordinario, e nas teses constitucionais que nós propomos defendemos un alargamento interno, polo que as nacións políticas (Galiza, Cataluña, Escocia, Flandes,....) sexan recoñecidas como tales e nos interrogaremos porque Luxemburgo pode estar alí como estado con certos privilexios e Galiza non, por que Malta vai ter máis peso que Escocia ou Chipre que Cataluña.

¿Promoverá modificacións nas Constitucións dos estados integrantes?

De facto si, pero non. Segundo o autogoberno que academos en Galiza así se deberá recoller na Constitución europea, pero cada vez que dá un paso adiante a UE pon en cuestión os límites da soberanía dos estados. Temos o exemplo imediato do Euro, ou a mobilidade entre países ou a homologación de estudos. Todo iso afecta de facto ás constitucións dos estados, que aceptan compartir soberanía con Europa pero son usureiros coas nacións internas.

¿A situación de Palestina non deixa á vista unha enorme debilidade da política exterior de Europa?

Europa aínda non ten unha postura internacional común nin medios para poñela en marcha. O 11 de Setembro todos condenamos o ataque e no parlamento europeo dixemos que había que perseguir aos culpábeis sen provocar guerras e buscando solucións aos graves problemas do mundo. Pero a Gran Bretaña despegouse, como aliado fundamental dos EE UU, e xa todos actuaron pola súa conta. Mesmo así Europa ten máis voz política que hai dez anos. Esta mesma semana fixemos unha proposta para que se enviase una misión imediata do propio Parlamento a Palestina para protexer a Arafat e propiciar camiños de paz e se se fai procurarei estar nela.

Asamblea do BNG

Despois de varias semanas de tensións, semella que se acadou un certo consenso interno no BNG cara á asamblea que van celebrar este mes. ¿É así?

Coido que hai que facer algo de historia. As eleccións foron decepcionantes para nós pero xa non foran bós os resultados das xerais e das municipais, pese ao resultado nas cidades, porque esperabamos máis, de feito acadamos máis votos nas europeas que se facían simultaneamente. Nós queriamos acadar unha alternativa e non foi posíbel por diversas causas, desde identificacións perversas co terrorismo á deslealdade do PSOE nos concellos e durante a campaña. Ante os resultados houbo dúas reaccións: quen lamentaron perder 50.000 votos e os que sentiron non conseguir 200.000 votos máis para ser alternativa a Fraga. A batalla ideolóxica é sobre o que temos que facer, ben pensando en recuperar eses 50.000 votos ou tendo o horizonte de lograr 200.000 máis. Eu dixen que había que preparar o BNG, interna e externamente, para lograr a hexemonía por un proxecto de Galicia como nación, e para iso temos que buscar apoios na cidadanía para un proxecto nacional e histórico. Ese debate resolveuse aparentemente nas ponencias, que recolleu as aportacións de todos. Pero a continuación o debate deixou de ser político e centrouse en persoas, e ademais sobre escollas a facer dentro de catro anos. Creouse unha situación absurda e inxusta co noso Portavoz, porque todo o que sexa poñer en causa a quen encabeza a acción do BNG no Parlamento galego sería provocar o debilitamento. As cousas volveron ao seu rego e estase intentando que haxa unha candidatura unitaria, renovada e plural. Nunca falei de ningunha persoa, máis alá de defender ao noso Portavoz porque o necesita o BNG e el mesmo o merece.

¿Que cambios ten que facer o BNG para ser unha alternativa de poder?

Acabouse un ciclo político de agrupar os agredidos, que se fixo a través dunha confrontación directa co PP, que ten que seguir, e personalizada no enfrontamento entre Beiras e Fraga. Acumulamos unha forza preciosa do 25% do electorado que é a base que temos que agarimar e exaltar para avanzar. Agora temos que dirixirnos ao conxunto da sociedade para levantar un proxecto nacional e iso require outra forma de falarlle a esa sociedade. O BNG é hoxe propiedade e patrimonio da sociedade galega non dunha vangarda interna do Bloque, e ten que ser transparente. Iso significa acentuar o seu carácter unitario. Hai quen di que o que se produce é un enfrontamento entre autonomistas e non autonomistas, e iso é un absurdo, porque a autonomía é un momento político que hai que aproveitalo para superalo cara á soberanía nacional galega. Insensatamente mesmo se pretende porme a min como representante dese "autonomismo", cando eu presido o Intergrupo de Nacións sen Estado que defende en todos os foros europeos os dereitos nacionais. O debate é se facemos un proxecto para conquistar a maioría da sociedade ou queremos quedar só na resistencia.♦

Álvarez Cascos non aporta novidades na súa visita

O AVE entrará na Galiza a 120 Km/h

H. Vixande

Non hai proxectos nin presupostos reais para a rede de alta velocidade entre Galiza e a Meseta e, en canto á velocidade á que irán os trens, no treito máis longo, o que vai entre Ourense en Sanabria, esta non alcanzará os 140 quilómetros por hora e discorrerá por vía única.

Mapa oficial do AVE. Ministerio de Fomento

Que o treito máis longo (Ourense-Sanabria) sexa por vía única e a un máximo de 140 quilómetros por hora aboca ao tren de alta velocidade galego a entrar nun funil que fará imposíbel unha densidade de tránsito desexábel, xa que ou hai menos trens en cada dirección, ou os convois teñen que agardar en Ourense a que chegue o de Sanabria e viceversa.

O deseño que sobre o papel realizou o Ministerio de Fomento para o treito de saída do AVE de Galiza pon de manifesto que o departamento que dirixe Francisco Álvarez Cascos renuncia a que sexa competitivo. Tan só unha comparación dos obxectivos que o Ministerio ten marcados oficialmente para cubrir as distintas distancias do AVE descubre a discriminación á que se somete á Galiza. Por exemplo, para localidades periféricas separadas de Madrid por distancias parecidas ás galegas, os obxectivos son os seguintes: Málaga, 2h. 25 min.; Barcelona 2h. 25 min.; Murcia, 1h. 55 min.; Donosti, 2h. 15 min.; Oviedo, 3h. e Pamplona, 2h. 15 min. Sen embargo, o AVE tardará 2h. 47 min. en chegar a Ourense; 3h. 40min. en chegar á Coruña e 4h. en chegar a Vigo. Desta forma, un coruñés que vaia a Madrid empregará o mesmo tempo que precise un cordobés en chegar a Barcelona, vía Madrid, aínda que a distancia sexa case o dobre.

Un AVE tan lento como o galego non detraerá pasaxeiros ao avión. Está estipulado que esta circunstancia só se produce cando o tempo empregado é menor ás tres horas, algo que só acontece, sobre o papel, no caso de Ourense.

Cálculo falaz

Tanto o BNG como o PSOE denunciaron que "Álvarez Cascos inventa velocidades cando fala do AVE galego", sobre todo porque aínda non hai proxectos ou non están expostos. Porén, Cascos asegura que o tren investirá 3h. 40 min. en cubrir a distancia da Coruña e Madrid, pero para iso atribúe unha capacidade da vía entre Ourense e Compostela de 300 quilómetros por hora, aínda que nun percorrido tan curto o convoi a penas alcance esas cotas. Deste xeito, a estimación de velocidades altas en treitos curtos permite elevar a media total da vía, aínda que sexa a través dun cálculo falaz.

A análise dos datos de tempos que ten como obxectivo o AVE galego descubre que o tren non só irá lento entre Ourense e Sanabria, senón tamén nos treitos no interior de Galiza e mesmo entre Compostela e Ourense, o único tramo cunha velocidade declarada de 300 quilómetros por hora. Así, para ir desde Ourense á Coruña empregaranse, segundo Fomento, 53 minutos, a unha media de menos de 190 quilómetros por hora, cando para unha distancia similar no AVE catalán, entre Lleida e Barcelona, o tempo previsto é de 30 minutos.

Outra cuestión son os prazos de construcción. O 11 de outubro de 1986 o Goberno central decidiu construír o AVE entre Madrid e Sevilla; inauguraron cinco anos e medio despois, o 14 de abril de 1992. Sen embargo, os prazos para Galiza non están fixados. O conselleiro Xosé Cuíña falou dun "horizonte" do 2008 ou o 2010, consciente de que ademais podería prolongarse. O portavoz do PSdeG-PSOE, Emilio Pérez Touriño, reclamou que se asine un documento entre a Xunta e Fomento como o que rexeu para a construcción das autovías que el mesmo impulsou, aínda que foi el o primeiro en incumprilo.

Ademais, o mapa da alta velocidade no Estado español é confuso e non coincide coas redes europeas. En realidade, é máis a maquillaxe da modernización xeral do ferrocarril e a súa electrificación, ao que se engaden as liñas de alta velocidade. A auténtica rede do AVE é a andaluza (Sevilla e Málaga), a de Barcelona, a valencia, a conexión de Valencia e Barcelona, a liña ata Badaxoz e Portugal e o Y vasco. Nese panorama, todo o occidente peninsular queda relegado, é máis, no caso portugués, o deseño español obriga a Lisboa a conectarse con Madrid vía Badaxoz en lugar de facelo máis ao norte e facilitar a estructuración de todo o Eixo Atlántico, incluída Galiza.♦

Fraga garante a alta velocidade entre Vigo e Ourense

Nos proxectos iniciais do ferrocarril de alta velocidade para Galiza non figuraba ningún estudio informativo sobre o trazado do AVE entre Vigo e Ourense –si había unha reforma das vías, pero con ancho español– e a discriminación da cidade atlántica mobilizou a amplos sectores sociais vigueses.

Ante as críticas formuladas tanto desde a alcaldía como desde sectores empresariais, o presidente Manuel Fraga deulle garantías a estes últimos de que se realizará un estudio informativo do tren de alta velocidade desde Vigo a Ourense, que este figurará nos plans do Ministerio de Fomento e que tamén se incluirá a conexión do Eixo Atlántico con Portugal.

O compromiso de Fraga é institucional e así o entendeu tanto o alcalde Lois Pérez Castrillo como os empresarios, de modo que un e outros déronse por satisfeitos. Aínda así, o alcalde vigués asegurou que permanecerá vixilante para esixir o cumprimento do compromiso.

Se a redacción dos estudios informativos, os proxectos da liña Santiago-Osebe e a colocación de travesas produciuse con excepcional celeridade, Castrillo entende que os mesmos prazos tamén serven para o caso de Vigo, de modo que en seis meses, se non hai avances significativos, o rexedor vigués dará un ultimatum. Outra cuestión para Castrillo é a calidade do tren proxectado para Galiza, xa que considera que non está á altura da verdadeira alta velocidade.

O Consello Económico e Social vigués sitúase na mesma liña que os empresarios e o alcalde da cidade e por iso mantivo unha reunión o xoves catro de abril para redactar un documento no que se recolle o compromiso de Manuel Fraga ao tempo que se manifesta a intención de reclamar o seu cumprimento.

Á marxe desta postura colocouse o portavoz socialista no concello, Carlos Príncipe. O edil vigués non acredita nas palabras de Fraga e reclama unha mobilización de inmediato. A posición de Príncipe é de forza –aínda que careza do apoio dos empresarios e doutros sectores, que deron unha tregua a Fraga á espera de resultados– pero ao tempo representa unha renuncia á interlocución coas autoridades e en consecuencia significa unha automarxinación no proceso de diálogo que necesariamente ten que abrirse para perfilar cómo quedará o tren de alta velocidade.♦

Pasado e futuro

Xesus Veiga Buxán

Determinadas cifras redondas suscitan inevitabeis lembranzas que permiten aproveitar o distanciamento temporal para algunha reflexión vinculada aos eventos do presente.

Pasaron 25 anos daquela Semana Santa de 1977 na que o PCE foi legalizado por un Adolfo Suárez que teimaba na sua complicada obra de inxeniería reformisma dun franquismo que se resistía á inevitábel xubilación. Carrillo pagaba un contundente prezo simbólico –Monarquía e bandeira– para evitar a reacción militar involucionista que, catro anos máis tarde, protagonizaría un dos episodios mais emblemáticos da transición posfranquista.

A historia posterior demostrou que o visceral anticomunismo do cumio militar español era consecuencia dun universo mental instalado no rexime do 18 de Xullo de 1936 que non estaba en condicións de captar algúns dos sintomas que, presentes na realidade social, anunciaban un futuro incerto para a organización que presidían Carrillo e Dolores Ibarruri. O debalo do PCE foi o resultado dun conxunto de factores (evolución do corpo social, actuación do grupo dirixente e do seu esquelete de cadros, cambios no panorama internacional...) que non estaban previstos nos cálculos dos seus inimigos mais belixerantes e tampouco formaban parte das predicción dos seus militantes máis acreditados.

A observación deste fenómeno revaloriza a situación acadada polo nacionalismo político galego. As comparacións non deben fundamentar conclusións simplistas pero permiten contrastar experiencias de grupos humanos relativamente próximos no tempo e no espazo. A coincidencia dos 20 anos de vida do BNG coa celebración da sua X Asamblea Nacional é unha ilustración práctica dos efeitos benéficos que pode xerar un grupo organizado que sexa quen de combinar adecuadamente unha aposta decidida por un programa de construción nacional co sentido da realidade necesario para facer socialmente atractivo tal proxecto de cambio.

Se o corpo organizado do BNG é quen de facer unha lectura creativa do seu propio e recente pasado vivirá, seguramente, outras vinte primaveras tan interesantes como as últimas. E tan necesárias para abrir unha nova andaina na traxectoria colectiva do noso País.♦

PROGRAMACIÓN CULTURAL CAIXA GALICIA

ABRIL 2002

ACTIVIDADES

«Exposicions

«Conferencias

«Música

«Varios

«Presentacions

CAIXA GALICIA

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Para máis información
www.caixagalicia.es

As actividades que figuran neste avance poden sofrir modificacións. *Entidade organizadora ou colaboradora

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

Sanidade considera que unha médica puido actuar 'contra os intereses da Seguridade Social'

Expedientada por denunciar as listas de espera en xinecoloxía

A. ESTÉVEZ

María Xesús Cruces, médica de familia no ambulatorio Concepción Arenal de Compostela, enviou unha carta a varios medios de comunicación o pasado mes de decembro. Nela explicaba que as pacientes tiñan que facer unha espera de ata doce meses para seren atendidas en xinecoloxía. Despois de que un xornal local elaborara unha información coa súa carta, a consellaría ábrelle expediente por considerar que pode haber "pugna contra os intereses da Seguridade Social".

María Xesús afirma que co seu escrito quería sensibilizar á sociedade dos insuficientes medios para atender as mulleres. A.N.T.

A dirección de inspección sanitaria apela a un artigo do Estatuto Xurídico de Persoal Médico da Seguridade Social para abrir un expediente que, de resolverse contrariamente á facultativa, pode custarlle seis meses de suspensión de emprego e soldo. Cruces explicaba no seu escrito que no ambulatorio no que exerce o seu traballo só unha das dez consultas posuía unha cadeira e material xinecolóxico e específico para citoloxías de cervix, cuio cancro é dos que máis afecta ás mulleres.

"O único que quería coa carta era sensibilizar sobre a situación dos servizos públicos. Falar da falta de material e do mareo que causamos ás embarazadas mandándoas dun lugar para outro. Hai tres anos exercín unha tempada en Noia e tiven que pedir o material necesario para traballar. En Atención Primaria poderíamos atender ás mulleres, facer revisións e seguimentos do embarazo", comenta a médica que, ao recibir á notificación de apertura de expediente tomou uns días de descanso "polos nervios que tiña enriba, pero xa me reincorporei porque me gusta moito o traballo que fago".

Na consellaría aseguraron que polo de agora actúase de oficio nunha instrución por unha presunta "falta grave". A Xunta de Persoal da Área Sanitaria solidarizouse con esta médica e demandou que se arquive o expediente. Os representantes sindicais reuníronse con organizacións sociais e políticas no mes de febreiro para tratar precisamente das deficiencias que esta médica denunciara na súa carta. As listas de espera, o peche de consultas durante o verán e a desviación de mulleres aos centros concertados foron algúns dos temas que se puxeron sobre a mesa. Manuel Portas, concelleiro de Sanidade en Compostela, tamén se uniu a petición de arquivar o expediente por consideralo un "castigo para unha profesional", mentres que Xosé Francisco Ferreiro, parlamentario nacionalista, rexistrou unha pregunta o 27 de marzo ao respecto no Pazo do Hórreo. Pacientes e compañeiros amosan a diario o seu apoio a María Xesús, segundo sinala ela mesma.

A doctora compostelá considera que non afirmou nada que non tiveran denunciado outros defensores da sanidade pública. "Igual o que molestou é que dixera que o SERGAS está máis perto de Kandahar que de Bruxelas", sinala. Non ten claro que o expediente sexa arquivado "porque a maquinaria do SERGAS cando se pon en marcha non ten parada". De calquera xeito, está disposta a recurrir á xustiza ordinaria "ou a onde faga falla" se Sanidade a castiga.

María Xesús Cruces comezou traballar como médico de familia en 1985 no Hospital Juan Canalejo da Coruña. No ano seguinte conseguiu unha praza de Atención Primaria en Andalucía onde permaneceu doce anos, colaborando nos programas de embarazo e planificación familiar en Sevilla. Os programas de prevención de cancro e de saúde da muller están xa consolidados na comunidade andaluza. Retornou a Galicia en 1998 aínda que solicitou unha excedencia voluntaria no Reino Unido exercendo como medico de familia no sur de Londres. Desde xuño do ano pasado atende no ambulatorio Concepción Arenal de Compostela.♦

POSONEJRO

Palestina, mon amour

PERFECTO CONDE

Nin o lugar santo no que a tradición cristiá sitúa o nacemento de Cristo, onde agora está a basílica da Natividade, en Belén, foi respectado pola rabia belicosa de Ariel Sharon. A Yasir Arafat, presidente teórico dunha teórica Autoridade Nacional Palestina, sometérono á insoportable situación de asediado dentro do reducido espacio de dous cuartos de Ramala, mentres que tanques e soldados israelís foron ocupando, unha a unha, tódalas cidades palestinas. A tiro limpo, o persoal sanitario vese impedido para atender aos feridos que caen nas rúas e nin sequera lles é permitido aos familiares dos mortos recoller os cadáveres para enterralos. Se todo isto non é semellante ao exterminio nazi do campo de concentración de Auschwitz, como se cadra algo imprudentemente dixo o escritor portugués José Saramago, ¿como haberá que cualificar a actitude agresivamente invasora dos tanques de Sharon?

Na Galicia sabemos algo do que falamos cando nos referimos a Palestina ou cando lembramos a influencia xudía que recibimos dos antepasados dos que hoxe representan a máis inxusta de tódalas guerras recentes, deixando ben sentado que non houbo, hai, nin haberá nunca unha guerra xusta. Entre nós andan moitos palestinos que gañaron as simpatías dos galegos e galegas co seu comportamento civilizado e democrático e co simbolismo de pobo asoballado que arrastran con eles. Se lera estas liñas o meu amigo Ghaleb Jaber Ibrahim, que veu a Santiago estudiar Medicina e rematou sendo un importante empresario galego, estou seguro que me daría a razón. Pero tamén anda algún que outro xudeu polo que sentimos irmandade e admiración de vez en cando. No meu caso particular, podo dicir que non sempre me caen ben nin a persoa de Arafat nin a súa política, criticable en moitos aspectos e ás veces afastada dos canos democráticos que nos gusta defender para nós.

Todo isto non abonda para que non nos sintamos concernidos polo atropelo bélico do criminal que ten licencia para matar que representa Ariel Sharon, vello coñecido figurante do escaparate da guerra. A teimosía estúpida de Sharon, fronte a incapacidade asediada de Arafat, fainos doada a elección. Palestina, sempre. E isto é outra das consecuencias nefastas da horrorosa situación que está a vivir Oriente Medio. Nin todos os palestinos son heroes xenerosos e desprendidos, nin tódolos israelís son dignos émulos do seu antigo exterminador, Adolf Hitler. Sería bo que os dous bandos gañaran a paz. Serviríanos, entre outras cousas, para recuperar algo do moito sentido común que perdeu o mundo enteiro.♦

O FÍO DA LINGUA

Raios

HENRIQUE HARGUINDEY

A palabra galega *raio* é o resultado da evolución patrimonial da latina *radius* e conserva ou amplía algúns dos significados da súa predecesora. Falamos así dos raios do sol, dos raios que caíron a consecuencia dunha tormenta, dos raios X, etc.

Con todo, a forma máis antiga e tradicional, de empregarmos o singular, non é *o raio* do sol senón *a raia* do sol. Así aparece nas cantigas medievais e máis nas cantigas populares que chegaron aos nosos días. Moitas persoas coñecerán -e moitas se cadra teñen cantado- unha nosa canción folklórica que di: *"Paxariños que alegres cantades/ nas folliñas dos loureiros/ e subides polo ameneiros/ a buscar a raíña do sol*". A *raíña* é o mesmo que *a raiola*, e o verbo que indica 'saír o sol' ou simplemente 'abrir o día' é *raiar/arraiar,* igual que *o raiante* é o lado do que sae o sol, do que abre o día, o nacente.

A normativa léxica galega estableceu tamén a forma *raio* para o uso xeométrico de "liña recta que vai dende o centro dunha circunferencia a calquera punto dela ou desde o centro dunha esfera a calquera punto da súa superficie". Restablécese niso a unidade co portugués e a práctica corrente na maioría das linguas románicas pois o español é unha das poucas que utiliza nese caso o cultismo (*radio*).

Foi fundamentalmente a partir dos séculos XV-XVI cando comezaron a aparecer os cultismos como *radiar, radiante, radio* (oso do antebrazo), *irradiar*, etc. que continuaron ata a época moderna: *radial* 'disposto en forma dos raios dun círculo' e *radiador* 'aparato para difundir a calor' son de finais do século XIX).

O cultismo *radio* é un elemento que entra principalmente en tres grupos de palabras compostas: as formadas a partir do nome do oso (p.e. *radiocarpiano*), as formadas a partir dos procedementos de difusión de ondas hertzianas (*radioelectricidad, radiofonía, radiotelegrafía,* etc.), e as formadas a partir da emisión de radiacións (*radioactividade, radiografía, radioterapia*, etc). E, a máis do oso e do elemento químico, a palabra *radio* denomina o aparato receptor de *radiodifusión*.

De todos xeitos, non son *raio* e *radio* os únicos derivados galegos de *radius*. Outro resultado da evolución patrimonial é *raxo*.

Raxo é a denominación nunha ampla zona de Galiza do tentáculo do polbo, que sae radiado do seu pequeno corpo. *Raxo* é a carne do lombo do porco e dalgúns outros animais, seguramente chamada así por estar situada na zona da que irradian as costelas. *Raxo* é o eufemismo usado para evitar a dureza dun xuramento e a evocación directa dun perigo do ceo (*¡Un raxo te parta!*)

E –proba definitiva– non esquezamos *a raxeira*, a raioliña que agarima coa súa calor.

¡Que o sol arraie para todos!♦

Restaurante da McDonalds en Polonia.

IV Encontro Internacional de Economistas na Habana

‘O neoliberalismo entrou na mente da esquerda’

R. MACEIRAS

Os días da mundialización autocompracente están a rematar e entramos nun momento de incontrolabilidade, agora signado polo unilateralismo bélico de Bush. Esta sentencia do investigador mexicano John Saxe-Fernández, ao intervir na mesa redonda denominada “Crise económica globalizada e gasto militar”, resumía unha apreciación común nos participantes do IV Encontro Internacional de Economistas, celebrado na Habana o pasado mes de febreiro.

Todos os días, o sistema dá sinais da súa inviabilidade para continuar afrontando os graves problemas económicos, financeiros e sociais que enfronta hoxe a humanidade. “A incapacidade dos gobernos, o roubo, a corrupción, son dificuldades que poden incrementar o número de afectados, pero a causa principal é o esgotamento do modelo e se non muda, os problemas continuarán”, dixo Orlando Caputo, profesor da Universidade ARCIS, de Chile.

Esa batalla polos cambios non sería con todo un camiño expedito, porque “o neoliberalismo entrou na mente da xente, dos sindicatos, da esquerda, mesmo”, comentou Caputo ao insistir na necesidade da crítica á ideoloxía neoliberal.

Ollando en perspectiva, Jorge Beinstein non considera que a alternativa posíbel hoxe sexa un troco de modelo se non de sistema, e descartou que, por exemplo, unha revolución social en Arxentina dese como resultado unha simple reforma do capitalismo.

Tirar proveito do 11 de setembro

O mundo asiste a unha crise converxente das tres grandes potencias: EE UU, Xapón e Alemania. Está por ver, ademais, se a elevación dos gastos militares podería reactivar a economía norteamericana e a dos outros centros de poder mundial.

Pero este non é o único proveito que a Casa Blanca pensa tirar dos atentados do 11 de setembro. En poucos meses, sinalou John Saxe Fernández, o presidente George Bush –despois dun proceso electoral difícil e baixo a sombra do fraude de Miami–, converteuse no mandatario norteamericano con maior apoio do seu país no primeiro ano de funcións na historia da nación.

Desde a perspectiva do complexo militar industrial de EE UU os atentados non puderon ser máis oportunos: foron un cheque en branco para os millonarios gastos bélicos, que chegaron a desbordar nun 15 por cento aos da guerra fría.♦

O proteccionismo dos EE UU sobre o aceiro podería estenderse á agricultura e semicondutores

R.M.

A Unión Europea traballa para pechar o seu mercado a exportacións adicionais de aceiro, como contramedida ao aumento do 8 ao 30% dos aranceis ás importacións de produtos siderúrxicos polos EE UU.

Por exemplo, as láminas finas, afectadas polas medidas ditadas polo goberno de George W. Bush en Washington, poderían ser gravadas na UE con aranceis mais altos que nos EE UU.

As medidas estarían fundamentalmente destinadas a protexer o mercado europeo de importacións que en principio estaban destinadas a Estados Unidos.

As diferencias comerciais xurdidas a raíz da decisión de Washington de aplicar aranceis ás importacións de aceiro, poderían ampliarse a outros sectores da economía mundial, dixeron en Londres fontes oficiais.

En declaracións difundidas polo diario británico *Financial Times*, o subsecretario estadounidense de Comercio Internacional, Grant Aldonas, mencionou á agricultura e a industria de semicondutores como os próximos obxectivos de conflitos.

O funcionario, vinculado ás medidas contra o aceiro, engadiu que o seu país está disposto a manter tal política, a pesar do crecente rexeitamento que xerou ese paso a nível internacional.♦

Aceiro: eleccións e reaccións

MANUEL CAO

Para sorpresa de moitos neoliberais de libro, o Presidente G. Bush, ven de aprobar a imposición de aranceis ás importacións de aceiro perxudicando ás empresas europeas e ninguneando os acordos asinados na Organización Mundial de Comercio sobre a liberalización do comercio internacional. Sobre as consecuencias a tirar desta decisión caben varias lecturas que resumiremos axiña.

Por unha banda, parecería que a Presidencia dos EE UU abandonou os postulados do libre comercio nas relacións económicas internacionais deixando sen contido real todos os acordos impulsados e asinados nos últimos tempos entre os principais países que conforman o sistema capitalista do noso tempo. De ser isto así, perdería valor o proceso de globalización e internacionalización neoliberal da economía, pregoado como pear básico e inevitábel na estratexia de desenvolvemento a escala mundial, esvaíndose todo un proceso de facer proxectos e programas de política económica en case todos os países. A recuperación por parte do Estado norteamericano da función protectora das industrias nacionais representa unha mensaxe clara en sentido negativo do nivel de intervencionismo que latexa na Administración Bush, tanto máis que se prioriza a defensa dunha industria que non é de esencial importancia para o progreso da economía dos EE UU arriscando, por unha banda, conflitos cunha potencia como a Unión Europea e, por outra banda, minando a credibilidade dos acordos asinados por Washington en calquera dos foros e organismos que tratan de estabilizar e organizar a economía do planeta. A toma de partido polos intereses de certos produtores de aceiro en contra dos principios e intereses globais só podería obedecer á consideración de que para os EE UU estos últimos non requiren especial protección, nin están en perigo.

Por outra banda, tamén podería verse como un simple problema doméstico dos grupos de intereses que operan nos EE UU e que nun período preelectoral resultan esenciais para comprender moitas das decisións dos políticos estadounidenses. Neste sentido, os *lobbies* do aceiro detectaron a súa posición clave en determinados Estados (Virginia Occidental, Pensilvania, Ohio) que son fundamentais para que Bush poida manter o apoio electoral nas eleccións parciais intermedias que renovan a metade das cámaras e outras institucións. A súa capacidade de influencia no entorno presidencial fixo que foran aceptadas as súas propostas e velaí as medidas implementadas e as consecuencias na relación cos socios internacionais.

Parece, razonabelmente, que esta segunda opción é a máis axustada á realidade e, en todo caso, a máis fácil de combatir no curto prazo. Nos EE UU, o ciclo electoral condiciona en gran medidas as decisións de política económica en materia orzamentaria e comercial –unha vez que a política monetaria esta confiada á Reserva Federal– e a influencia dos *lobbies* forma parte das regras de xogo do sistema de organización e decisión política.

Pois ben, nunha sabia e intelixente decisión os responsábeis da Comisión Europea están a artellar unha serie de contramedidas que pasan por castigar coa imposición de aranceis a produtos e produtores de Estados especialmente sensíbeis para o mantemento da maioría republicana (Florida, Wisconsin). Esta reacción demostra que a penas existen xa diferencias entre política interior e exterior en materia política e económica sendo case obrigado deseñar estratexias e mecanismos para participar nas decisións político-electorais de cidadáns e institucións dos EE UU do mesmo xeito que os norteamericanos tenden a participar na política interna de case todos os países do mundo. Na capacidade real de facer efectivas estas medidas é onde se demostrará o poder da UE.♦

“Parecería que a Presidencia dos Estado Unidos abandonou os postulados do libre comercio”.

Ao fío da reunión de Monterrei contra a probreza

¿Serven para algo os cumios mundiais?

RAMÓN MACEIRAS

Entre o 18 e 22 de marzo tivo lugar en Monterrei (México), a *Conferencia Internacional sobre a Financiación para o Desenvolvimento*. A cativeza dos seus resultados trae á actualidade o sentido deste e doutros moitos cumios internacionais previstos. ¿Serven para algo?, pregúntanse os observadores.

As mulleres son as que máis padecen as situación de pobreza.

No cumio de Monterrei, organizado pola ONU, participaron máis de 200 representantes de países, comunidades e organizacións internacionais. Unha grande difusión tiveron as intervencións de Annan (ONU), Wolfensohn (BM), Koehler (FMI), Moore (OMC), Prodi (CE), Aznar (España-UE), Chirac (Francia) e Bush (EE UU), entre outros, que sen embargo nada engadiron aos documentos preparados con anterioridade ao cumio, agás no concerninte á negativa de Washington de garantir un mínimo do 0,7% (200.000 millóns de dólares) da riqueza dos países industrializados como asignación ao desenvolvimento dos pobres e o "perefeccionamento" do modelo de libre mercado.

A UE aporta só o 0,4% e os EE UU o 0,2% dos seus respectivos productos brutos internos. Sen embargo, ambas potencias rachan as vestiduras ante os meios de comunicación para mostrar a súa preocupación polo subdesenvolvimento e a pobreza mundial que atinxe a 1.200 millóns de seres humanos, os cales subsisten con menos dun dólar diario.

Por se fose pouco, segundo dados da Organización de Cooperación e Desenvolvimento Económico (OCDE), somente o 8,0% da Asistencia Oficial ao Desenvolvimento se destina a mellorar os meios de vida das tres cuartas partes da poboación pobre, e iso dun monto total de só 25.000 millóns de dolares.

Ante esta situación son moitos os observadores que se preguntan pola utilidade do consenso de Monterrei, como onte polo da Asamblea e Declaración do Milenio (setembro-2000) ou a Conferencia Internacional de Qatar (novembro-2001), así como sobre o futuro Cumio Mundial sobre a Alimentación (xuño-2002) e sobre o Cumio Mundial para o Desenvolvimento Sostíbel de Johannesburgo (agosto/setembro-2002), se non se logran respostas afirmativas en forma urxente.

EE UU e a UE negan axuda ao terceiro mundo, ao tempo que os seus líderes se doen ante as cámaras de televisión da pobreza mundial.

Promesas repetidas e incumpridas

Nos Cumios Mundiais sobre a Alimentación e do Milenio dos anos 1996 e 2000 xa fora asumido o compromiso de reducir á metade a pobreza para o ano 2015. Pero a declaración non pasou do aspecto teórico, por iso agora se fala, sen ningún tipo de convencemento, de lograr ese mesmo obxetivo para o ano 2025 e sen fixar unha porcentaxe exacta de axuda.

O Fondo Humanitario Internacional proposto en cumios anteriores non foi criado. Polo contrario, aumentaron as presións do BM, FMI e OMC sobre os países pobres.

Tampouco os gastos militares disminuiron. George Bush, co argumento do terrorismo e o narcotráfico está a espandir a presencia militar fora das fronteiras dos EE UU, o principal país, por certo, consumidor de drogas do mundo.

Outras medidas comentadas en cumios anteriores, caso da condonación da débeda externa aos países máis pobres ou a mellora do financiamento a países de ingresos intermedios, tamén foron obviadas. Os EEUU non parecen querer renunciar a capacidade de presión que lle outorga esa dependencia financieira sobre terceiros paises.

Os proxectos de desenvolvemento tampouco contemplan o aumento da capacidade de produción no terceiro mundo ou nos paises en vías de desenvolvemento, senón en todo caso o incremento da súa exportación de materias primas, a prezos previamente marcados, a cambio da adquisición de produtos manufacturados, segundo o vello canon neocolonial, aínda que a escala máis avanzada.

Tampouco o predominio, a nivel internacional, das operacións financeiras, sobre as produtivas, ten visos de modificarse, entre outras razóns porque a situación actual permite o control dos fluxos monetarios por parte das grandes bolsas e a velocidade instantánea, o que coarta as posibilidades de intervención económica dos gobernos nacionais ou rexionais.

Polo demais, as taxas de analfabetismo, enfermidades, desnutrición e a destrucción do ecosistema son tanto ou máis altas que as denunciadas nos anos sesenta ou que denota unha situación moi grave en case a metade do planeta.♦

OUTRA ENTREGA DE
Historia da arte Galega
Fascículos 22, 23 e 24 xa en quiosques e librerías
A NOSA TERRA

Unha Historia da Arte Galega feita desde Galicia como centro desde o que interrogar, ollar cómo realizamos na arte o que somos e cómo os períodos históricos dependen das dinámicas internas do propio país. Existe unha arte galega na que está depositada a nosa memoria histórica e social, a nosa identidade, a nosa interpretación do devir, a nosa concepción do sagrado, etc.

A revista cumpre 75 anos

Industrias Pesqueras, unha adiantada da conxelación, as empresas mixtas e a subvención do combustíbel

GUSTAVO LUCA

Boa parte dos argumentos editoriais adiantados por *Industrias Pesqueras* son realidade ao cumprir esta revista especializada, unha das primeiras no seu xénero, setenta e cinco anos de existencia. Así acontece co sistema de conxelación para a pesca de altura, proposto en 1927, a exención de impostos nos combustíbeis, a defensa das empresas mixtas, a representación do sector nos foros internacionais ou o patrocinio da Feira Mundial da Pesca.

O sector da pesca ten nos anos 20 unha importancia económica e política que supera con moito a súa presencia nos medios e así o entende Valentín Paz Andrade cando resolve animar a fundación de *Industrias Pesqueras* dende unha comisión, formada por empresarios da pesca, os estaleiros e a conserva, que preside Xosé Barreras Massó. Hai que ter conta de que a revista nace meses despois de desaparecer o xornal *Galicia* (1922-1926), editado en Vigo, no que Paz Andrade ensaia unha información crítica e non dependente do poder central, con atención particular aos grave problemas de desenvolvemento típicos dunha economía administrada por delegación. A acumulación de capital da industria do mar despois da Guerra do 14 esixe autonomía funcional e atención a problemas particulares que parecen ignorar os diarios familiares. Personalidades convocadas por Paz Andrade no xornal *Galicia* acoden tamén á invitación da nova revista: Castelao, Maside, Manuel Torres, Federico Ribas, Ignacio Senra, Manuel Lustres Rivas, Carlos Sobrino, Roberto Blanco Torres, Federico de Angulo, Santiago Montegro e Fernando de Miguel, entre outros. Despois de 1939 incorpórase á redacción da revista Francisco Fernández del Riego.

O autor de *La Marginación de Galicia* e editorialista da publicación dende o seu primeiro número lembra a loita pola caída dos aranceis do carbón e o dereito a importalo libremente que contaba coa inimiga das empresas carboeiras de Asturies; a crítica do imposto por recoñecemento sanitario esixido aos productos de mar polo concello de Madrid; o transporte ferroviario e as tarifas; a construcción e dotación de atraques en portos que a planificación central preferiría amortizar nunha política de concentración que reaparece nos gobernos de González e Aznar; a publicidade para dirixir a demanda cara a especies abundantes ou descoñecidas; a pesca con dinamita ou a necesidade de instalar cámaras de frío nos portos.

Innovacións técnicas

Outra reclamación repetida dende os comezos de *Industrias Pesqueras* é o das escolas profesionais de pesca e a necesidade de eliminar tonelaxe vello mediante axudas públicas. A revista preocupouse por importar innovacións técnicas e funcionais ou por difundir os melloramentos da construcción naval das rías para a pesca, como

Portada do primeiro número de *Industrias Pesqueras*, editado en Vigo. A revista nacera como voceiro dos armadores, a construción naval e os conserveiros.

foron os medios para a localización de almeiros, a conservación en frío abordo, os sistemas de situación. No número 8 da revista (agosto de 1927) tratouse pola primeira vez da conxelación do pescado. Unha recapitulación da revista realizada no ano 1967 conta así o que seria a xénese da industria do conxelado: "na primavera de 1961, o noso director Valentín Paz Andrade , fixera unha viaxe á África oriental onde reparara en bloques de pescada conxelada exportados por Suláfrica. Esta circunstancia e o interese por estudar o impresionante pulo pesqueiro de aquel país decidírono a visitar Capetón na viaxe de regreso. A revelación da riqueza dos bancos de pescada daquelas costas foi decisiva. En Setembro dese ano, o *Lemos* fai a unha marea na beira do Cabo e dous meses despois o *Andrade* inicia a primeira campaña para a pescada".

A revista aporta información a outras publicación pesqueiras da época como *La Peche Maritime*, *Fishing News* ou, posteriormente, *World Fishing* e ao mesmo tempo establece un servicio de traducción que da conta ao leitor da pesca global e da actividade das flotas galegas en todo o mundo. Esta fluída comunicación internacional abre as portas de *Industrias Pesqueras* a unha información económica inexistente nos diarios galegos do franquismo que na altura de 1963 censuran artigos de Paz Andrade. Unha situación que non se avén co feito de o director da revista ser reclamado a partir dos anos 50 polas Nacións Unidas como experto de pesca para participar en misión internacionais en todo o mundo. O mesmo intelectual que representa ao Estado en foros internacionais de pesca, por pura deserción do centralismo, non podía opinar na prensa do seu país sobre os problemas do sector. Por sorte, Valentín Paz Andrade tivera o talento de pór en pé unha revista pesqueira, hoxe ben establecida, que fora fundamental para a modernización e desenvolvemento da pesca.♦

Pesca

Xestión de recursos ou xestión de pesquerías

XAVIER QUEIPO

O manexo razonábel dos recursos que podemos obter do mar serviuse de diversos instrumentos, desde os TACS ás cotas de pesca. Este ano vaise modificar a Politica Pesqueira Común e as impresións de que se logra unha política máis equilibrada son pesimistas.

Non é a primeira vez que escoito a algúns compañeiros de profesión (con certo arroubo, hei dicilo) e a algúns xornalistas (con arroubo menor) referirse á xentión das pesquerías como "xestión dos recursos". Eu mesmo, probabelmente (xurde de novo o arroubo, con reiteración excesiva, se cadra, pero é que estou pasando unha xeira de hipersensibilidade) de seguro que o dixen, ou mesmo o escribín, en máis dunha ocasión. Hoxe teño que me correxir e corrixilos, nunha duplicidade terapéutica de crítica logo da autocrítica. Os recursos mariños non se poden xestionar. Vou intentar explicalo.

En primeiro lugar convén salientar que a dinámica[1] das especies no medio mariño depende de moitos factores, algúns deles estocásticos[2] como a climatoloxía en xeral e o chamado cambio climático en particular (que van determinar, por exemplo, a dispersión dos ovos peláxicos, a dinámicas das correntes, a concentración local de nutrintes...), o predomininio de certas correntes mariñas sobre outras (que vai modificar localmente a produtividade primaria da masa de auga onde se desenvolven as larvas), outros impredecíbeis cando non descoñecidos na súa intensidade de acción, como os niveis de intervención humana dificilmente controlábeis como é a contaminación por metais pesados ou outros axentes teratoxénicos (que van inducir taras xenéticas nos recén nados); xa logo, en terceiro lugar, outros máis, se cadra deterministas, como todos aqueles que dependen da idiosincrasia biolóxica de cada unha das especies (duración da vida, senestrencia, tipo de reprodución, fertilidade media, idade de primeira reprodución, oxiva de maturidade...), nos que a nosa posibilidade de intervención comos xestores é totalmente nula.

A nosa intervención posíbel a prol dos recursos mariños vese limitada, pois, as actividades humanas medíbeis, e en particular á actividade pesqueira. Daquela, mellor falar de xestión das pesquerías que de xestión dos recursos.

A xestión das pesquerías levada adiante nas augas comunitarias dende a instauración da Política Común da Pesca foi a de control dos *outputs,* é dicir a de control das cantidades de peixes[3], por medio da instauración de posibilidades anuais de pesca, as chamadas TACs[4] e cotas de pesca. Outros mecanismos de xestión, que funcionaron e aínda funcionan en paralelo, son as medidas técnicas aplicadas á pesca (mallas mínimas, tamaños mínimos de desembarco regulación das capturas accesorias[5]...) e, só nalgúns casos o control do esforzo de pesca, que sería un control dos *inputs* (das entradas).

Estes mecanismos, ben que teoricamente impecábeis, non resultaron efectivos para deter ou minguar o deterioro dos recursos mariños, e isto, basicamente, polo desequilibrio que existe entre posibilidades de pesca e capacidade de pesca da flota comunitaria. O resultado é o xa coñecido, unha política que non foi quen de impedir unha diminución das capturas e das posibilidades de pesca no futuro.

Este ano que vivimos, o 2002, é ano escollido para a modificación da Política Común de Pesca actual e para a súa substitución por outra máis equilibrada. O tempo dirá o que vai acontecer,pero as primeiras impresións son malas. O Consello de Ministros de Pesca previsto pola Presidencia española para o mes de abril foi suprimido e, polo que parece, as propostas de cambio anunciadas logo da publicación do "Libro Verde", non avanzan, baixo o liderado español, á velocidade desexada. ¿Será que non hai ideas? ¿Será que hai medo á liberdade? ¿Ou será, como case sempre acontece cando goberna a dereita conservadora, que hai medo ao cambio? Esperar e ver.♦

(1) Entendida como evolución temporal da súa estrutura en clases de idade, na súa biomasa de reprodutores, no reclutamento (aparición de novas xeneracións), na fecundidade, estrutura por sexos, comportamento alimenticio, duración da vida das especies, relacións tróficas con outras especies, etc.

(2) Disculpen a palabra, pero para o concepto de suceso aleatorio ou daquel que sufre dunha posibilidade de aparición non sometida a ningunha regra fixa, nin temporal nin levada por ningunha lóxica medíbel, escollín a palabra que me pareceu máis axeitada, aínda que incomún na linguaxe coloquial.

(3) Entendendo por peixe "peixes, crustáceos e moluscos" como se refire regularmente na lexislación comunitaria" ou "organismos mariños vivos" como debería referirse en puridade.

(4) TAC das iniciais inglesas *Total Allowable Catch*, que en bo galego se debería traducir como Captura Total Permitida (CPT).

(5) o que se expresa habitualmente co *by-catches*.

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

A legalización do PCE en 1977 marcou o inicio da súa decadencia

Vintecinco anos de acoso, desgaste e división dos comunistas

G. LUCA

O *sábado santo vermello* de 1977, o goberno de Adolfo Suárez legalizara o Partido Comunista de España, a organización máis activa e articulada do antifranquismo, a única que nesa altura reivindicaba plenamente a legalidade republicana suspendida polo golpe do 36 e o grupo que con máis confianza aspiraba a liderar a esquerda despois de manter unha sólida estructura clandestina contra Franco con presencia en todo o Estado. Dende aquel sábado de gloria, o PCE viviu vintecinco anos de acoso, desgaste e división que o relegan hoxe a un papel menor dentro da oposición ao goberno da dereita.

Antoni Gutiérrez, xunto a Santiago Carrillo no Congreso dos comunistas cataláns en marzo de 1982. Arquivo A.N.T. / Jordi García

Até o momento da legalización, toda a organización e instancias delegadas do Partido Comunista eran alvo de vixiancia e persecución o que mal se podía afirmar dos socialistas que antes e despois da escisión de 1972 conservaban a penas gabinetes de oposición en México e Francia. Xabier Alfaia e Nicolás Sartorius, ex-militantes do PCE, contan nun recente traballo sobre as actuacións do *Tribunal de Orden Público* como as condenas do tribunal especial do franquismo se centraban de preferencia sobre os comunistas de Carrillo e Sánchez Montero e as organizacións nacionalistas.

Carrillo afirmaba pouco antes da legalización que o PCE era o partido por antonomasia e o instrumento máis eficaz de loita antifranquista, pero é certo que a dirección non conseguía atopar unha estratexia de recambio para a folga xeral revolucionaria que lle dera adhesións e militantes, sobre todo entre a mocidade, a pesar do cerco da policía de Franco. A discusión no Comité Central sobre a forma o obxectivo da oposición dera lugar á unha división de importancia no 62 ao tempo que na esquerda obreira un grupo importante, con presencia en Vigo, Cádiz e Madrid acusa a Carrillo de dereitismo e refunda o PC. Na mesma altura en que organizacións nacionalistas recuperan independientemente a tradición da Terceira Internacional, ante a negativa do PCE a discutir a forma do Estado.

Laborismo revolucionario

Nengún destes atrancos libran ao PCE de proclamar en 1966 a súa hexemonía dentro da oposición coa consolidación de *Comisiones Obreras* e do *Sindicato Democrático de Estudiantes*, así como o asalto derradeiro cara aos Altos do Golán do Franquismo representada pola fusión da *Junta Democrática* coa *Plataforma de Convergéncia* Democrática, seguida da presentación do novo Partido Eurocomunista en Roma, apadriñado por un Enrico Berlinguer en ascenso. A partir dos primeiros 70, a dirección proclama a súa vontade de adaptar o paso do partido ao sistema do sufraxio dacordo co que Carrillo anticipa coma *movimiento laborista revolucionario* coa aspiración de integrar a socialistas, social-democratas, cristianos progresistas e demócratas radicais. A partir do 74 aliñáronse xunto a Carrillo os socialistas de Tierno Galván e Rojas Marcos así como o *Partido del Trabajo* ou grupos como *Bandera Roja* no que militaba o actual ministro de Exteriores do Goberno Aznar, Josep Piqué. De par deste camiñar firme cara a hexemonía da esquerda que permitía a Carrillo retratarse de amigo co dirixente do *Opus Dei* Rafael Calvo Serer, o membro do *Consejo Privado* de Juan de Borbón, Antonio Garcia Trevijano ou mesmo o sobriño de Franco, Nicolás Franco Pascual de Pobil, o partido socialista perdía en 1975 unha parte importante dos seus afiliados o que o levaba ao número máis baixo de afiliados que coñecera durante a Dictadura.

Na segunda metade de 1976 o PCE observou como o PSOE reconstituído en Suresnes por Felipe González e Alfonso Guerra non só replicaba a presencia pública dos carrillistas senón que vivía unha marea de afiliacións que previsibelmente superaría ao PCE en pouco tempo, como de feito sucedeu. No debate entre os dous partidos, o PCE, empeñado en labrarse unha imaxe de convivencia co capital e de respeito á monarquía reinstaurada, probou unha crecente dificuldade para definir en que consistía realmente a súa confrontación ideolóxica e estratéxica co PSOE. De certo o PSOE contaba xa nesta altura co apoio decisivo do PSD alemán, como despois revelaría o escándalo dos cartos do *Grupo Flick* no parlamento de Bonn, e tanto os grandes grupos privados de comunicación como os medios públicos revelaban un claro trato de favor para os de González e para UGT fronte a CC.OO. Un importante inquérito realizado oito meses antes da primeiras eleccións indicaba que as intencións de voto para o PSOE dobraban ás do PCE, como de feito sucedeu.

Carrillo resistira con moita enerxía todos as presións do partido por renunciar a teoría gradualista que preconizaba atinxir primeiro a democracia para avanzar despois cara ao socialismo, como defendía en *Eurocomunismo y Estado*. Neste abrazo da reforma política sen ruptura perdeu a metade da dirección que marchou dunha parte con Henrique Lister ao PCR e doutra ao PSOE pouco antes de perder a secretaria xeral e ingresar el mesmo no partido de González que tanto escarnecera dende o 74 ao 76. Estes derradeiros banzos da reforma política baixábanse a fume de carozo con visíbel desgaste e desconcerto para milleiros de militantes que combateran con enorme sacrificio persoal a Dictadura. O Partido Comunista Italiano, outro símbolo principal da resistencia anti-fascista, viveu no mesmo tempo do debalo do PCE un encarnizado debate sobre a utilidade de resistir á coalición dos bancos e do resto do arco parlamentario para evitar que os comunistas formasen goberno. O PCI desaparece de feito como opción de goberno e especializase hoxe na xestión de importantes concellos mentres parece regresar, como o PCE, a posicións de ruptura. No entanto, o Goberno da dereita ensaia estratexias de ilegalización de Batasuna.♦

Madrid

Balance de dous anos do opositor Zapatero

MANUEL LOMBAO

Zapatero leva dous anos á frente do PSOE. Os erros comtidos nos cen dias primeiros non se perdoan agora, e apesar do estilo tranquilo bótanse de menos a capacidade de esgrima do "método Alfonso Guerra".

Xa sei que resulta un fácil xogo de palabras pero o certo é que estar na oposición política, agardando acadar o poder semella estar preparando unha oposición. Hai que saber todos os temas, deseñar unha estratexia axeitada para superar ao contrario, ter as ideas moi claras, saber presentalas con soltura e unha miga de descaro que sempre transmite seguridade e confianza nun mesmo, e tratar de gañar a confianza e a complicidade do tribunal xa que case nunca é posíbel impresionalo. Normalmente están de volta. E diranme que botan en falta algo esencial: o enchufe, o padriño. E teñen razón. Con estas premisas entremos no prometido balance de dous anos de oposición do PSOE tal e como fixemos balance de dous anos de goberno do PP.

A renovación da Executiva –necesaria a todas luces– conlevou a renovación no grupo parlamentario. A sorpresa do resultado congresual tivo continuación no xeito de facer oposición. Afeitos ao estilo agresivo e duro que tan ben lle resultou ao PP, a estratexia branda de Zapatero sorprende a uns e desacouga a moitos. As súas ofertas de pactos a cotío xa son obxecto de chistes e caricaturas. E o caso é que sae moi ben parado nas enquisas, non así o seu partido o que lle debe dar que pensar. Certo é que saír adiante despois dun terremoto que se levou por diante enormes doses de credibilidade e a dous candidatos sucesivos non é doado; recoller e artellar os restos da batalla e facer agromar a terra queimada non é cousa de dous días nin de dous anos. Pero tamén é certo que na política as inxenuidades páganse moi caras e os erros propios de principiantes perdóanse nos famosos cen días, non máis adiante. Falta saber se ao tribunal/electorado vaille a marcha, afeito como está nos últimos tempos, ou saberá valorar ese "savoir faire" e "politesse" que o sorrinte xefe da oposición se empeña en practicar. Desa actitude fan leña tanto o partido no goberno como os columnistas ao seu servicio e, por outra parte, os "actores " que encarnan o papel de malos están ainda moi verdes e consiguen que se bote de menos a Alfonso Guerra. Os temas, ata hai pouco, non os tiñan moi estudiados, estes días están a presentar algunhas alternativas que parecen despertar interese. Haberá que aplicar a máxima dos ingleses "agradar e ver". Zapatero fala de que o seu secreto e "medir os tempos". Claro que o tempo pode pasárselle, como se pasa o arroz ou botárselle enriba sen darse de conta. De momento el contaba nun programa de televisión –no que por certo estivo solto e ocorrente– que a xente non facía máis que dicirlle: "¡dalles cana!". Pero el nin por esas. Vai necesitar moito enchufe. Ou presentarse varias veces.♦

Barcelona

Nervios en CiU

AGNÈS MARQUÉS

Catalunya vive un intenso clima preelectoral. Algo insólito cando aínda quedan máis de 12 meses para os próximos comicios autonómicos pero propio dunha situación inédita para a Generalitat catalana.

Artur Mas

Despois de más de 20 anos cambiará o rostro do retrato do presidente. Un rostro 30 anos máis novo, máis inexperto e tamén menos coñecido (velaquí a chave) polos que deben ser os seus votantes.

Pujol hai meses que empezou a remendar a súa xogada entronando o seu herdeiro Artur Mas como sucesor. Despois viñeron as crises dentro de CIU motivadas, en parte, por esta decisión. O líder de Unió Democrática, o partido de segunda da coalición nacionalista, Josep Antoni Duran i LLeida, sempre seducido pola erótica do poder, celouse da preferencia do president por Mas e chegou a ameazar con serias palabras con romper con Convergència Democrática. O crebacabezas acabou encaixando de novo gracias a un acordo asinado polos dous partidos para abandonar a coalición e constituírense como unha federación, estreitando así os seus lazos e avistando no horizonte unha posíbel fusión dos dous partidos. Federados, con Mas presidenciábel e Duran i LLeida de segundo deste, Pujol tiña a primeira parte da súa estratexia ligada. O paso seguinte era dar a coñecer as novas caras de CiU (eila a mesma chave). Tamén volver a transmitirlle á sociedade a imaxe de irmandade entre as dúas formacións, sobretodo para non ser eles mesmos os seus propios inimigos ante a sombra permanentemente ameazante do presidenciábel socialista Pasqual Maragall.

Chegado este momento, casualmente ou non, o cumio da Corporació Catalana de Ràdio i Televisió queda baleira. O seu director xeral dimite ao sentir cuestionada a súa xestión por parte do grupo parlamentario maioritario, CiU.

Segundo as malas linguas, unha xestión demasiado neutral. Verdadeiro ou falso non importa xa porque o Conseller en Cap, Artur Mas, xa anunciou o novo director. O escritor, xornalista e deputado de CiU, Vicenç Villatoro, de impecábel traxectoria e ben coñecido pola sociedade catalana. Case nin unha voz discordante cara a súa persoa. Si, en cambio, en contra do proceso da súa elección, o sen proceso ou máis ben o sen consenso político. Que Villatoro exclúe o rexeitamento absoluto de todas as formacións políticas é o que xustifica esta decisión unilateral tomada polo Govern. A elegancia do poder quedou arrinconada esta vez, o anteface esquecido no armario.

Pero sempre hai quen lle resta a todo importancia. Esta vez é o PP que apoia as formas adoptadas polo Govern co nomeamento do novo director xeral da CCRTV porque, segundo din eles mesmos, cabía reaccionar con rapidez para ocupar o baleiro de poder no cruceiro da televisión e a radio catalanas. E así é, era importante a axilidade neste caso pero tampouco era necesario saltar todos os pasos. Villatoro tería igual o si do consenso e democracia se se lles tivese dado a posibilidade de opinar ás outras formacións políticas. Non foi así e é unha lástima. Unha oportunidade perdida de demostrar elegancia e bo saber facer.

Os nervios precoces de CiU polas próximas eleccións fixeron tremer demasiado o seu pulso. Fixo un movemento brusco e o descaro quedou ao descuberto.♦

Subscríbase a A Nosa Terra

Nome ..... Apelidos .....
..... Enderezo .....
.....

Cod. Postal ..... Teléfono .....
Poboación ..... N.I.F. .....
Provincia ..... País .....

Correo electrónico: subs.anosaterra@terra.es

Suscríbome a *A Nosa Terra* por un ano/semestre ao prezo de:

- ☐ Galiza-Estado-Portugal: 82 euros/ano - 41 euros/semestre.
- ☐ Europa: 99 euros/ano.
- ☐ América: 115 euros/ano.

a) Subscricións para o Estado español ☐ Talón bancario adxunto.

b) Para o resto do mundo:

- ☐ Xiro internacional a nome de *A Nosa Terra.* Apdo. 1.371, 36200 Vigo.
- ☐ Cheque bancario adxunto.
- ☐ Visa.

PAGAMENTO DOMICILIADO

Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou Libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular .....
Poboación ..... Provincia .....

Sírvanse tomar nota de atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

Data Atentamente (Sinatura)

PAGAMENTO CON CARGO AO MEU CARTÓN DE CRÉDITO

Visa Nº ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐
Data de caducidade do cartón (imprescindíbel) .....
Nome do titular.....
Sinatura do titular (imprescindíbel)

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

Dezasete candidatos concorren aos comicios presidenciais

Jospin sae como favorito da campaña electoral francesa

CÉSAR LORENZO GIL

As primeiras enquisas electorais publicadas en Francia para as próximas eleccións presidenciais danlle vantaxe ao socialista Lionel Jospin. Para a cita do 21 de abril, inscribíronse 17 candidatos, dos que só dous pasarán á segunda volta.

A disputa electoral en Francia xira ao redor dos dous persoeiros máis importantes da actual política gala. Na cabeza de todas as sondaxes sitúase o actual primeiro ministro, o socialista Lionel Jospin. Moi perto figura o presidente da República e líder do centro-dereita gaullista, Jacques Chirac, que pretende renovar o seu mandato á conta de criticar o labor de Jospin no goberno.

As eleccións do 21 de abril convocaron o interese de 17 candidatos, toda unha marca de opcións políticas, xa que a cifra máxima de presidenciábeis fora de 12, en 1974. Ademais de Jospin e Chirac, os máis importantes candidatos son os liberais François Bayrou e Alain Madelin, o "republicano" e xacobino Jean-Pierre Chevenement, o comunista Robert Hue, o ecoloxista Noel Mamere e o ultradereitista Jean-Marie Le Pen.

Jospin, esquerda, e Chirac, dereita, pasaron da "cohabitación" administrativa á disputa electoral.

Segundo as primeiras enquisas, na primeira volta gañaría Chirac, co 21 por cento dos votos, seguido por Jospin, co 20. Máis atrás estarían Le Pen, co 11 por cento e Chevenement, co 8,5. As posicións invirtiríanse na segunda volta, ao obter Jospin, o 52 por cento dos votos.

Campaña polarizada

Mais tamén é certo que hai un 19 por cento de consultados que afirman non saber o signo do seu voto. Esta cifra aumenta se se consideran os que encaran os comicios con pouco ou ningún interese (o 46 por cento dos preguntados). Estes datos, así como o crecemento de posturas alleas aos grandes partidos, como Le Pen ou Chevenement, explican o descontento dunha gran parte da poboación coa súa clase política.

A inseguridade cidadá será a estrela dunha campaña moi polarizada na que todos os candidatos intentan formalizar iniciativas para deter a tendencia de aumento de criminalidade. A sensación de falta de seguranza foi explotada moi ben polos medios sensacionalistas e o discurso gaullista, que se fixeron un grande eco de feitos como o intento de asasinato dunha adolescente por dúas compañeiras ou a matanza de concelleiros a mans dun desequilibrado, na localidade de Nanterre.♦

Aquí fóra

Macabro tempo de desconto

XULIO RÍOS

A xulgar polo desenvolvemento dos feitos en Oriente Próximo, a visita de Dick Cheney á rexión tiña unha única misión: dar o visto e prace a Ariel Sharon para extremar a súa presión sobre a comunidade palestina e Yaser Arafat. O agravamento da situación prodúcese escasas semanas despois de que as propias Nacións Unidas, a proposta de Washington, insinuaran o recoñecemento da condición estatal de Palestina e de que o propio secretario xeral, Kofi Annan, falase de "ocupación ilegal, uso innecesario da forza letal e humillacións diarias aos palestinos". En Tel-Aviv, Sharon, deu por entrado nun macabro tempo de desconto.

Co desplante á ANP, Cheney revalidou a afirmación de Sharon respecto á autoridade de Arafat, segundo dixo, fóra de xogo, tan irrelevante que podía prescindir del coa axuda de media ducia de tanques. Pero a intensificación dos métodos de forza non evitarán as accións violentas contra a súa poboación civil. Violencia e represalias forman parte da mesma espiral sen fin, do mesmo suicidio.

A política tradicional de Washington baseouse na premisa de que Israel podía armarse ata os dentes por razóns de seguridade, mentres que aos palestinos estáballes terminantemente prohibido facer o mesmo. A falacia desa premisa que hipoteticamente debería servir para proporcionar a Tel-Aviv a maior das seguridades posíbeis queda en evidencia coa aparición dos homes-bomba, outra forma de desesperación levada ao extremo.

> "Bush rachou calquer atisbo de ecuanimidade, inclinando a balanza a favor de Sharon, impoñendo un silencio vergoñento en Bruxelas"

Bush e o seu gabinete, a diferencia de Clinton, liquidou en poucos meses aquela imaxe de aparente arbitraxe que todas as partes coidaban de apadriñar e agarimar, a sabendas das súas poderosas fendas. A fin de contas, soamente a Casa Branca tiña e ten capacidade real para presionar a Israel. Pero Bush rachou calquer atisbo de ecuanimidade, inclinando a balanza a favor de Sharon, impoñendo un silencio vergonzoso en Bruxelas e moderando un pouco máis a reiteradamente tépeda condena árabe. Os gobernos de Estados Unidos e de Israel defenden os mesmos intereses. Hoxe máis ca nunca, sen complexos nin medias tintas.

O fracaso da política de Sharon é obvia a estas alturas e non se comprende, paradoxalmente, que a escalada de tensión propiciada nos últimos días non provoque nin a ruptura do gabinete (¿que fai Simon Peres de cómplice da súa estratexia belicista?), nin a multiplicación das iniciativas pacifistas dentro de Israel. O laborista Abrahan Burg, presidente da Knesset, habitual crítico coa política de ocupación dos Territorios que con Sharon recibiu un considerable impulso, semella a única voz disonante. Acusado polo Likud de proporcionar balóns de osíxeno a Arafat e de sabotear a política exterior israelí conducida polo seu propio compañeiro de filas, a radicalización de Sharon semella destinada tamén a eclipsar esta tentativa pacifista. Ás iniciativas de Burg, cómpre engadir o aumento de insumisos (máis de 300), aclamados como a "conciencia da nación" por Roman Bronfman, un inmigrante ruso e deputado de Opción democrática, ao remate dunha manifestación que reuniu a máis de quince mil persoas en Tel-Aviv a prol da paz e do diálogo. Ás poucas horas xa estaba ameazado de morte. A intolerancia de Sharon e dos seus partidarios non remata en Palestina senón que pretende extenuar aos seus detractores e extender os seus tentáculos cun verniz totalitario sobre o conxunto da sociedade israelí.♦

XULIO RÍOS é director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), www.igadi.org



A DEZ ANOS DA MORTE DE AVILÉS DE TARAMANCOS

Especial A NOSA CULTURA

Á venda en quiosques e librerías.

A NOSA TERRA

Fernando de la Rúa declara polas mortes do período final do seu mandato

O ex ministro arxentino Domingo Cavallo, detido por tráfico de armas

A.N.T.

O que fora superministro de Economía dos gobernos de Carlos Menem e Fernando de la Rúa, Domingo Cavallo, ingresou en prisión acusado de tráfico de armas. Ao tempo, noutro xulgado bonaerense, o ex presidente De la Rúa declaraba no xuízo que se segue polas 26 mortes producidas nos incidentes do final do seu mandato.

O xuíz Julio Speroni decretou prisión para Domingo Cavallo logo de detelo e facelo declarar pola súa suposta implicación nunha rede de tráfico de armas. Pola mesma causa xa estivera detido o ex presidente Carlos Menem o pasado ano. A xustiza arxentina investiga se Cavallo participou activamente nunha rede que lles vendeu armas a Croacia e a Ecuador entre 1991 e 1995.

Cavallo e os seus avogados previán este encarceramento desde hai tempo, xa que nas primeiras investigacións atribuíaselle ao tándem que el facía con Menem a responsabilidade final nos envíos. O ex ministro defendeu sempre a súa inocencia e recoñeceu publicamente que esperaba "saír rapidamente" da cadea.

Segundo as investigacións de Speroni, Menem e Cavallo artellaron un sistema de desvío de material bélico cara aos Balcáns (naqueles tempos en guerra) e cara a Ecuador, tamén afectada por un embargo internacional de armas. Cavallo foi o ministro encargado de asinar os convenios de envío de produtos militares a Panamá e a Venezuela naquela época, unha coincidencia que a xustiza tenta converter en proba da súa participación.

De la Rúa, indemne

Poucas horas antes, outro gran personaxe da política arxentina dos últimos anos sentaba diante dunha maxistrada. O ex presidente Fernando de la Rúa foi chamado a declarar pola xuíza María Servini sobre os incidentes dos últimos días do seu mandato, concretamente a detención ilegal de 29 dos 200 arrestados pola policía o pasado 20 de decembro de 2001.

Servini rexeitou preguntarlle ao ex presidente polos cinco mortos desa xornada nin pola súa implicación nas ordes de tortura e detención á policía. Tampouco permitiu que os fiscais interrogasen a De la Rúa por estes feitos. En realidade, o que fora líder do centro-esquerda arxentino limitouse a afirmar que soubo dos graves altercados polos medios de comunicación e esixiu da xustiza que investigue as mortes, botándose fóra de calquera implicación.

En realidade, a declaración de De la Rúa foi unha xogada mestra para libralo do lume da responsabilidade política e criminal sobre a represión brutal daqueles días de decembro. A xuíza Servini convocouno de maneira extraordinaria, nun prazo moi curto de tempo e sen informar ao xeito os fiscais. "No fondo", explicou un dos fiscais, "entre os avogados do ex presidente e a maxistrada asinouse un pacto tácito para que o seu papel no tribunal fose o de testemuña e cumprise co mandado da xustiza sen a máis mínima complicación".



O ex presidente arxentino Fernando de la Rúa.

Para outro deles, a atitude de Servini foi contraria aos máis elementais graos de ecuanimidade. "Non nos deixou preguntar polas mortes", afirmou, "e a indagación só serviu para cubrir aspectos formais. De la Rúa viña preparado para responder as preguntas que lle fixeron. Outra sería a historia se puidesemos realizar correctamente o noso labor".

Durante os incidentes do mes de decembro en Arxentina, durante o estado de sitio decretado polo goberno De la Rúa, morreron 26 persoas, a maioría a mans da policía ou en escuras circunstancias. Ademais, a represión foi moi dura e incluso se viviron escenas de tortura e detencións irregulares, que xa naqueles días denunciara a xuíza Servini.♦

Claras irregularidades nas eleccións de Ucraína

A.N.T.

Varias organizacións internacionais e todos os partidos da oposición ucraína denunciaron claras irregularidades no proceso electoral no que se escolleu o parlamento desta república ex soviética. Cos resultados aínda non publicados oficialmente, o actual presidente, Leonid Kuchma, poderá renovar o seu mandato.

O suposto gran vencedor das eleccións lexislativas de Ucraína do pasado 31 de marzo, o liberal Viktor Iushchenko, denunciou que os comicios estiveron dominados pola fraude e que os resultados, que lle conceden ao seu partido o 23 por cento dos votos, son escasos. Os comunistas acabaron en segundo lugar, co 20 por cento dos sufraxios e o populista Kuchma obtivo o 12 por cento.

As protestas tamén proviñeron do goberno estadounidense e da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE). Para Washington –que apoiaba a Iushchenko–, Kuchma tivo unha conduta impresentábel e pediu un seguimento puntual da situación no país. Ao tempo, denunciou presións de Rusia para manter no poder a Kuchma, malia que foron os propios EE UU os que favoreceron o seu réxime corrupto ao concederlle enormes sumas de diñeiro para que fechase a central nuclear de Chernobil e permitise o seu asesoramento na vixilancia das súas armas atómicas.♦

Os EE UU, implicados no inicio da guerra de Angola

A.N.T.

Xusto no momento no que se asinou o primeiro alto ao fogo en Angola en 10 anos, coñécense novos relatos da súa historia recente. O goberno estadounidense interviu en Angola antes de que o marxista Movimento Popular pela Libertação de Angola (MPLA) contase co apoio cubano para manterse no poder e defenderse da presión militar da guerrilla da União Nacional para a Independência Total de Angola (Unita). Así se desprende do estudo do historiador Piero Gleijeses sobre os documentos da CIA relacionados con este país africano.

Ata o momento, críase que eran verdadeiros os documentos da CIA que consideraban que Cuba tiña pensado mandar tropas á zona e informaban con sorpresa sobre os movementos de tropas de África do Sur en apoio da Unita, xusto no momento no que Portugal lle concedeu a independencia á súa ex colonia.

En realidade, todo aquilo foi unha estratexia do secretario de Estado do presidente Gerald Ford, Henry Kissinger, para ocultar o real papel dos EE UU no inicio da guerra. En realidade, o goberno racista de África do Sur recibiu ordes de intervir en Angola ao tempo que a CIA comeza a adestrar a Unita no sur do que entón era Zaire. Polo tanto, a intervención norteamericana foi anterior á chegada dos militares cubanos.

O daquela responsábel da CIA en Angola, Robert Hultslander, recoñeceu a culpabilidade do seu goberno no conflito. "Foi a nosa política a que causou a desestabilización de Angola", explicou para o estudo de Gleijeses. Segundo o seu testemuño, a CIA sabía que a facción comunista contaba co apoio maioritario da poboación e só se mantivo a guerra, que aínda perdura, gracias ao apoio surafricano e estadounidense.♦

Voces silenciadas

Moncho Leal

Cando isto escribo, Arafat defende dúas habitacións da residencia da Autoridade Palestina. Tal como van os acontecimentos, algúns comentarios perden actualidade en horas. Estas liñas queren ser unha reflexión sobre diversos feitos acontecidos nas semanas precedentes.

En Monterrey xuntáronse un feixe de dirixentes para falar de axuda ao desenvolvimento. Hugo Chávez foi interrompido no seu discurso pola presidencia, aducindo problemas de horario. O FMI falou canto quixo. Os delegados dos EE UU ausentáronse cando Fidel Castro deu lectura á súa comunicación. O discurso, do que falaremos noutra ocasión, foi calificado de duro, porque falaba de que a fame era un xenocidio. Fidel marchou antes de tempo polas presións dos EE UU.

Xa antes, no Cumio Alternativo de Porto Alegre, sectores eurocentristas impediron a presencia de Fidel e non lle deron tratamento oficial ás FARC de Colombia, nin ás Nais da Praza de Maio, entre outras organizacións.

En Beirut xuntábase a Liga Árabe e Israel prohibíalle a Arafat acudir. Fai unha mensaxe televisada para contrarrestar a ausencia e non a emiten, porque se saltou a quenda de palabra, dixeron.

Saramago di en alto o que pensamos moita xente. Que alguén estea confinado nunha zona, que teña que pasar barreiras todos os días, que poida ser detido só por ser dunha nacionalidade, que poida ser legalmente torturado, que sexa marcado no corpo, que se bloqueen hospitais é algo similar ao que fixeron os nazis. En Israel reaccionaron sacando os libros de Saramago das librerías.

Palabras silenciadas. Voces que repugnan ao mundo unipolar. Nesta película do todo vai ben, a contestación non pode ser dada a coñecer. A dúbida está prohibida. Pero a realidade existe. Non estamos no fin da historia.♦

2002
ABRIL | MAIO | XUÑO

Fundación Pedro Barrié de la Maza

VII CICLO DE JAZZ

Charlie Haden Presents Nocturne
Lugar: Palacio da Ópera, A Coruña
ABRIL 21:00h

Aziza Mustafa Zadeh (piano e voz)
Lugar: Auditorio Fundación Pedro Barrié de la Maza
ABRIL 21:30h

Ken Peplowski Quartet con Howard Alden
1ª sesión 20:00h
2ª sesión 21:30h
Lugar: Auditorio Fundación Pedro Barrié de la Maza
ABRIL
Música de Antonio Carlos Jobim

25 abril
VII CICLO DE JAZZ
MASTER CLASSES
Mulgrew Miller-NhØp
Alvin Queen-Benni Wallace
Inscripción: www.jazzvie.org

Mulgrew Miller-NhØp-Alvin Queen-Benni Wallace
1ª sesión 20:00h
2ª sesión 21:30h
Lugar: Auditorio Fundación Pedro Barrié de la Maza
ABRIL

CONFERENCIAS Martín Sarmiento. Ilustración, educación e utopía na España do século XVIII
20:00h
MAIO Conferencia de José Santos Puerto, autor do libro editado pola Fundación co selo do Pin das Letras Galegas

CONCERTOS DIDÁCTICOS
Pedro e o Lobo
de Serguei Prokófiev
MAIO 17:00h
MAIO 12:30h A cargo da compañía EXCÉNTRICA

II CICLO ÉTICA E CULTURA DA SOLIDARIEDADE

Prof. Muhammad Yunus
María vai mercado sen paraugas
MAIO entrada libre-aforo limitado
tradución simultánea

ECONOMISTA E MANAGING DIRECTOR DO GRAMEEN BANK DE BANGLADESH. PREMIO PRÍNCIPE DE ASTURIAS DA CONCORDIA, 1998

CONCERTOS DIDÁCTICOS
MAIO 17:00h **Cancións de A Campa da Lúa e de Historias de épocas medievais**
MAIO 12:30h A cargo da compañía La Hilera

II CICLO ÉTICA E CULTURA DA SOLIDARIEDADE

Jody Williams
Premio Nobel da Paz, 1997
entrada libre-aforo limitado
tradución simultánea

DEREITOS E RESPONSABILIDADES INDIVIDUAIS ANTE O MUNDO QUE QUEREMOS

IEEG PDM SEMINARIO **A estratexia das cidades e o desenvolvemento local**

Prazo ata o 3 de xuño

IEEG PDM SEMINARIO **A educación universitaria en España**
MAIO

Convocatoria
PREMIO RAÍÑA SOFÍA 2002
de Prevención de Deficiencias

CINE CLÁSICOS DE JAZZ

entrada libre-aforo limitado
20:30h versión original
ABRIL Director: Howard Hawks
Nace unha canción
A Song is Born (1948)

20:30h versión original
ABRIL Director: Howard Hawks
Ascensor para o cadafalso
Ascenseur pour l'échafaud (1957)

RETIRADA DE INVITACIÓNS GRATUITAS

- Charlie Haden Presents Nocturne
- Aziza Mustafa Zadeh
- Ken Peplowski Quartet
- Mulgrew Miller- NhØp-Alvin Queen-Benni Wallace

DOMINGO, 21 DE ABRIL, A PARTIR DAS 12:00h NA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

MARTES, 23 DE ABRIL, A PARTIR DAS 19:30h NA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

Máximo 2 invitacións por persoa

Cantón Grande, 9 - 15003 A Coruña
Tel. 981 22 15 25 - Fax 981 22 44 48. info@fbarrie.org

Banco Pastor

Exposición e Venta de publicacións
De martes a venres:
17:30h-21:30h
Ata as 20:00h o sábados
12:00-14:00 e 17:30-20:30h
Entrada gratuíta

Visitas concertadas
De martes a venres:
11:00-13:00h e 16:00-19:30h

Museo de Catedral de Santiago de Compostela
10:00-17:00h e 16:00-19:30h
Domingos e festivos:
Peonada turística

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

Eduardo Blanco

‘O PP exerce un control sobre o deporte propio dos réximes totalitarios’

CARME VIDAL

Profesor do INEF-Galicia, Eduardo Blanco ten unha longa traxectoria de xestión e política deportiva en cargos como director do Servicio Municipal de Deportes da Coruña –concello do que foi tenente de alcalde de 1987 a 1993–, director do gabinete do Secretario de Estado para o Deporte e Director Xeral de Infraestruturas e Servicios do Consello Superior de Deportes nos gobernos do PSOE. Eduardo Blanco participou na XIX Semana Galega de Filosofía que xira arredor do deporte, onde cualificou a actuación da Xunta en materia deportiva de clientelar e intervencionista no tecido asociativo.

PACO VILABARROS

Vostede cuestiona a constitucionalidade da lei Xeral do Deporte de Galicia.

Hai uns artigos da lei e tamén unha práctica da Secretaría que se materializan nunha forma de politizar o deporte e tentar exercer un control excesivo sobre o asociacionismo. Nos artigos 18 e 19 da Lei subxace unha filosofía de intervencionismo que é unha barbaridade. A Secretaria Xeral para o Deporte ademais de carecer dunha política deportiva seria exerce un control que mesmo podemos comparalo co que pasou en países totalitarios nos que o deporte foi utilizado desde o poder para controlar a mocidade, as asociacións.....

¿Podería dar algún exemplo dese control político do deporte?

Normalmente quen xestiona as instalacións deportivas comunitarias son os municípios xa que están concebidas como servicios locais. Desde hai un tempo a Secretaria Xeral para o Deporte meteuse na xestión pública das instalacións e isto xenerou un centralismo, no seu momento utilizando a Asociación de Federacións Deportivas Galegas que é un ente que non se sabe ben a que obedece e do que non forman parte todas as federacións, senón só catro ou cinco. A Asociación de Federacións foi encargada de xestionar instalacións deportivas de barrio. Na Coruña había dúas políticas deportivas paralelas, a do concello e a da Xunta, nalgún momento enfrontadas. Como esta situación podía estoupar, non hai moito creouse a Fundación Deporte Galego que ofrece a xestión de instalacións en moitos municipios.

Vostede é un especialista en xestión deportiva ¿como ve o modelo do PP?

Non ten. É unha política clientelista, baseada na subvención e no control do asociacionismo, particularmente das federacións, e das instalacións deportivas.

¿Cal é o interese político do deporte?

Que vende e é mediático, en especial, o deporte de alto nivel. A min sorprendéronme hai pouco unhas declaracións do director xeral que alardeaba do nivel deportivo de Galicia e puña como exemplo os éxitos do Celta e do Deportivo. Dicir iso é querer enganar a sociedade porque o nivel deportivo mídese polo número de cidadáns que fan deporte.

¿En que posición estamos a respecto dese uso comunitario do deporte?

É difícil dicilo porque non hai estudos e esa é outra cuestión que se lle podía achacar á administración deportiva porque serían necesarios para facer realmente unha política neste campo. A lei contempla a elaboración dun Plan Xeral de Instalacións Deportivas que non existe e estanse a facer investimentos sen planificación. Investiuse en instalacións sen que existisen uns criterios previos.

¿Existe entón un nivel aceptábel de instalacións de uso público?

Nos últimos vinte anos Galicia transformouse, se falamos de instalacións deportivas construídas. Fixéronse moitas, aínda que sen programa, cando as instalacións non poden ir á marxe da política urbanística. Estamos moi mediatizados polo espectáculo e moitas das instalacións son construídas baixo os canons do deporte federado. Fanse investimentos para conseguir deportistas de alto nivel e se a isto se engade que a asignatura de Educación Física é un mero elemento decorativo do currículo escolar, é fácil darse conta de que a política deportiva é de trinque. O que interesa é utilizar a Educación Física na escola para que o día de mañá os cidadáns teñan interiorizado o hábito físico-deportivo, e iso non se fai.

¿Promocionanse desde a Xunta os deportes tradicionais?

Carece completamente dunha política de respaldo e apoio a este tipo de prácticas contra o que pode pasar en casos como Castilla y León, Canarias ou outras comunidades con arraigo en deportes autóctonos e tradicionais. Unha política seria tiña que contemplar tamén a promoción destes deportes.

¿Que urxencias existen en Galicia en política deportiva?

En primeiro lugar, que o goberno galego tivera un programa de actuación. Ten moito presuposto en materia de investimentos pero non se apoia nos municipios. Non é que teña que dicirlles o que teñen que facer, pero sería convinte a existencia dunha plataforma de encontro, de coordinación, de achega de recursos e de ideas.

Falaba vostede do apoio económico da Xunta ao Celta e Deportivo, que son sociedades anónimas.

Coido que se poden establecer marcos de colaboración, pero con contraprestacións. O que non comparto é un apoio que vaia en detrimento doutras necesidades ás que a Xunta tiña que responder. Estase a dar un respaldo a sociedades anónimas deportivas cando o fútbol, en xeral, ten moitas carencias, entre outras, de campos. O deporte cada vez é máis consumo, no fútbol vemos como iso se manifesta pola vía do espectáculo con moitos millóns de euros en xogo pero tamén están os casos dos que se aboan aos ximnasios. Un exceso do sector privado vai tamén en detrimento do tecido asociativo.

¿Está debilitado o asociacionismo deportivo?

Claro. Na medida en que hai un intervencionismo excesivo do poder político ou unha actividade privada moi forte, as asociacións languidecen. Hai que apostar por un tecido asociativo maduro e independiente. A sociedade civil organizada debía ser a encargada da xestión de instalacións e da organización de actividades e iso garantiría a participación directa da cidadanía no deporte.♦

Lingua e literatura en Compostela

Comezan o 12 de abril as XII Xornadas de Lingua e Literatura da CIG e AS-PG en Compostela. Tres días de seminarios, debates e presentacións de materiais útiles para os docentes, que acostuman ser maioría neste encontro. A conferencia inaugural, impartida por Francisco Carballo, titúlase *A alfabetización na lingua propia: unha proposta de Sarmiento*. O programa complemántase coa actuación de Carlos Blanco e a proxección de *Castelao e os irmáns da liberdade*, de Xan Leira.♦

Un día para os lectores novos

O aniversario de Hans Christian Andersen celebrouse un ano máis en Galicia con actos de promoción da lectura. A asociación Galix fixo que os nenos hospitalizados en Santiago e Vigo recibiran a visita de escritores no día do Libro Infantil e Xuvenil, o 2 de abril. Asimesmo a Xunta e a Federación de Libreiros editaron o libro *Tres pegadas,* de Fina Casalderrey, Pazo Martín e Magdalena de Rojas, con 40.000 exemplares para repartir entre os pequenos lectores.♦

Sarabela triunfa nos *María Casares*

Sarabela Teatro acaparou os galardóns do María Casares deste ano xa que recibiu seis dos sete premios aos que estaba nominada pola montaxe *Sexismunda*. Mellor espectáculo; actriz protagonista para Elena Seijo; actor secundario para Josito Porto; adaptación; maquillaxe e iluminación foron as categorías nas que foi premiada a compañía dirixida por Ánxeles Cuña. Roberto Vidal Bolaño foi recoñecido como mellor actor polo seu papel en *Os papalagui*.♦

Ana Pillado na galería *Citania*

Desde o cinco de abril e ata o quince do vindeiro mes de maio permanecerá aberta a exposición de Ana Pillado na galería Citania, na que amosará as súas últimas creacións de pintura sobre madeira. Para a artista da Coruña o corpo, especialmente o da muller, é a súa materia prima fundamental, como elemento co que se pode experimentar. Nos últimos tempos, ademais de con madeira, a pintora traballa con novos materiais como cemento e escaiola.♦

MILLADOIRO, e van dezaseis

Nº 1.028
Do 4 ao 10 de abril de 2002
Ano XXV
AN NOSA TERRA
Cultura

Voz Noticias

A A *Semana de Filosofía* pontevedresa situou a Galiza na vangarda do pensamento ao tomar o deporte como motivo de reflexión. Tamén volvemos a ser vangarda na música. Se no pasado número era o novo disco de *Luar na Lubre*, esta vez tócalle a *Milladoiro* e a antoloxía, xa á venda, de Carlos Núñez. Por último hai que lembrar que, xa próximo o Día das Letras, intensifícanse os actos sobre Sarmiento e as edicións preparadas ao efecto copan os andeis de novidades galegas das librarías.♦

Cultura

Os intelectuais no campo de fútbol

A XIX Semana Galega de Filosofía reflexiona sobre o deporte

A.N.T.

"O deporte parécese á relixión, pola confianza que nel teñen os crentes e pola desconfianza dos intelectuais". A celebración da XIX Semana Galega de Filosofía bota en certa medida abaixo a frase pronunciada por un dos seus ponentes. Co tema "Filosofía e deporte" máis de vinte intelectuais están a abordar en Pontevedra entre os días 1 e 5 de abril o fenómeno deportivo.

Os intelectuais achegáronse ao deporte cunha grande espectación do público. PACO VILABARROS

A coordinadora da Aula Castelao de Filosofía, organizadora do congreso, sinalou na apertura que foron moitos os que se extrañaron dese achegamento da filosofía ao mundo do deporte. Carme Adán afirmou que a filosofía non podía quedar á marxe dun fenómeno de tales dimensións –"que dunha maneira ou outra nos implica a todos"– e remontouse á relación que na época clásica tiña co mito e o rito, fundado polos deuses para formular unha ristra de preguntas que ian suscitar o debate durante cinco días: "¿a servicio de que divinidade está o deporte? ¿produce novos mitos, novos herois?, ¿que función social teñen eses novos herois?

As preguntas tiveron no sociólogo francés Jean Marie Brohm algunhas das respostas máis contundentes. Director da revista *Prétentaine* –que conta no seu consello de redacción con nomes como Edgar Morin, Ignacio Ramonet, Jacques Derrida ou Paul Ricoeur– Brohm non dubidou en falar da "relixión atlética do século XX" como "opio do pobo por excelencia". O deporte, ao seu ver, non está á marxe do trunfo do mercado e o pensamento único e a súa ocupación do espacio público "impulsado polas grandes multinacionais deportivas, xeraliza unha falsa conciencia e banaliza ideoloxicamente a centos de miles de telespectadores". O capital é, para Brohm, o motor do deporte do que descubriu funcións ideolóxicas como o efecto propagandista do prestixio, a creación dun telón que oculta a realidade sociopolítica (o mundial na Arxentina de Videla), a ideolatría coa identificación colectiva, por exemplo, con Zidane, a función narcótica que o convirte na lenda contemporánea ou o disfrute que esquece a frustración diaria.

Da mercantilización do deporte despréndese, segundo o sociólogo da Universidade de Hamburgo, Klaus Heinemann, que os responsabeis "o son tanto da estrutura do deporte como do éxito económico da organización que teñen ao seu cargo" e, neste sentido, o *doping,* é un exemplo que pon luz sobre como as condicións de mercado trunfan sobre os principios éticos. "Necesítase un deporte limpo, sen dopaxe, pero é imposíbel nun deporte de alto nivel. O éxito é cada vez máis importante e o problema está agora en atopar substancias estimulantes que non se detecten" sinalou e chamou a atención sobre o feito que cando se detectan nas competicións é en deportistas de países menos desenvolvidos, que non teñen as fórmulas para burlar os controis nas competicións.

O capital é tamén o que rixe a "colonización" dos deportes nos medios de comunicación. O escritor e xornalista Manuel Vázquez Montalbán explicou así, por exemplo, a saturación de golf dunha cadea televisiva, a decantación cara uns ou outros deportes que se acaban convertindo "de masas". Montalbán comparou o ritual deportivo co relixioso. Define así o fútbol como unha relixión laica, con deuses venerados, ritos e disfraces e mesmo falou da posibilidade dun partido de fútbol sen espectadores nas bancadas e con milleiros diante das cámaras de televisión, "coma se fose unha misa retransmitida".

Preguntouse tamén Jean Marie Brohm: ¿como non se vai a preocupar a filosofía deste debate cando todo o planeta se ocupa?. Un dato deitouno sobre a mesa o antropólogo da Universidade do Porto, Rui Garcia: un 70% da poboación non ten teléfono pero un 75% da humanidade viu simultaneamente a final do mundial entre Brasil e Francia. Rui Garcia dixo que no deporte persiste a violencia simbólica que ven das ceremonias relixiosas pero non unha violencia real que é, en todo caso, "excepción, non a norma". En cambio, para Brohm, a competición relacionase directamente co mundo da guerra. "O deporte é unha cultura depredadora, cada vez son máis extrema e neste momento seméllase ao circo e aos touros. É, neste sentido, antidemocrático. Non é cultura senón anticultura da que non quedan productos, só sucesos efímeros, soños e pesadelos" afirmou.

Espectáculo e política

Camiñou o deporte, para o profesor do INEF-Galicia, José Luís Salvador, cara o espectáculo e, na sociedade actual, pasou a ocupar o lugar da participación política dos cidadáns. "Estamos bloqueados, sen posibilidade de responder e é no fútbol onde podemos facer crítica e opinar. O fútbol converteuse na política do noso tempo", apuntou.

Contra o deporte espectáculo que responde á economía de mercado, o xornalista Afonso Eiré presentou un plano para a recuperación dos deportes tradicionais galegos. "Os deportes sempre foron usados tanto como feito diferencial-cultural como factor identificativo e de cohesión social-nacional. Como fenómeno de masas é usado tanto para reforzar os prexuicios reaccionarios como para por a súa forza de universalizar hábitos e linguaxes a prol das ánsias liberadoras no aspecto nacional e social", afirmou o autor de *O fútbol, espello da sociedade*. Además de sociólogos, xornalistas ou filósofos, o debate de Pontevedra foi especialmente interdisciplinar con intervencións como a do arquitecto Xosé Lois Martínez que reclamou un crecemento equilibrado das cidades nos que os equipamentos deportivos xoguen "o papel de ámbitos simbóicos nucleadores e vertebradores da coesión social e forxadores da sempre necesaria identidade á escala intermedia entre o individuo e a cidade" ou a do profesor Ricardo Gurriarán fixo un repaso sobre a historia da incorporación do deporte ao ensino e a súa utilización en determinadas épocas como transmisor de valores militaristas. Do debate participan tamen deportistas como o xogador de baloncesto Juan Antonio Corbalán, Chus Lago, María Jesús Sanguos ou Sebastián Rodríguez (Chano).♦

'As mulleres xogan na casa do rival'

"As discriminacións existen porque o mundo do deporte –tal como a ideoloxía hexemónica o concibe, non tal como é– segue a ser un mundo que favorece aos homes en detrimento das mulleres" dixo a socióloga do deporte da Universidade de Barcelona, Nuria Puig para quen as mulleres xogan "en campo contrario". O mundo da esfera pública non é neutral en valores e normas "senón masculino e quen accede ao mesmo debe medirse a partir destes. De aí que teñan moitas máis dificultades para ser recoñecidas e valoradas. Además, xunto a estas condicións xa de por sii desfavorábeis, hai claras manifestacións por parte de sectores de homes para que nada cambie; resístense activa e conscientemente a dar entrada ás mulleres no deporte". Pola súa parte, a directora do seminario permanente "Muller e deporte" da Universidade Politécnica de Madrid, Benilde Vázquez centrou a súa intervención na sacralización do corpo "manifestada a través dos ritos e lugares etemplos onde se ensalza que fixo pasar do cultivo ao culto ao corpo, do banco dos acusados ao pedestal dos deuses". A discriminación no deporte foi tamén tema que abordou Jean Marie Brohm para quen a clasificación xerárquica entre homes e mulleres, vellos e novos, válidos ou non achégase ao racismo, creando corpos con modelos cibernéticos. "Por todo iso o deporte é unha ideoloxía reacionaria na que non hai lugar para as mulleres. É un mundo terribelmente machista", concluíu o sociólogo.♦

Dúbidas

VÍTOR VAQUEIRO

Ás veces, escreber unha coluna, converte-se nun esforzo ecuménico, unánime –por imitar a Borges. Entón un dubida, fai que a sua memoria percorra diferentes andeis, mais ningún satisfai os miolos do escrebedor metido a xornalista. Un remexe en recantos afastados e lembra algún libro do que pagase a pena facer unha alusión, un breve comentario. Os recordos leva-no a textos que o fixeron renacer e lembra, inexorabelmente, a Hermann Broch e *A morte de Verxilio*, *A pel do lobo*, e Hans Lebert, a *Corrección* e Bernhard, a Kafka e *O castelo*, a Confucio e *Os catro libros clásicos*, a *Xulio César* e Shakespeare. Mais un non acouga, loita consigo mesmo, e pensa en Gea Escolano, o que nunca defrauda e que posúe un catálogo tan amplo de *gags*, de necidades, de achados surrealistas –un hesita como cualifica-lo– que resulta ser un ente imbatíbel en todos os terreos da insensatez e –por pormos só un exemplo– hai poucos días, agasallou á sua fiel clientela coa magnífica pérola de que o Espírito Santo non admite demisións, cousa que, verdadeiramente, resulta unha verdade como un templo, por empregar unha metáfora, *ad hoc*. Sen embargo, por obvia, a ninguén se lle ocorre formula-la, da mesma maneira que ninguén postula, igualmente por obvio, que Xesús Cristo non protagonizará a vindeira fita de Almodovar, que Deus non pensa candidatar-se para deputado autonómico, nin a Virxe Maria proxectar-se á fama como modelo na pasarela Pontus Veteris, nen sequer na Cibeles. E un segue a remexer no seu cerebro e pensa en Arafat, acusado de terrorista, paradoxalmente, por quen asasinou a lume e ferro e sangue e arrepío a xentes indefensas en campos de exterminio, que diga refuxiados, e que, arestora, se acha reclamado pola xustiza belga como o criminoso que é. E, de súpeto, o escrebedor metido, como un intruso, a cronista, a furtivo da escrita, alanca o corredor do seu fogar, follea unha revista e le algunhas opinións de Mario Muchnik sobre literatura nas que afirma que, canto máis se rebaixa o nível, a máis xente se chega e que os premios –e sinala exemplos– se amañan e que existen autores incorruptíbeis e salienta, entre eles, a Cortázar, Calvino ou Canetti e afirma, magnífico, que non existe literatura infantil, paréntese persoal: ¿quen ousará dicer que Gulliver é literatura infantil?, fecha-se a paréntese. E o escrebedor furtivo entende que xa ten esa idea que precisaba mais entende, tamén, que lle chegou moi tarde e que xura –ou promete, que é laico– abalroar o tema en data próxima.♦

Milladoiro presenta *O Niño do Sol*

O grupo rescata a voz de Faustino Santalices

A.N.T.

Nos últimos retoques do disco *O Niño do Sol* andan estes días os integrantes do grupo Milladoiro. Fai o número dezaseis da súa discografía e o mes de maio é o escollido para apresentalo. Un dos aspectos chamativos do disco é a resurreción dixital da voz de Faustino Santalices, mestre da gaita e da zanfona falecido en 1960. Pepe Ferreirós, gaiteiro do grupo, asegura que o *son Milladoiro* esta asegurado pero "con sorpresas".

Voz Noticias

As novas tecnoloxías permiten milagres como o dúo de Milladoiro e Faustino Santalices no Alalá das Mariñas. "Para nós o de rescatar a voz xa viña de atrás. Santalices sempre foi un personaxe de referencia para o grupo, polo cal sentimos unha grande admiración. Agora que a técnica o permite pensamos ¿por que non facelo?", explica.

O disco afonda na liña do grupo: relectura de temas tradicionais combinados con composicións propias. Milladoiro procura sempre un novo aporte instrumental para a música galega. Non é doado para Ferreirós describir o decimosexto disco do grupo e reitera que a etiqueta segue sendo inconfundíbel. "Pero eu que levo moitos anos traballando coa música tradicional, chamoume a atención ao escoitalo. Non me gusta o adxectivo, pero este disco ten algo de raro. Sorprenderá. Quizais puxamos máis pola corda e menos polos teclados respecto a traballos anteriores", sinala.

A cantante galega Laura Amado é a voz femenina nunha das cancións. Sorpresa é tamén a inclusión dun *bonus track*, ese regalo que algunhas veces os artistas ofrecen ao seu público, no que acompañan a cantante folk americana Kathy Mattea. *Millworker* é un tema de James Taylor que Milladoiro e a cantante tocaron xuntos por vez primeira hai dous no Café Milano de Nashville. Mattea pediulles que o grabaran de novo para o seu derradeiro disco e Milladoiro preguntouse por que non sumalo tamén ao seu *O Niño do Sol*. "Obviamente non entra dentro do caracter xeral do disco, é unha peza moi distinta", explica o gaiteiro.

Estes días andan por cinco das sete Illas Canarias dando concertos e avanzando xa algúns temas do disco. Despois comezarán as actuacións na península que culminan coas presentacións en Italia, Holanda e os estados Unidos. E, de novo, o Xapón o vindeiro ano. "Temos unha relación extraordinaria con este país. Estivemos alí catro ou cinco veces, pero o público acéptanos moi ben. Por esta razón decidimos incluir no disco un texto de Tetsuo Uchida, un critico dunha prestixiosa revista nipona de world music. Queriamos unha voz que amosara como nos ven desde unha cultura tan alonxada non só xeograficamente senón nos seus costumes".

Non esquecen os *Milladoiro* o empaque do seu producto. Distínguense por mimar a súa paxina web *milladoiro.com.* na que se pode coñecer a biografía e últimas novas do grupo e na que está dispoñíbel o disco o oito de maio, sete días antes de que chegue ás tendas. O novo compacto envólveno en colaboracións como a do fotógrafo Xurxo Lobato e o escultor Francisco Leiro que realiza os debuxos. O que ven dentro do envoltorio poderase escoitar en poucas semanas.♦

Cultura

NARRATIVA




J.A. Xesteira e Juan Kruz Igerabide.

Do escepticismo ao amor

A visión da vida en dúas novelas para a mocidade

Títulos: Blues da ría / Helena e o solpor.
Autores: J.A. Xesteira / Juan Kruz Igerabide (versión galega de Mario Unamuno).
Editan: Xerais / Galaxia.

Viaxaremos hoxe ao mundo da narrativa para mozos e mozas, a través de dúas propostas editadas en coleccións emblemáticas: "Fóra de xogo" (Xerais) e "Costa Oeste" (Galaxia). Dúas maneiras de ver e entender a vida.

Blues da ría presenta un asunto detectivesco, con fondo negro, que debe resolver un protagonista (ex-policía) en proceso de recompoñer unhas facultades mentais que están un tanto alteradas e que, precisamente por iso, lle permiten presentarnos Vigo como se dunha cidade estadounidense se tratase (San Francisco ou Los Angeles, sobre todo). E se Praia América se volve Malibú ou a Ponte de Rande é o Golden Gate, aínda que só sexa nominalmente, nada nos estrañará que á Caixa de Aforros lle chame Chase Manhattan Bank, e que pida o *Chronicle* en lugar do xornal local: ou que fale de Alcatraz, Sunset Boulevard, Saint Martin Mision, Marin Country, Sausalito, Chinatown... Unha visión fondamente irónica, que debe interpretarse desde a grande penetración que os EE UU e o seu modo de vida teñen no decorrer dos nosos días, que se materializa empregando como instrumentos todo tipo de manifestacións (culturais, paraculturais, políticas, económicas...) deica integrar a súa realidade (por allea e diferente que sexa) no noso mundo cognoscitivo. Un procedemento que lembra o empregado, con máis intensidade e decisión, por Isy New (Isidro Novo) en *Por unha presa de machacantes* e que presta, se se quere, un ton paródico (Galiza como parodia dos EE UU por extensión) que fai nacer o sorriso aínda que haxa acontecementos ben graves na trama, e tamén fai pensar...

Polo demais, nesta novela que segue ao pé da letra os convencionalismos xenéricos, pouco hai a salientar. Basicamente, a novela é o conflicto a resolver, as personaxes teñen ben pouco peso no conxunto da trama, son simples instrumentos nas súas mans. Quizá se deba ao formato folletinesco para o que está escrita a novela, pois foi unha das finalistas no certame convocado en *La Voz* o ano pasado, de ai os 31 capítulos e a súa brevidade.

Do resto, abóndalle con manter o suspense de maneira efectiva á vez que ofrece unha lectura desenfadada e rápida. O que si é curioso, ou non tanto, é que rematara nunha colección para mozos, porque non son precisamente discursos deste talante os preferidos polos mozos e mozas de hoxe e agora, nin serían, case con toda seguridade, eles o lectorado maioritario que tería, de ser a gañadora, nas páxinas do mentado diario.

Entre o amor ideal e a realidade cega

Helena e o solpor, a novela de Juan Kruz Igerabide, é ben distinta da anterior. En seis capítulos cóntasenos os primeiros contactos do protagonista co amor, ese tema tan tópico, pero que nunca perde interese. Como é lóxico, esta é unha novela que reborda sensualidade e tenrura, pero evitando sempre a sensiblería fácil e inútil. En seis capítulos, en seis solpores, pois é frecuente que o capítulo remate nun solpor, cabe todo o amor do protagonista por Helena, pero tamén cabe toda a vida que o rodea, a difícil vida nun arrabalde obreiro que depende case en exclusiva do traballo que proporciona unha vetusta fábrica de parafusos. O protagonista, que tamén é o narrador, dá conta de todo aquelo que afecta á súa vida e como lle afecta, e refireo con delicadeza unhas veces (todo o relativo a Helena, ou á moza morena do parque) e outras con clareza e naturalidade (aquelo que ten que ver coa fábrica, co sustento que hai que buscar), dous tons que o contraste fai máis contundentes. Desde estes dous parámetros, as personaxes e conflictos que poboan a novela, rematan por sernos moi próximos, por introducirse nos nosos sentimentos, o que eleva o interese con que lemos, por que todos sabemos que a vida é unha oportunidade para amar e ser amado/a nun mundo ao que lle importa moi pouco o que nós sintamos ou deixemos de sentir.

O mesmo autor, nunhas palabras a modo de introducción que preceden á novela, declara a débeda que *Helena e o solpor* ten con *Yamila* (Chinguitz Aitmatov). "O narrador, unha parte de Helena (a outra é tomada da *Ilíada*) e mais Daniel baseanse nos tres persoanxes protagonistas de *Yamila*. Por suposto, o ambiente, o tempo, os problemas son distintos dabondo".

Helena, o centro da novela, resulta ser unha personaxe absolutamente ideal, definida pola relación que as demais persoanxes manteñen con ela, moza loira fermosísima que vive a vida como pode pero sempre enchendo de alegría todo aquelo que estea ao seu carón. De Helena namorarase o protagonista inconfesablemente aínda que ela sexa maior que el. De Helena todos se namoran: é a filla que toda nai e pai quixeran, é a muller que todo home quixera. Helena, un convite ao amor. Da outra banda, a moza morena que o narrador-protagonista ve no parque, na actualidade da lembranza, mentres está narrando. A moza morena que tamén é capaz de espertar unha ollada amorosa, cla, que é cega. Péchase así o simbolismo: por un lado Helena (o amor puro, inocente, a porta á vida, pasado) por outro lado a moza morena (cega, a realidade, o futuro).

> Dunha banda Helena, a moza ideal da que todos se namoran, da outra a rapaza morena que o protagonista ve no parque

Cómpre salientar que o idealismo de Helena non fai perder nunca o norte realista, e ambos combínanse de maneira moi coidada e efectiva, nunha simbiose salientábel cando, como aquí, é lograda.

Nin sequera o remate de Helena, propio dunha traxedia e cun algo de deus ex machina, descompón o conxunto. Existe a posibilidade de deducir unha visión pesimista da vida, pero iso sería unha grande inxustiza porque esta é unha novela fondamente vitalista que reivindica eses mometnos dourados do existir, pero que, coma calquera outro instante, tamén rematan e por iso mesmo son tan preciosos.♦

XOSÉ M. EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. O ladrón de esperma.
Xavier Queipo.
Xerais.

2. Harry Potter e a pedra filosofal.
J.K. Rowling.
Galaxia.

3. Memoria para Xoana.
Marica Campo.
Espiral Maior.

4. Ganga.
Antón Lopo.
Xerais.

5. Santos e defuntos.
Gonzalo Navaza.
Xerais.

NON FICCIÓN

1. A vida do Padre Sarmiento
Carlos Casares.
Galaxia.

2. A carreira do salmón.
Suso de Toro.
Xerais.

3. Carolina Otero.
Marga do Val.
A Nosa Terra.

4. Martín Sarmiento na Ilustración
Xosé Luís Barreiro.
Bahía Edicións.

5. Manual de Gramática Galega.
Xosé Ramón Freixeiro Mato.
A Nosa Terra.

Librarias consultadas:
***Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).**

CONTA DE LIBROS

A filosofía de Harry Potter

O neno mago máis famoso do mundo xa fala en galego tras o acordo da editorial Galaxia con Salamandra, responsábel das edicións en castelán.



Marilar Aleixandre é a tradutora de **Harry Potter e a pedra filosofal**, o primeiro libro da saga asinada pola autora británica J.K. Rowling. Nenos e adultos poden mergullarse nas peripecias deste pequeno orfo que ingresa na escola de maxia Hogwarts. O protagonista atopará unha familia neste particular colexio xunto aos seus amigos Hermione e Ron Weasley.♦

Para achegarse ao Courel

O Courel. A serra das aldeas de lousa é título dunha nova naturguía de Edicións do Cumio. O seu autor, Manoel Santos, convídanos a un percorrido "polas abas, bicos, ribeiras e aldeas dunha das xoias da natureza de Galicia, pero téñase en conta que xamais pode servir como substituta nin tan sequera dun só minuto de estancia real nas terras de Novoneyra". Preparou varias roteiros por Quiroga, Pedrafita e Folgoso do Coures, que chegan ate O Courel en León, é dicir, a Veiga de Valcarce, Barxas e Oencia. A guía inclúe un mapa detallado.♦



Intres poéticos

Para Rosa Martínez Méndez, veciña de Vigo, **Intres** é a súa primeira obra poética publica. Esta escritora, que pertence ao colectivo Brétema de poesía, condensa no voume publicado por Ediciones Cardeñoso cincocentos cincuenta poemas ao redor da marxinación, do sexo, das mulleres, da música, do galego e, tamén, dos xeitos de ser da xente. Son poemas sinxelos sobre todo aqueles aspectos, moitos, que a esta autora preocupan.♦

POESIA

Calor, cinco anos despois

Actualidade do primeiro poemario de Manuel Darriba

Título: Calor.
Autor: Manuel Darriba.
Edita: Espiral Maior.

De cando en vez sorprende a memoria e chouta ao incerto lugar das palabras un libro afastado. Libros que naceron silandeiros hai tempo, sen darse á cousa pública en aparatosas presentacións, libros que naceron das horas porque non existen poetas, senón poemas. Libros que nos collen en longo percorrido, no fondo de razadas lenes de poesía.

Velaí o caso do pequeno mais intenso poemario que Manuel Darriba (Sarria, 1973) xornalista e narrador recoñecido, alumou en 1997, *Calor*. Poemario que transcorreu desapercibido no seu día e que, xa con cinco anos, retén engado crepuscular e sabedoría de lume mollado onde houbo fogo.

Neste libriño, apenas trinta e seis poemas, míranse de frente o peso do ar en verán, nunhas tardes lentas, lentas, acaso asexantes "tamén a luz / e o aire pasa languidamente". Míranse palabras sobre o discorrer do tempo. Entón, coma noutros sitios de *Calor*, descubrimos as lecturas do Jaime Gil de Biedma, "só escribo arredor do paso do tempo". Nunha escrita, a de Darriba, que abala no cotián, no coloquial (os americanos: Roque Dalton, certo Nicanor Parra, Benedetti...) no que se atopa a rara forza, incontíbel, da vida, recollendo amais o pouso daquela afirmación do poeta inglés T.S. Eliot: "ninguén debería escribir nun poema palabras que non fose quen de empregar nunha conversa".

Así estes poemas falan (o poema debe falar, non ser escrito, eis a poesía) coa moleza que outorga esa calor do título, sobre os amores que sentan no fondo de nós. Falan de mulleres e de realizarmos o paraíso na terra, en cada un dos sentidos "e verei /Lilí / a través do teu martini xeado / o cansazo de tódolos soldados do mundo". Esas mulleres adquiren nomes cinematográficos, Glenda, Bárbara, mesmo ninguén se estrañaría de que Lauren Bacall se chamase Paula, esta sae nos poemas, nalgún filme.

Como todo o que remata, ponse triste o verán en setembro, "ese mes con resonancia a tempo gastado" en verso de Helena de Carlos. Quen, por certo, podería ensarillar con Darriba nas súas maneiras de enxergar a poesía.

A tristura interior, pechada, invade o escritor, invade tamén un planeta volto alleo en palabras que describen a contradición entre individuo e mundo. Entre o mundo en derrubamento e as sensacións enfrontadas que iso provoca "porque o mundo occidental se ven abaixo / e eu vólvome amargo polo mundo occidental". Que ben acaen estas palabras aos xornais de agora mesmo. Non chora cando cae a face vencedora da guerra fría. Fica agre quizais porque estamos no cerne da explosión. Desaparece en *Calor* aquela raia impostora que tentou arredar poesía de poesía social. Non resulta o poema de Darriba unha arma que guindar, porén si a impotencia de resolverse nunha terra sen resolver. E se cadra a súa profesión empécelle non dicir o que sucede ao noso redor.

> Desaparece en *Calor* aquela raia impostora que tentou arredar poesía de poesía social.

Ningún exceso formal lastra os poemas. É un libro exacto, de ton preoutonal. Presaxia a substitución da calor ambiental, inevitábel, do verán, pola estancia maina, mellor en brazos, que gardan as casas o resto das estacións. Apágase a luz coa néboa da choiva. Quérese acubillo sinxelo para lembrar illas e praias húmidas, para lembrar a xeografía que envolve a existencia (Sarria, La Habana, Mondoñedo, San Cosme de Barreiros, Chipre). Os amigos van chegando ou xa se foron e, finalmente, o patio traseiro da memoria, o esquecemento, acolle todo o que pode "e sucedeu entón que se agrandou o esquezo / fíxose grande, desmesurado / e nin así collía todo".♦

DANIEL SALGADO

Poemas en formato dixital

A revista *Poetas de Orpheu* busca lectores por internet

Título: Poetas de Orpheu.
Autores: Varios.
Enderezo electrónico: www.orpheu.com

Poetas do Orpheu é a aposta por unha maneira diferente de editar poesía fóra das que podemos considerar canles habituais na venda e distribución e polo tanto no seu coñecemento por parte dos lectores potenciais que pode ter a colección xa que non a atopamos nas librerías, só temos acceso a ela por medio da revista Orpheu e do seu enderezo electrónico. Este feito contradí un dos obxectivos principais da colección, o achegamento ao maior número de lectores, de aí que seña bilingüe (español-portugués).

O veterano Kepa Murua despois de catro libros publicados, é o encargado de abrir esta austera colección co libro titulado *Poemas* onde o poeta deixa espido ao home:

Ter un poema de ruas estreitas
De gelo, de água, mesmo que nao chova.
Ter um poema escondido atrás do muro
E percorrendo a silhueta de um corpo
Caminhando pelo asfalto.
Um poema sem dono, um nome sem assinatura.
E esquecer que amanha combaterá o homen
Com a paz de suas orações, e que despois
Aparecerá um nome no lugar de onde fugiste.
Poeta lançado ao abismo. Derrota banhada
em verso.
Jamais soletrado em língua nenhuma.

Júlia de Oliveira, dende a cidade do Porto co poemario *Desabafos,* lévanos de viaxe polo feminino, dende ela ata a muller en xeral.

O volume tres, *Extravío de Noites,* é da autoría de Floriano Martíns, de Fortaleza co erotismo na súa poesía chega aos sentidos converténdose case en prosa

Te viras para mim em dois tempos. Recurvas
o corpo de tal forma que ânus e olhos me encarnan como se eu fose um petisco de tua cobiça. Um riso derramado sobre o rosto e a seda mínima que te cobre manuscreve fibras de encanto. Te ris. A mao sobre o teu ombro desnudo. Fiz varias fotos e me pregunto: por onde começo a corresponder a teu olhar?...

facendo que a colección abrangue tamén aos países lusófonos enxugando fronteiras e achegando a rica poesía brasileira como o poemario de Marilene Caon Pieruccini, *Retalhos*, ou mesmo o número sete *Seixos* de Donizete Galvao, poeta cunha obra sólida que arrinca dende finais dos oitenta (*Azul Navalha; As Faces de Rio; Do Silêncio da Pedra; A Carne e o Tempo* e *Ruminaçoes*) sin concesións á métrica ou á rima

Quem nao percebe na pedra,
fragmento do cordao umbilical,
o despojo deixado pelos deuses
na luta que inaugura a geografía?

O itinerario de Poetas do Orpheu vai dende Lisboa con Helena Faria Monteiro con *Desfolhando Lugares* pasando pola fermosa Donosti de Julia Otxoa, ata a Barcelona de Montse Fornós con *Íntimo* pechando ata o momento a colección coa súa lene e suave voz.

Te encontrei na tarde,
entre azaléa e terebintina.
No labirinto de meu desejo,
forte azul vermelho vivo,
desenhas o rastro de teu sonho.

A directora da colección ao mesmo tempo tradutora Angela Pieruccini Boff é en certa medida a responsable de tentar que na cultura en xeral e na poesía en particular non existan fronteiras, aínda que con calidade desigual estes oito libros tentan derrubalas.♦

XOSÉ FREIRE

Cultura

EXPOSICIÓNS

Cinco terapias combinábeis, **1998-2002. DM lacado, plastico, vinilo y folleto. CGAC**

A vangarda desde a maqueta en Monica Alonso

A cama foi o seu primeiro argumento. Despois o habitáculo que acolle a cama é dicir o cuarto. Sobre estes dous argumentos Mónica Alonso (A Fonsagrada 1970), vai tecendo un discurso na súa exposición do CGAC, no que combina unha serie de elementos, como son a cor e o espacio. Esta exposición recolle o traballo que esta fonsagradina ven realizando dende 1993.

Esta evolución permite ver como a partires do concepto da cama, elemento habitual e cotián, a artista chega a composicións complexas nas que mesmo utiliza a técnica do marketing para vender o que a empresa ConfortWorld, propiedade da autora, pon como remedio para conseguir a felicidade, a ilusión, o relax, un mellor traballo, sandar as enfermidades, é dicir véndesenos a metáfora que significa a cama, véndesenos a nosa propia intimidade.

> Mónica Alonso, lonxe de grandes intervencións, utiliza unha linguaxe que deriva do minimalismo

Pero a cama, símbolo do que nos é máis propio, aparece dentro duns cuartos que aparecen en relación co espacio, ou ben suspendidos ou ben reflectidos, no que a autora chama maqueta plana. Os cuartos están como acolchados, facendo máis referencia a habitacións de illamento que a habitáculos nos que descansar.

Si acaso o concepto de conseguir ir da maqueta, a maqueta plana, e desta a pintura é algo que pon en xogo Mónica Alonso no traballo que amosa no CGAC. É o concepto pictórico da cor, que non só lle da a cada cuarto, senón a cor coa que envolve algunha obra, e que influe no espírito do espectador. Un azul tranquilizador ou un vermello que excita.

Pero as obras que se expoñen son maquetas que gardan as proporcións e afástanse do concepto que temos de escultura. Na escultura galega, Mónica Alonso alónxase da escultura expresionista de Paco Leiro ou da primitivista de Manolo Paz ou, por poñer un exemplo máis da vangarda, do surrealismo de Pestaña. Mónica Alonso asume unha estética onde as obras fanse a escala polo que se representan en maqueta. Lonxe de grandes intervencións, utiliza unha linguaxe que deriva do minimalismo. Se deste recolle a utilización de poucos elementos, pola contra utilizará a cor como elemento diferenciador daquela linguaxe. Colorido que, por outra parte, consideramos un aporte do sentimento estético galego.♦

XESÚS PIÑEIRO

P R E S E N T A C I Ó N
EN
PONTEVEDRA
DE
"CAROLINA OTERO"
DE EDICIÓNS A NOSA TERRA

MÉRCORES 10 DE ABRIL ÁS 20:30 HORAS NA GALERÍA SARGADELOS COA INTERVENCIÓN DE

LOLA VARELA,
MARÍA CAMPOS,
MARGA DO VAL,
autora do volume.

NOVIDADES (ensaio)
—**As mulleres escritoras (1860-1879)**
Celia María Armas García
—**Frei Martín Sarmiento**
Mercedes Queixas
EDICIÓNS LAIOVENTO
www.laiovento.com

O CORDEL

Imagen & Comunicación

Nº 26. Marzo de 2002. Prezo 1,75 euros.
Dirixe: Uxío Fernández.
Edita: Imaco I/Co.

Dáse noticia neste número da presentación en sociedade do filme *Trece badaladas*, de Xabier Villaverde. Na sección de noticias recóllense os éxitos nos Goya de *O bosque animado*, o nacemento da TV de Castilla y León e os inicios dos traballos de Pinocchio 3001, que se realizará nos estudos composteláns de Filmax. A entrevista está adicada a Rocío Ardura, directora xeral da axencia de comunicación Astur Leader's.♦

Esparavel

Nº 5. Marzo de 2002.
Dirixe: Xurxo Alonso.
Edita: Asociación de Empresarios da Construción de Pontevedra.

Amais de moitas informacións sobre a actualidade do sector empresarial da construción, hai un repaso fotográfico á Casa dos Cóengos, sede da Fundación Cela, en Padrón. Susana Vázquez entrevista a Juan Chozas, secretario xeral de Emprego do goberno español. A reportaxe está adicada a Fadesa, a empresa inmobiliaria coruñesa considerada líder no mercado independente estatal.♦

Círculo de Dirigentes

Nº 45. Febreiro de 2002.
Dirixe: Susana Pérez.
Edita: Grupo Vertebral.

A entrevista deste número ten como protagonista a Xosé Manuel Beiras, que reflexiona sobre o novo ámbito de diálogo entre o BNG e o PP. Dáse conta do congreso do Partido Popular. Na sección de "Españois con vitola", aparece Xosé Cuíña. Ademais, relátase o transcurso da Gala do Deporte de Ferrol, a Semana Santa nesta cidade e a exposición no porto ferrolán de Xulio Argüelles. Ademais, inclúese información sobre cine –con apartados adicados a Marlene Dietrich e Orson Welles–, literatura e gastronomía. Tamén se manteñen as seccións habituais sobre dereito, análise económica e historia, entre outras.♦

Xesús González Gómez

'A lingua secreta é unha débeda persoal coa memoria de meu pai'

CARME VIDAL

Xesús González Gómez escribiu *A lingua secreta* (Colec. *Froita do Tempo*, A Nosa Terra) como un acto de xustiza coa memoria de seu pai, militar republicano, e de todos os antifascistas que loitaron pola liberdade. Debíallo desde que un día de neno na Rúa tremou ao saber o frío que se pasa nun campo de concentración. Cando el descubría que había unha lingua distinta da que falaba, a dos maiores, a proibida. Para o autor a literatura precisa de vida. Non é esa condición que lle falte a este seu novo libro.

A. PANARO

A sinatura de Xesús González Gómez coñécese asociada a críticas, ensaios literarios e traducións. Agora estámpase na capa de *A lingua secreta,* un libro que o autor define como autoficción, que parte duns feitos próximos e conta unha historia en boa parte real.

Son dous os relatos de *A lingua secreta*. Por unha parte nárrase o proceso de aprendizaxe dun neno e pola outra a historia do pai e, en especial, da súa estancia nun campo de concentración nazi. O libro nace como un acto de xustiza. Hai catro anos caiu nas mans de Xesús González Gómez un artigo de Annie Kriege, unha comunista francesa, no que se dicía que os antifascistas españois eran fillos naturais do stalinismo. "Indignoume e quería contestar. Foi entón cando decidín escribir a historia do meu pai nun libro no que incluín a memoria da infancia. Por unha parte era unha débeda persoal e, por outra, serviu tamén de autoanálise que explicase por que cheguei a falar galego" explica González Gómez. Os relatos camiñan parellos, sen se cruzar, o neno atópase coa lingua mentras o pai desvela a súa memoria. "A min, como a moitos, roubáronme a lingua. A outros negáronlle a memoria. A min déronma meus pais. É un dobre proceso que quixen unir" sinala.

Son relatos parellos e, como tal, nunca se cruzan. Pódense mesmo ler de forma independente. A separación está tamén no estilo da narración. Entre outras cousas, na historia do pai desaparecen as maiúsculas o que lle dá un toque de distinción xa a golpe de vista. E comeza sempre coa mesma frase, escrita case a forma de ladaiña: "... máis o sol facíalle ben ao darlle no seu rostro consumido". A imaxe veulle un día ao autor e decidiu mantela ao longo do libro. "Matinei en que un día estaría pegándolle o sol no campo de concentración, que tería frío e viríalle ben e esa sería a maneira de que puidese recordar. A ausencia de maiúsculas significa, en certa medida, que o home no campo non é nada, é animal e non pode haber nada superior, nada que chame a atención do leitor. Trátase dun tempo distinto a todo" explica Xesús González.

Desde que comeza a falar, sábese que o autor de *A língua secreta* non quixo só recuperar no libro a memoria de seu pai senón a de todos os antifascistas que loitaron pola liberdade. "Como dicía León Felipe, o exército republicano español era o único exército do mundo que non tiña Deus. Foron e continúan a ser maltratados pola historia. Os exilados que marcharon a Francia, que cairon en mans dos nazis e pasaron polos campos de concentración son os grandes esquecidos. Foron loitas a vida ou morte e roubáronlles a historia. Moitos morreron case na miseria. En España negaron que existisen homes e mulleres que loitaron contra o fascismo".

Tráxico francés

Por iso, a historia de seu pai quere ser, en certa medida, a de todos eles. A Xesús González Gómez chegoulle en carne propia. Soubo dela por vez primeira un remoto día na Rúa, o seu lugar de nacimento. Tiña trece anos e ata alí chegaran uns técnicos franceses que traballaban nas obras dos Saltos do Sil. Seu pai botouse a falar francés, destreza que o cativo non coñecía e nen sequer intuía como o seu pai podía ter alcanzado. Quedou abraiado e foi cando lle contaron a tráxica maneira que seu pai tivo de aprender francés.

Tempo despois sería o fillo o que se vería na obriga de transmitir aquel relato que a el lle chegou con dor un día na Rúa. Escríbeo Xesús González Gómez, como di na adicatoria, para o seu propio fillo Daniel, por tantas veces que lle pide que fale do avó, pero tamén para recuperar dalgunha maneira a memoria dos vencidos.

Non disimula o autor a alegría que lle produce ver *A lingua secreta* publicada. Pero en momento algún mostra o que, dalgún xeito, se podería definir como satisfacción literaria. Mesmo, apurando o discurso, o escritor chega a dicir que nin sequer lle preocupa se o que recolle o seu novo libro é ou non literatura. A alegría venlle de ter cumprido coa memoria de seus pais mortos e, tamén, por convertirse no autor do libro que lle debía tanto a eles como aos seus, aos que comparten canda el a mesma historia.

Xesús González Gómez naceu na Rua (1950) pero marchou moi novo para Barcelona (1966), cidade na que continua vivindo. Regresa tamén nesta obra de "autoficción" ao espacio que marca a súa nenez, a memoria persoal da infancia e de encontro cunha lingua que, ao igual que a biografía do pai, "pertencía á tradición dos derrotados", seguindo a terminoloxía de Walter Benjamin, un dos seus autores preferidos. "O que marcha non pode explicar a emigración, como di Berger. Serán os seus fillos os que a expliquen pero xa nunha lingua que non é a nosa. É imposíbel narrar a emigración en galego. Son os mortos os que pesan" explica o autor, de condición emigrante.

O autor de *A lingua secreta* é un recoñecido crítico literario. Despois de ter escrito sobre un sen fin de obras non lle preocupa agora que o seu libro poda ser mirado cun maior coidado. "Quero simplesmente oferecer uns recordos. Nada máis. Hai grandes escritores dos que son un lector marabillado pero non podo en ningún momento pensar na posibilidade de ser o seu discípulo" afirma. Considera que a literatura necesita vivencias e desbota a escrita experimental en si mesma. "A boa literatura nace do interior de cada quen", di. Confésase incapacitado para a ficción e, ao mellor tamén desa imposibilidade, agroma a vida toda recollida en *A lingua secreta*.♦

ESPIRAL MAIOR EDICIÓNS

ler é ser





OBRA POÉTICA COMPLETA
Manuel María

PREMIO
MELLOR LIBRO DO ANO 2001
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA
XI Edición Premios Irmandade do Libro

Á venda en todas as librerías

Bule Bule
O ÚNICO PERIÓDICO INFANTIL CUN SUPLEMENTO PARA ADULTOS QUE SE CHAMA A NOSA TERRA
Nº 1.028 ● Do 4 ao 10 de abril de 2002 ● Ano XXV

o fume dos automobeis est a po er en perigo a vida do planeta

PEPE CARREIRO

O número de automobeis multiplícase cada ano, sobre todo nos países ricos. Cada coche solta a atmósfera gases perxudiciais para a saúde humana. Algunhas cidades están cubertas permanentemente dunha capa de fume que provén dos tubos de escape dos automobeis. Os ecoloxistas están preocupados porque estes gases, xunto cos que soltan algunhas industrias, son os causantes da choiva ácida que converte os campos en desertos.

Usar máis o transporte público

Os defensores da natureza din que é posíbel vivir ben sen contaminar tanto. Por exemplo, no caso dos automobeis, deberiamos utilizar máis o transporte público. Hai familias que teñen dous, tres e ata catro coches e úsanos mesmo para desprazamentos moi curtos que podían realizar a pé. Outras persoas que traballan no mesmo lugar podían compartir un veículo, aforrando así gasolina e contaminando menos. O fume dos automobeis é tan perxudicial para a saúde como o fume do tabaco.♦

A Xoani a andeira

Sobre o lombo do regueiro
navega unha xoaniña
nunha folla de salgueiro.

Vaise do eido nativo.
Quere ter diante dos ollos
paisaxes que nunca tivo.

Dende o intre que embarcou
sente unha fonda morriña
do prado onde se criou.

Mentres deixa atrás o val
vai dicindo polo baixo:
"volverei ó salgueiral".

E unha mañá raioleira,
por entre vimbios e fentas
voltou a xoaniña andeira.

Xosé Neira Vilas
(Do libro *Cantarolas*).

LIBROS NOVOS

Valdamor

A ciencia xa venceu á morte, pero aos humanos estalle proibido ter fillos. Un importante político encóntrase no cárcere por ter desobedecido esta norma fundamental. Velaí o argumento de *Valdamor,* unha novela de ciencia-ficción da autoría de Beatriz García Turnes, editada por Galaxia.♦

PARA ENTENDER MELLOR OS GATOS

CANDO SE ACHEGA COA CABEZA LADEADA INDICA CONFIANZA. SE DOBRA AS PATAS TRASEIRAS É SINAL DE QUE ESTÁ TRANQUILO. CANDO ABRE OS BIGOTES EN ABANO É QUE ESTÁ EN TENSIÓN. CANDO ERGUE O RABO DE GOLPE E O AXITA INDICA AMEAZA DE ATAQUE. O RON-RON INDICA QUE ESTÁ A GUSTO. CANDO MIAÑA PODE DICIR CALQUERA COUSA, DEPENDE DO TON E DA INTENSIDADE.♦

PEPE CARREIRO



De esquerda a direita: Unha draga xigantesca ergueu a caixa forte do *Douro*. O barco británico de vela e vapor abordou en 1885 un cargueiro vasco fronte a Corme e afundiuse. Sverker Hallstrom, o aventureiro sueco que roubou o tesouro publica a súa foto para dar confianza aos compradores.

Moedas roubadas a 718 euros

Unha compañía de cazatesouros vende o botín de Douro asaltado na costa de Corme en 1996

GUSTAVO LUCA

Vintecinco mil moedas de ouro, roubadas hai seis anos na costa de Corme polo aventureiro sueco Sverker Yngvesson Hallstrom, véndense a 718 euros a peza en internet. Para mellorar o prezo dos soberanos de ouro dos tempos da raíña Victoria, Hallstrom ofréceos nun cofre de madeira co relato en pergameo do tesouro afundido. O botín foi arrancado do barco de pasaxe *Douro*, afundido en 1885 a menos de catorce millas do con do Roncudo, en Corme.

Pola súa situación na beiramar, entre as Sisargas e a entrada de Corme, o *Douro* pertence ao patrimonio marítimo galego o que non impediu que a capitanía do porto da Coruña autorizara ao aventureiro Hallstrom, de 57 anos, un permiso para rapalo cunha draga ciclópea que estragou sen remedio o valioso pécio (ver ANT número 924, páxina 40) .

"¡Compre a traveso de internet as moedas do vapor da RMS (Royal Mail Steam) *Douro*!", invita a propaganda no enderezo *www. Shipwreckexplorer.com* da empresa *Hallstrom Holdings* que conta que a localización na beiramar galega do barco foi posíbel mercé a consulta "do xornal coruñés *La Boz (sic) de Galicia*, fundado meses antes da tráxica abordaxe (de feito, *La Voz* aparecera no 82) porque precisa a hora na que o *Irurac Bat* cruzou as illas Sisargas". O *Irurac* era o barco de carga vasco que abordou o vapor Inglés, á vista da costa de Corme.

Hallstrom conta que a primeira información sobre o *Douro* chegáralle a traveso do aventureiro británico Nigel Pickford en 1991. Afondando na documentación de Pickford, que recibira información do tesouro do seu pai, o sueco delimitou o lugar no que afundira o *Irurac* en singradura da Coruña para Habana, a partir da información de *La* Voz, pero sobre todo polas indicacións que lle facilitaran os mariñeiros de Laxe sobre a natureza do fondo na costa. "Os patróns do arrastre coñecen a costa na que pescan coma a palma da man –explica Hallstrom– e sérvense de mapas feitos por eles mesmos para preveren os accidentes nos que hai risco de enganchar os aparellos. Coa axuda deles situei todos os naufraxios daqueles fondos. Sobre todo, cos dados que nos dera o mariñeiro Francisco, que nos permitiran confrontar nomes, tamaños e as datas dos pécios que aparecían no sonar".

Un mapa dos depredadores localiza o *Douro* na costa galega. A empresa de Halllstrom ofrece as moedas nunha ucha de madeira con certificado e unha historia de como foron roubadas.

Oceanógrafos á procura de tesouros

Un submarino teledirixido de última xeración identificou restos do *Douro* e para establecer a situación exacta do casco interviron a seguir técnicos do *Ifremer* (Instituto Francés de Investigación para a Explotación do Mar). O Ifremer, primeira institución pública francesa de investigación mariña, é armadora do barco *Thalassa* xunto co *Instituto Español de Oceanografía*, que investira mil millóns de pesetas neste laboratorio flotante. No tempo que lles quedou libre despois dunha campaña con técnicos españois para sondar almeiros de parrocha e sardiña, os especialistas franceses do *Ifremer* aportaron trazos definitivos ao mapa do tesouro de Corme.

A propaganda explica que a draga *Deep Sea Worker* levantou lingotes de ouro e moedas que foron transportados deseguida á illa de Jersey, no canal da Manga. Non dá conta das cargas de dinamita coas que remexeron a lama na beiramar de Corme co obxecto de identificar os restos do *Douro* nin relata que as enormes mandíbulas da draga estragaron completamente un pécio que segundo a Lei non lles pertencía. Só estaban autorizados para a Investigación mariña , segundo permiso da Capitanía do Porto da Coruña. Esta autorización estaba extendida a nome da sociedade norteamericana *International Marine* Salvage; a compañía *Hallstrom Holdings* ten a súa sede en Singapur.

"Convértase en propietario dunha peza histórica", invita a publicidade de Hallstrom. "A pesar das pegadas do tempo e das mareas, as moedas de ouro brillaron cando viron a luz do sol. Son pezas raras do Brasil e Portugal, algunhas delas de 1700 ou soberanos dos tempos da raíña Victoria, que causaron sensación ao seren identificados".

Os compradores de moedas, louza ou pedras preciosas reciben da casa Hallstrom un libro coa Historia do *Douro*, un certificado de garantía e un vídeo sobre a caza do tesouro na costa galega rodado por Karel Prokop para a produtora francesa *Le Sept Arte Constance Film*. Na Xunta indican que o botín do *Douro* estaba nunha zona de costa administrada polo Estado. Na realidade, os sucesivos gobernos autonómicos do PP recusaron lexislar sobre o patrimonio subacuático para non estorbar os negocios dos aterros sobre a beiramar. Na práctica, isto significa que a consellería de Pesca pode sancionar a un mariñeiro da baixura por un chincho que non dá a medida pero nunca vai molestar a un pirata coma o tal Hallstrom. Veciños de Laxe propuxeron ao goberno de Fraga a adquisición a conta dos orzamentos autonómicos dunha presada de moedas do Douro. Segundo contan, a resposta da Xunta non se pode reproducir.♦

DISMAL, SEN MEDO

A. ESTÉVEZ

El tristezas é o terceiro disco de _Dismal_, o grupo de Cotobade (Pontevedra) que ensaia enriba da adega familiar desde 1993. Deixan atrás o _metal_ máis estereotipado para atopar o seu propio ca-

"Temos moi claro o que queremos. Ao principio, coido que lle pasa a todos os grupos, copiamos as bandas que nos gustaban. Daquela estabamos moi influídos polos músicos europeos de *death metal*. Agora buscamos a nosa identidade aínda que non me sexa posíbel catalogar o disco neste ou noutro estilo concreto. En *El tristezas* cabe rock, metal, punk e ata electrónica", explica Xosé Barros, compositor, cantante e baixista. Non teñen medo de utilizar *samplers* e programacións. "Nós só temos medo de Facenda e como non temos diñeiro, non hai problema", sinala.

Os *Dismal* son un caso de constancia. Pasaron case seis anos desde que comezaron a tocar, en 1993, ata que saíu *The new bomb*, o primeiro disco, en 1999. Editaron o seu segundo *Makes your mind up* coa casa portuguesa División House, asi que o compacto estivo antes en tendas portuguesas, belgas e alemanas que nas galegas. "Da edición epañola encargouse Zero Records, preferimos esperar e ter unha mellor distribución", conta Xosé. Da edición en Portugal derivou unha xira atípica que os levou ata Eslovenia. "É que os portugueses sempre saen de xira por Europa e chegan a unha morea de sitios", di o cantante de *Dismal*.

Esperan que a súa próxima saída os leve por Austria, Italia e a República Checa. Xa tiñan apalabrados quince concertos en novembro pero coincidiu coa gravación do terceiro traballo, tamén con Zero Records. "Xa sei que todo o mundo acostuma a dicir que o último disco é o mellor, pero é que nos temos moita confianza neste en relación ao mercado español", comenta Xosé. O grupo de Cotobade, que no momento da entrevista, prepara o ensaio na adega de Viascón na que só molestan "a algúns domingueiros aos que non lles gusta o ruído", xa ten un oco feito entre os amantes do metal. O vindeiro dous de maio presentan disco na Nasa, en Compostela, aínda que estes días xa o presentaron na Coruña, en Bueu e en varias citas portuguesas.

Daqueles rapaces que empezaran en *Dismal* en 1993 só quedan Xosé Barros e Iván Lorenzo. Completan o grupo actual Xavi, Lino e Carlos. Os cambios foron forzosos, como nos explica o cantante, xa que os seus irmáns, Marcos, que compuxo algúns poemas para o grupo, e despois Xavi, que tocou a batería, morreron nos dous últimos anos. O nome de *El tristezas* para este terceiro disco ten moito que ver con isto. "Por un lado reflexa o que sentimos cando pasou, cando nos formulamos mandalo todo á merda ou seguir co grupo. Por outro, é un titulo que tamén serve para outras persoas que se podan sentir así", explica Xosé.

Di que son moi seus, que non queren imitar a ninguén e que non se cren nada especial por ter un grupo que goza dun público fiel. "A nosa música non é a de *Operación Triunfo*, para vender. Nunca se sabe, *Dover* era un pequeno grupo dunha compañía independente que se converteu en multivendas. Pero a nós non nos obsesiona ser profesionais da música. Sabemos que o directo é o noso forte e, iso si, cando subimos ao escenario crémonos a hostia, comparámonos con calquera".♦

Breakfast in Tiffany's **Garrincha**



Vena

BIEITO IGLESIAS

Obviamente, o éxito é unha cuestión de oportunidade. Ben di a rancia sabedoría agropecuaria: a pereira é pró que está á beira. Así, o Bicho, célebre futbolista no Campo da Loña auriense, non pudo fichar polo Real Madrid, como Míchel Salgado, e tivo que contentarse coas lisonxas dunha torcida afervoada: ¡Ala, Bicho, chulo, valente! Tampouco o María Santísima de Barra de Miño, xenial artista da madeira, foi contratado por galería novaiorquina como algús escultores nosos contemporáneos, lanzados ao estrelato do business plástico. Onte admirábase meu pai das meiguices desas mulleres indianas, envoltas en preciosos tecidos e cunha pinta pillabana na testa, que non compiten coa beldade de Hollywood a lucir na alfombra vermella dos óscars unhas carísimas sandalias de pérolas, sen dúbida por falta de publicidade (e de imperio, quer dicirse, de poder). Por certo que tal exhibición orxiástica de luxo escandaliza ás poucas almas sinxelas que aínda non foron abducidas polo Becerro de Ouro de obscena colloada. Esa damisela con pés pexados de millós quizais non poda dicir, co labrego preindustrial, "Non debo nada a ninguén, unha pataca botei, unha pataca naceu". Parece ser que o título de guapa tamén é venal. O público oféndese coa fraude das misses destapada eses días por unha xornalista intrépida. Isto lémbrame certa cantiga das festas no piso de estudiantes: *qué tontería, pensaba que tú eras mía*. Eu non me fago de novas porque, no meu barrio, saíu elixida unha miss co diñeiro de papá negociante. Este heroi moderno derreteu a fortuna en empoleirar a filla nun certame de beleza e en casala nunha voda de rumbo, con asistencia de autoridades comellonas e reseña na crónica de sociedade. Despois, vendo aos ollos o espectro da ruína, enforcouse.♦

¿Que ten que ver que o alcalde de Pontevedra plante un carballo coa celebración do *Día das Letras* ao redor do Padre Sarmiento? No concello de Pontevedra fan unha aposta orixinal para achegarnos ao Padre Sarmiento.

PACO VILABARROS

Os carballos do Padre Sarmiento

A. ESTÉVEZ

O carballo que plantou o Miguel Fernández Lores o 22 de marzo no monte da Fracha, en Marcón, simboliza a un dos personaxes do *Coloquio dos vintecatro galegos rústicos* escrito polo homenaxeado o 17 de maio. O tío Marcos da Portela, os campesiños, os mozos e as mozos, os rapaces e raparigas que aparecen nestas coplas quedan simbolizados con outros tantos carballos plantados por estudiantes, representantes políticos e veciñais. O monte da Fracha queda moi perto do Chan da Parafita, onde se desevolvían estas escenas das coplas do Padre Samriento.

Plantaranse máis carballos en Pontevedra, que semella matar dous paxaros dun tiro coa campaña "Mil primaveras": por un lado, divulgación cultural e por outro, repoboación de especies autóctonas. Será nos centros escolares o vindeiro 22 de abril que se celebra o *Día do Libro*. "Queriamos a marxe das celebracións institucionais, outras de caracter dinamizador que impliquen á xente máis nova nun momento no que algúns informes poñen en cuestión o futuro do noso idioma", explícanos o concelleiro de Cultura, Luís Bará.

Libros e natureza xúntanse no concello pontevedrés como se xunguiron na vida de Sarmiento, naturista, amante das plantas, arbores e animais. Dos quince anos que pasou en Pontevedra, desde que era un recen nacido, en 1695, haberíanlle quedar moitos recordos. "Na Boa Vila ocupamos unha casa asoportalada na rúa da Palma. Algún tempo despois pasamos a residir en Mourente no pazo de Santa Margarida construído polo meu pai á sombra do famoso carballo que diante da ermida había e hai hoxe gracias á oposición do Padre Rábago a que fose cortado... e xoguei moitas veces cos meus amigos".

Frei Martín Sarmiento nun gravado de Muntaner.

Desta centenaria árbore do que xa disfrutaba o futuro ilustrado, o concello pontevedrés fixo símbolo do Ano Sarmiento. A arbore como parte da cultura. "Queremos plantar outro carballo novo ao lado deste centenario para simbolizar a continuidade do compromiso co idioma e para inculcar o respecto polo patrimonio cultural", sinala o concelleiro de Cultura.

Unha visita distinta

Se vostede visita a rúa da Palma atopara sinalizada a primeira casa do pequeno Sarmiento na cidade de Pontevedra. Desde o concello propoñen un xeito diferente de coñecer rúas e prazas, seguindo as pegadas biográficas do cura ilustrado, defensor e estudioso do galego. O historiador Francisco Carballo guiará aos primeiros visitantes o seis de abril pola Boa Vila. A partida, na praza da Verdura, para seguir pola rúa que leva o nome Padre Sarmiento e polo colexio dos xesuítas onde estudiou o frei. Os visitantes poderán achegarse á exposición sobre a súa figura no Pazo Mugártegui e subir pola enfesta de San Telmo ate Santa María, basílica sobre a que Sarmiento deixou algún escrito.

Cando se chegue ao espacio central da cidade, A Ferrería, un poderá saber que Sarmiento tiña ideas propias e propostas sobre a Feira Franca, hoxendía recuperada polo concello, e sobre o camiño real de Castela. Última parada no museo, onde se poden ver os manuscritos alí depositados e lembrar as avanzadas ideas de Sarmiento sobre as bibliotecas. Como recoñece o concelleiro de cultura, é un xeito de turismo cultural ao que todo o que queira está convidado durante tres sábados consecutivos.♦

PACO VILABARROS

O fracaso

XURXO LEDO

Unha das claves para entender o que nos esta a acontecer os cidadáns e falar con galegos que ven con normalidade como compañeiros de traballo cobran 32.000 euros o ano namentres outros cobran pouco máis de 10.000.

Estes mesmos galegos xustifican que uns compañeiros teñan móvil de empresa, que os gastos de desprazamento estén cubertos e que as comidas estén pagas.

Incluso entenden que no momento do reparto de beneficios só algúns participen sin importar os demáis, que parecen non ter direito nin a existir.

Moitos galegos pensan que cando unha empresa vai mal o que se debe facer eé despedir os traballadores que están todo o día nunha máquina deixando a súa vida, nembargantes os executivos permanecen na empresa como salvadores do desastre que eles mesmos provocaron.

Aínda hai galegos que pensan coma os fascistas italianos e xustifican fundir barcos de emigrantes. Galegos que emigraron, que foron noutros barcos cara Venezuela, Arxentina, Uruguai, etc, sen estudos, sen cualificación, escapando da pobreza no seu país namentres outros permanecían loitando na súa terra.

Hai galegos que ven con bos ollos que rapaces do terceiro mundo traballen escravizados por un can porque polo menos teñen traballo. Claro que os seus fillos merecen mellor sorte.

O fracaso dun pobo aparece cando as súas xentes creen que son intelixentes por comer todos os días. Aínda que sexa pouco, cando as persoas xustifican que uns gañen máis de tres veces cos outros, cando se considera lóxico que extranxeiros con fame sexan expulsados e se fan contratos millonarios a xogadores de fútbol.

O fracaso dun país prodúcese cando nos manifestamos por un equipo deportivo e permitimos que os traballadores das empresas sexan votados sen escrúpulos, cando esquencemos que a materia prima da que gozamos no país, en Occidente, procede de Serra Leona, de Bolivia, de Ecuador, de Nixeria, de Kenia, de Angola e doutros tantos países colonizados por franceses, alemáns, holandeses, españois, etc, pero non queremos os seus noxentos habitantes porque aquí non hai sitio.♦

Sitios

Paula Bergantiños

Quince anos da *Casa das Crechas*

A. PANARO

Dan a entrada as cores de dúas vidrieiras que debuxan gaiteiros. A madeira e a pedra falan dun dos primeiros locais que quixo primar a música do país e darlle publicidade a diferentes xeitos de expresar a língua e cultura. Cos seus sinais de identidade, a *Casa das Crechas* é un dos pubs máis emblemáticos de Santiago e visita obrigada na cidade. No quince aniversario, segue a ofrecerse como espacio alternativo para o contacto e a comunicación entre xentes, para a creación e o pensamento en liberdade. Varias ampliacións, unha chea fotos e obxectos e detalles que forman parte da vida dun lugar que se foi facendo co paso da xente.

"Frente a globalización e un poder mediático asfixiante e nun momento no que nen sequer os dereitos básicos están garantidos, a *Casa das Crechas* retoma a filosofía coa que naceu e que sempre mantivo. Non é que os bares poidan facer nada espectacular para mudar o mundo, pero si poden converterse nun punto de encontro no que relacionarse e coñecer outras cousas. Nós, por exemplo, estamos centrados na música, a nosa oferta é máis vocacional que comercial", di un dos seus proprietarios, Vítor Belho. Conta que o detonante para súa apertura, nos oitenta, xurdía unha noite na que a el e a un grupo de amigos os botaron dun bar por estar tocando. "A rabieta do primeiro momento deu logo paso a unha idea máis madurada".

A programación que acolleu no mes de Marzo a *Casa das Crechas* quer ser o inicio dunha serie de actividades que se van desenvolver durante todo o ano e que comezaron con xuntanzas de músicos, sesións de dj´s e de novidades discográficas, da música de raíz. O repertorio de sons cos que atoparse no local foise enriquecendo co tempo e a descuberta do mundo celta que caracterizou ás *Crechas* nos primeiros anos sumouse tamén a aposta por dar a coñecer ritmos de todo o mundo (África, Asia, Europa do Leste, Sudamérica...) as novas tendencias e a mestizaxe. O seu tesouro musical tradúcese en máis de 4.000 volumes a disposición de quen queira escoitalos. "É importante non ter unha perspectiva endogámica e sí poder falar da música galega con maiúsculas dentro do mundo. Buscar puntos de encontro que poñan en común os nosos interes e inquedanzas", explica Belho.

Outro dos proxectos que nasce co aniversario é o de facer unha relectura do que ten pasado nos últimos quince anos, con conversas abertas que xiren ao redor de temas como a língua, o movimento estudiantil, o feminismo... Debates sobre un tempo no que a música galega pasou de ser un fenómeno emerxente a unha realidade consolidada. Encontros con perspectiva histórica nos que se quer buscar o contraste con protagonistas de diferentes momentos e que poderían tomar forma nunha publicación.

Ademais da música que se pode escoitar calquer día da semana e as máis de 200 actuacións programadas na súa historia, na *Casa das Crechas* o mellor dos costumes é o de acoller concertos espontáneos. Esa maneira de entender a taberna como lugar de encontro non é exclusivo da etapa actual deste pub. Quen o leva conta que existe documentación que acredita que a finais do século XIX, no mesmo inmóbel, existía tamén un local ligado a hostelería no que se xuntaban os músicos. Pero alén do antecente histórico, a actual *Casa das Crechas*, situada ao carón da Praza da Quintana, serviu de inspiración para outros, e hoxe non son poucos os negocios que parten do recoñecimento e a posta en valor da propia identidade. ♦

Meu Santo, Miña Santiña

francisco a. Vidal

San Vicente Ferrer, un frade con moita labia

Era Vicente un simple diácono, cando os seus superiores o mandaron desde Valencia para predicar en Barcelona, onde a poboación estaba pasando por unha das moitas fames negras da época, e os gobernantes da cidade, por moito que pedían axuda eran incapaces de calmar aos alporizados cidadáns.

A xente non estaba para contos cando chegou Vicente, iso de predicar sen dar pan non soluciona nada; pero el, para distraer a atención dos fregueses, permitiuse a liberdade de deixar os evanxeos a un lado e falarlles da fame, das crises económicas e das gracias de Deus para cos seus fillos, quen aperta pero non aforca e "esta mesma noite permitirá que atraque un barco de mercadorías", concluiu; e o freire puido ver desde o púlpito como os famélicos rostros amosaban o ledo aceno da esperanza.

"Un bo predicador tamén debe transmitir optimismo"- pensou para si todo fachendoso-, sen embargo, cando chegou ao convento, o seu superior recibiuno cunha tremenda rifa por facer profecías sen fundamento.

O milagre veu cando, esa mesma noite, tal e como pronosticara, atracou a porto un barco de víveres, e o pobo barcelonés achegouse en masa ao convento para manifestar o seu agradecemento a Vicente; e os superiores houberon de trasladalo a outra cidade para evitar as desordes provocadas pola euforia.

Xa ordenado, e dada a súa fluída oratoria e sólida preparación, percorreu varias universidades europeas como lector de Teoloxía e profesor de Filosofía, ata que un día, coa desculpa de ter soñado con Xesús, quen na compaña de santo Francisco e santo Domingo de Guzmán o visitaban e lle recomendaban deixar a cátedra para predicar polos pobos, marchou a percorrer a Europa das distintas sensibilidades políticas, e así, en 1380, diante da división existente na Igrexa con Clemente VII en Aviñón e Urbano VI en Roma, el ponse a favor do primeiro escribindo un atrevido libro dedicado ao rei verdadeiro herdeiro da cadeira de san Pedro.

A toma de partido converte ao dominico en asesor directo do príncipe e futuro rei Xoán I, asemade en conselleiro de Pedro ministro, cando sente na cadeira papal aviñonesa.

Pero aló polo 1399, canso da burocracia, Vicente decide deixar as intrigas palacianas e volver a predicar en distintos lugares de Europa, sermóns político-relixiosos que atraían ás masas e arrastraba detrás de si a un grupo de siareiros alcumados a "Compañía" organizaban actos relixiosos e procesións nocturnas durante as que se flaxelaban ao grito de "Misericordia". Aseguraban algúns autores que esta "Compañía" estaba formada por preto de dez mil seguidores entre homes, mulleres e nenos.

Todo un espectáculo de moinantes penitentes.

Era tal o seu milagroso poder de convocatoria que, nunha ocasión, en Barcelona, que daquela tiña un censo de algo máis de trinta mil persoas, acudiron ao seu sermón vintecinco mil.

E esa capcidade para atraer polo don da palabra, non lle pasaba desapercibida aos políticos da época, que o chamaban como mediador en casos sucesorios, como foi á morte de Martín I, cando apoiou ao infante Fernando de Antequera, no coñecido como compromiso de Caspe, quen logo non tomará unha decisión sen contar antes co consello do dominico.

Pero como o del era predicar diante das masas, sentía un pracer inexplicábel cando era capaz de facerse entender en todas partes e diante de calquera oído por moi estraño que este fora aos seus nativos acentos valencianos. Desde a Lombardía ata Andalucía, desde o Piamonte ata o Rosellón, Galicia ou o País Basco, sempre era escoitado con atención e aclamado como grande orador. Incluso, como un milagre máis da súa marabillosa oratoria, cóntase que en discusións directas con xudeus e musulmáns, estes acababan dándolle a razón e pedindo o bautismo inmediato diante de todos os siareiros da súa "Compañía".

E como non podía ser doutra maneira, desde o día da súa morte, un cinco de abril de 1419, ata que o seu paisano, o papa Calixto III o canonizou, só pasaron trinta e seis anos, cando aínda vivían moitos daqueles seus siareiros, de a pé e de solio.♦

A.N.T.

Carlos Núñez
'Bretaña é a miña Galicia idílica'

A.N.T.

¿Por que recapitula no disco *Todos os mundos*?

Marca un cambio de etapa. Na industria é xa un costume facer antoloxías, así que preferín collelo da miña man e aproveitalo para dar a coñecer colaboracións con artistas de fora que aínda non se ouviran. Levo dous anos vivindo entre Galicia e Bretaña e o próximo disco vai conter música bretona. Gustaríame que tivera repercusión en Francia.

¿Que aporta vivir en Bretaña?

A primeira vez que fun tiña trece anos e sentinme un artista. Descubrín como Castelao e Cunqueiro beberan dos autores decimonónicos bretóns que codificaron a identidade como pobo. Para min Bretaña é unha Galicia idílica.

Acaba de tocar na Noite Celta de París ante cen mil persoas.

Foi abraiante. Se os irlandeses son os mestres da música ao redor dunha mesa, os bretóns sono da música macro. Nunca estiven na lúa pero o de París coido que se achegou bastante; o público tardaba dous segundos en escoitar o que eu dicía. Atópome moi a gusto cos músicos bretóns, cos que vou traballar para o próximo disco, pero aínda queda moito por facer no interceltismo. O outro día no festival de cine e tv dos países celtas en Quimber, os escoceses eran reacios á participación galega por non considerala celta. Ao final, o noso concerto convenceunos.

O de Bretaña, ¿unha etapa vital ou algo máis?

Agora estou alí traballando, pero sempre vou permanecer vencellado con esa terra. En Bretaña hai sete aeroportos, AVE e ferris con Gran Bretaña e a ninguén se lle ocurre talar un carballo de douscentos anos.

¿Gustaralle ao seu público un disco de música bretona?

Seguro que si, vai achegar máis Bretaña a Galicia. Publico e colaboradores son xa a miña familia, que vive nun mundo moi complicado. Sentín moito ter que suspender as xiras por Arxentina, Venezuela e Israel porque a xente está pasándoo mal.♦

Anacos de Borobó

O exemplo de D. Alejandro R. Cadarso

Nos *exemplos* precedentes dos diputados da República, Antonio Rodríguez Pérez e Ramón Suárez Picallo, singularmente no último, aludín á personalidade do seu compañeiro da candidatura da Conxunción Republicano-socialista pola circunscripción provincial coruñesa, para as Cortes Constituintes daquil réximen, D. Alejandro Rodríguez Cadarso, o magnífico Rector entón da Universidade de Santiago. Candidatura triunfante na que participou tamén o seu xenial colega e compadre, D. Roberto Novoa Santos.

Cando, medio século despois, o inesquencíbel Antonio Cadarso quixo que colaborase eu na monografía adicada a seu pai, dentro da extraordinaria serie de suplementos sobre as *Figuras de la Universidad ciompostelana*, que coordinaba no diario local, entregueille o capítulo inédito do meu *Memorial de Trevonzos*, titulado *El Rectorado de Cadarso*. Pero o meu máximo amigo santiagués, en vez de incluílo naquil suplemento, reservouno para que servira de fundamento a extensa biografía que preparaba do seu ínxel proxenitor. Aínda que o temperán pasamento, en plena maturidade intelectual, de Antonio Cadarso, impediu que a culminara; proseguindo inédita por ende, a miña lembranza do máis magnífico Rector da Minerva santiaguesa. Demasiado longa para que colla nista páxina, polo que procurei evitar as digresións, e así coido que cabera poñer aquí o seu exemplar *exemplo*.

■ **A MAN ESQUERDA DE CADARSO.** Aquela Universidade da República, na que entrei o empezar o curso 1931/32, viña sendo rexida, dende os augurais días da Ditablanda de Berenguer, por D. Alejandro R. Cadarso. Acedera ao Rectorado, dende o posto de vicerrector, a raíz dos disturbios escolares ocurridos en Santiago co pretexto da pintoresca actuación rectoral de D. Luis Blanco Ribero.

Tivera que desprazarse, dende a vila e corte, o Ministro de Instrucción Pública de Bellas Artes, D. Elías Tormo, para convencer ao popular ciruxano *Callitos* de que dimitira do Rectorado; calmando así os ímpetus revolucionarios do estudiantado santiagués, encauzados polos dirixentes da FUE. O histórico sindicato estudiantil que entonces contaba a seu frente con *xóvenes turcos* da categoría de Carballo Calero, García Sabell, José Mª Castroviejo, etc; quen comenzaron a facerse notar en tales querellas.

O Ministro, e célebre arqueólogo, designou a Cadarso Rector da nosa universidade tendo en conta a autoridade natural que emanaba da súa figura prócer, corpulenta, maxistral; dotada ademais dunha man esquerda doadamente negociadora. Era e foi preciosa para o trato cos escolares revolucionarios e o mantimento da orde universitaria no comprometido trance do tránsito da Monarquía República.

■ **A FLORACIÓN DA UNIVERSIDADE.** Por iso e polas súas iniciativas culturais, especialmente a creación da Residencia de Estudantes, o prestixio de don Alexandro foi extraordinario e extendeuse a toda Galicia; verdadeiramente impar na historia da Universidade galega. Penso que vivía ista no momento do seu máximo esplendor; que se iniciara nos últimos meses da Ditadura de Primo de Rivera, cando arribou á Facultade de Dereito unha promoción de catedráticos tan mozos coma ilustres; aínda que fatalmente a un diles, García Labella, a furia *facha* enloquecidada sacrificaríao axiña na súa Granada. Mais Recasens Siches, Arias Ramos, Ruíz del Castillo, e algún outro poideron aínda dar na compostelán e noutras universidades alleas, durante longos anos, a varia lección do seu notábel saber xurídico. Tal eclosión da Facultade de Dereito, de orixe foránea, coincidiu no tempo coa floración da Escola Médica compostelá, cuias raices bebían naturalmente na *Fonte Limpa* de Fonseca. Os nomes de varios dos seus mestres ingresaban xa na Mitoloxía popular galega, a piques de constituír unha pleiade de *esculapios* enxebres: dado que de homes pasaban a ser semideuses no culto dos labregos da Terra de Iria, ou dos mariñeiros da Ría de Arousa, verbigracia. Curados polas prodixiosas mans de Romero Molezún, de Vilar Iglesias, de D. Miguel Gil Casares, ou ben, no Hospital Real, polas de D. Angel Baltar ou de Puente Castro.

■ **CADARSO E NOVÓA SANTOS.** Pois ben, a cima entre todas aquelas eminencias médicas e cirúrxicas, estaba ocupada pola personalidade xenial, un tanto enigmática, máxica de Novoa Santos. Nin remontándose a Varela de Montes podería atoparse un fenómeno semellante de grande bruxo das tribus galegas. Habería que retroceder moito máis atrás, pois don Roberto, pola sua tez morena e a súa luminosa mirada, parecía descender dos mouros; a extraña raza mediterránea que vela o arcano dos nosos castros.

Nen embargantes, a Universidade de Santiago perdera, polo seu traslado á Central, tras disputadísima oposición, a iluminada mente de Nóvoa Santos, quedando xa para sempre o vacío na cátedra que axiña procurará cubrir a sabiduría médica do Dr. Pena; pero que no clima intelectual de Galicia e na súa mitoloxía rural quedou vacante. Ninguén sentiu tanto, sen dúbida, a ausencia de don Roberto, coma o seu compañeiro de aula e de alma, D. Alejandro. Ligado a il en bautismal alianza, que chegóu a ser o compadrazgo de máis alto valor na ciencia médica española.

Xa que Novóa Santos e Rodríguez Cadarso poderían formar unha disas míticas parellas médicas, que en clásicas ocasións se elevan ata o Olimpo; coma no caso de Podalirio e Macaón, fillos de Esculapio, na *Iliada*. Ou subindo os altares cristiáns, coma os santos Cosme e Damián. Así armonizaba a personalidade xenial de D. Roberto, hierofante da Patoloxía, preclaro mestre da Medicina interna, coa espléndida humanidade de D. Alejandro; cuio maxisterio no seu anfiteatro de Anatomía, alcanzaba cumes que sen deixar de pertenecer a ciencia, lindaban cas cimas da arte. Tanto que moitos universitarios, alleos á súa Facultade, acudían a cátedra de Cadarso para escoitar as súas leccións resplandecentes, pola súa diafanidade e fermosura, de prístina elocuencia.

Puido ser chamado Rodríguez Cadarso "o orador da Anatomía", dun xeito semellante a aqueloutro paisano e homónimo seu –santiagués por máis señas– Rodríguez Carracido, D. José, sempiterno Rector da Universidade Central ata o seu pasamento, proclamado a cotío "orador da Química". Posto que a elocuencia de Cadarso na cátedra non era menor que a de Carracido nas academias, e coido que somentes foi superada, se ben en disciplinas coma Xeografía e a Historia, máis propicias ao lucimento oratorio, por D. Ramón Otero Pedrayo; o seu excelente compañeiro de escaño nas Cortes Constituintes da II República Española.

■ **A HISTORIA QUE NUNCA FOI.** Naquelas Cortes, compostas en boa parte por egrexios intelectuais, a palabra de D. Alejandro se escoitaba, nos pasillos e nas dimisións, cada día con maior interés. Así, denantes de partir de Santiago o Rector Cadarso, atribulado pola recente morte do seu xenial compadre, para asistir ás novas sesións das Constituintes, se extendera o rumor en Compostela de que na próxima situación ministerial levaría a carteira de Instrucción Pública. Iste Ministerio semellaba feito a mantenta para o talento e a experiencia de Cadarso. No seu cometido terá ocasión de mostrar a súa capacidade negociadora e a forza da súa elocuencia. Se as circunstancias o favorecían, acaso fose a catapulta que lanzara ao magnífico Rector de Santiago a máis elevadas responsabilidades na gobernación da República.

Pero, desafortunadamente, só cabe facer agora exercicios da "Historia que nunca foi". Xa que non todos siqueran sabrán que un accidente mortal, na estrada de Galicia a Madrid, truncou o destino científico e político de D. Alejandro. ¿A onde chegaría se il e a República seguiran existindo? ¿Por qué non imaxinar, que co seu talento negociador, sería capaz de evitar a Guerra de España? Ou cando menos, o holocausto de Galicia.♦

Nº 1.028 ● Ano XXV ● Do 4 ao 10 de abril de 2002

O Trinque

Cámaras na historia

Despois de tantas exposicións de fotografías, quizais sexa bo coñecer as cámaras responsábeis deses intres tan importantes na historia. O Centro Portugués de Fotografía, do Porto, mantén todos estes meses un percorrido por 2.000 cámaras, algunhas rarísimas, como a Escopeta de Darier (1888). Todas pertencen á colección de Antonio Pedro Vicente.♦

LeCeR

Coordinación: Eva Montenegro Piñeiro

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

A banda galega de neometal, *Cormorarnt,* toca en CANGAS o sábado 6.

Allariz

■ EXPOSICIÓNS

AS IMAXES DE CASTELAO
Ata o 28 deste mes *A Fábrica* vai acoller a mostra adicada á súa figura.

Baiona

■ EXPOSICIÓNS

MINGOS TEIXEIRA
A *Casa Consistorial* acolle a súa mostra de pintura.

SANTIAGO JORGE & MARGARITA LACARTE
Mostra de pintura no centro cultural *Torrente Ballester*.

A Baña

■ EXPOSICIÓNS

TRAZOS
Obras de **Laxeiro, Isaac Díaz Pardo, Seoane,...** entre outros que poderemos coñecer na *Casa da Cultura*.

O Barco

■ EXPOSICIÓNS

LEIRA CHA
A sala de exposicións de *Caixanova* ofrecerá esta mostra ata o 12 de abril.

Boiro

■ TEATRO

SUPERMÁIS!!!
Talía Teatro vai poñela en escena o venres 5 na *Casa da Cultura*.

Bueu

■ CINEMA

ABRIL
A fita de **Nanni Moretti** vai ser proxectada polo cineclube da vila o venres 12 ás 23 h. na *Casa da Cultura*.

■ EXPOSICIÓNS

LITA FREIRE
Pintura na sala *Amalia Domínguez Búa* ata o xoves 4.

Burela

■ EXPOSICIÓNS

GALERÍA BURELA
Mostra das obras da séptima edición deste certame, que podemos ollar, ata o venres 12, na Sala de Exposicións do Concello.

Cambados

■ EXPOSICIÓNS

X.M. TOMÉ
Mostra de pintura na galería *Borrón 4*, ata o 23 deste mes de abril.

■ MÚSICA

KARBON 14 + EMBRACE ME OCEAN
A sala *A Pera* vai ser o lugar onde estas dúas bandas tocarán os seus respectivos repertorios o vindeiro venres 12.

Cambre

■ EXPOSICIÓNS

DEBÚXAME UN CONTO
A *Biblioteca Municipal* é o lugar onde vai estar esta mostra ata o 16 de abril.

Cangas

■ MÚSICA

CORMORANT
O sábado 6 a banda galega, clasificada no que se coñece como neometal, personalizado cun toque de gótico e outro de psicodelia, actuará o sábado 6 na sala *Portobelo*.

CUARTETO PABLO CASTAÑO
A formación de jazz vai dar un concerto no *Auditorio Municipal* o venres 5.

Cariño

■ TEATRO

BINOMIO DE NEWTON
Teatro do Adro será que poña en escena esta obra o domingo 7 no *Auditorio Municipal*.

Cedeira

■ EXPOSICIÓNS

AXUDASNOS A SALVAR O PLANETA?
A sala *Áncora* acolle, ata o 14 de abril, esta mostra didáctica que pretende inculcar aos máis pequenos a preocupación polo medio ambiente.

Cervo

■ EXPOSICIÓNS

PALABRAS PARA UN PAÍS
A *Casa da Administración* de Sargadelos acolle esta mostra, ata o 15 de maio, sobre a historia da editorial *Galaxia,* desde a súa creación en 1950 ata o ano 2000.

A Coruña

■ CINEMA

CICLO DE JAZZ
Previo ao VII festival de jazz que organiza a *Fundación Barrié*, tamén se celebra este ciclo adicado a grandes clásicos do cinema con esta música como protagonista. O xoves 11 temos ***O trompetista/Young man with a horn,*** de Michael Curtiz (1950); o venres 12 ***¡Quero vivir!/I want to live,*** de Robert Wise (1958); o sábado 13, ***A historia de Glenn Miller/The Glenn Miller Story,*** de Anthony Mann (1954); o venres 19, ***Nace unha canción/A song is born,*** de Howard Hawks (1948); e o sábado 20, ***Ascensor para o cadafalso/Ascenseur por l'echafaud,*** de Louis Malle (1957). Todas as proxeccións na *Fundación Barrié* ás 20:30 h. con entrada libre. Non sendo a adicada a Glenn Miller, doblada ao castelán, as fitas son en versión orixinal.

■ CONFERENCIAS

LUÍS SEOANE
Á *Fundación Luís Seoane* gustaríalle compartir contigo a lectura de textos de Luís Seoane e tamén unha pequena mostra dos seus mundos, nun día de lembranza e ilusións, o venres 5 de 9 a 21 h. na Casa da Cultura *Salvador de Madariaga* (Durán Loriga 10, 2º)

PRECONCEITOS NA VIDA COTIÁ E NO DEPORTE
Este xoves 4 ás 20:30 na sala de conferencias da Fundación *Caixa Galicia* vai ter lugar esta charla.

DESTINOS TRUNCADOS
Os problemas da infancia e da xuventude son tratados neste ciclo de conferencias organizado por *Caixa Galicia.* O martes 9 ás 20 h. na Aula de Cultura de *Caixa Galicia* falarase sobre as drogas.

■ EXPOSICIÓNS

MANUEL VIOLA
As súas pinturas poden ser olladas, ata o 30 de abril, na galería *Atlántica*.

MARÍA JOSÉ
A que é coñecida como *La Chica*, expón as súas pinturas, ata o 14 deste mes, no *Pazo Municipal*.

XENEROS E TENDENCIAS NO S. XXI
Mostra fotográfica que acolle a sala de exposicións da Fundación *Caixa Galicia* ata o 25 de maio.

PEPA SESTAYO
Ata o 18 de abril ten aberta unha mostra na sala *Bomob*.

ASIA
Nas coleccións do *Museo de Artes Decorativas de Madrid*, mostra que poderemos coñecer, ata o 5 de maio, no *Museo de Belas Artes*.

SARMIENTO E A GALIZA DO SEU TEMPO
A Fundación *Wenceslao Fernández Flórez* acolle esta exposición na súa sede.

FOLGUEIRA DE POL
A *Asociación de Artistas* acolle esta mostra na súa sede.

PATRICIA SALCHI
O café-bar *Versión Original* acolle ata o 5 de abril a súa mostra de fotografía.

La vaca azul

O grupo chega ao noso país, onde vai dar concertos en distintos locais: o venres 5 no *Iguana Club* de **VIGO,** ás 0:30; o sábado 6 ás 22:30 no *Mardi Gras* da **CORUÑA;** e o domingo 7 no *Baranda* do **BARCO,** ás 22 h. O prezo da entrada é de 6 euros.♦

Lectura de textos e visionado da obra de Luís Seoane o venres 5 na CORUÑA

F.J. VILAS DURÁN
O *Colexio Oficial de Axentes Comerciais* acollerá a súa mostra de fotografía e pintura ata o 5 de abril.

Carteleira

FALE CON ELA. Pedro Almodóvar presenta esta vez unha historia de dous homes namorados de mulleres en coma. Drama, aínda que con escasa emoción.

A MÁQUINA DO TEMPO. Tras a morte da súa noiva, un científico inventa unha máquina do tempo para cambiar o que aconteceu, pero cando o fai a moza morre por outra causa, por iso el emprende unha viaxe cara o futuro á procura de respostas, pero só atopa destrución.

MOTHMAN. A última profecía. Despois da morte da súa esposa, sen saber cómo un xornalista aparece unha vila na que unhas misteriosas aparicións anuncian futuras catástrofes.

MULHOLLAND DRIVE. Unha inxenua aspirante a actriz chega a Hollywood e atopa a unha muller amnésica que, temerosa, trata de lembrar quen é. Película na que nada é o que parece.

LANTANA. A precariedade na relación interna de varias parellas atopa como nexo de unión a desaparición, en estrañas circunstancias, dunha muller. Todo indica que o seu home a matou. Película australiana sobre as relacións entre as persoas e os seus prexuízos.

SEXY BEAST. Un sádico paranoico é enviado desde Londres a Almería na procura dun ladrón retirado para que faga un último traballo en Gran Bretaña. O ladrón non quere, pero teme ao matón.

GOSFORD PARK. Con motivo dunha cacería de faisán, Sir e Lady McCordle (Michael Gambon e Kristin Scott Thomas) reúnen na súa mansión os seus parentes cos seus respectivos criados. Retrato coral costumista da Inglaterra profunda dos anos 30, con trasfondo de homenaxe a Agatha Christie. Dirixe Robert Altman

ATANDO CABOS. Na compaña da súa filla e a súa tía, un home recén viúvo vai a Terranova, fogar dos seus devanceiros, e descobre que a súa familia non era moi civilizada, aínda que na vila todos teñen algo que ocultar.

DESDE O INFERNO. Un inspector da policía investiga os brutais asasinatos que realiza Jack o Destripador e sospeita que hai unha trama para ocultar un asunto amoroso do príncipe herdeiro. Intriga anti británica.

UNHA MENTE MARABILLOSA. A historia dun matemático xenial pero esquizofrénico que pensa que é un espía e que recibe o premio Nobel. Película para lucimento de Russell Crowe.

LUCKY BREAK. Aproveitando a representación dun musical no que participan, dous atracadores de telderete, un estafador e un pirómano organizan unha fuga da prisión na que están internados. Comedia de evasión.

ANTIGUA VIDA MIÑA. Historia de dúas amigas, unha delas obsesionada con ter fillos e atopar á súa nai e a outra artista en horas baixas. Drama.

PEDRAS. Catro mulleres de todo tipo de ámbitos pero relacionadas por un nexo circunstancial, enfróntanse con distinta sorte a frustracións na súa vida familiar e afectiva. Boa película aínda que un chisco triste.

VIDOCQ. Nos días previos á Revolución de 1830, un detective trata de aclarar a morte de tres personalidades, aparentemente asasinadas por un complot político. Intriga.

OCEAN´S ELEVEN. Un ladrón organiza, xunto con dez compinches máis, un atraco aos tres casinos máis rendíbeis de *Las Vegas*. Comédia de ladróns.

INTIMIDADE. Unha parella reúnese unicamente para manter relacións sexuais ata que el decide seguila para saber algo máis dela. O que atopa non lle gusta e síntese frustrado.

A CUADRILLA (The Navigators). Kem Loach volve con outro filme de alto nivel, adicado ao periodo de privatización dos ferrocarrís británicos. Boa labor dos actores e óptimo ritmo narrativo nun tema difícil.

Á MIÑA NAI GÚSTANLLE AS MULLERES. Tres mozas quedan atónitas ao saber que a súa nai ten unha noiva. Como non lles gosta a idea, amañan un plan para desfacer a parella. Comedia.♦

Animaliños

Teatro do Aquí ven de efectuar a estrea en Narón, deste, o último dos seus espectáculos, do que é autor **Roberto Vidal Bolaño**, e que xunto con ***Anxeliños*** e ***Criaturas*** completa a triloxía dedicada á contemplación de dererminados aspectos da nosa conduta social, económica e política. O venres 5 será posta en escena en **VILAGARCÍA,** no *Auditorio Municipal*, o martes 9 en **SANTIAGO.**♦

Para a inclusión de informació n nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

FELIPE IGÚÑIZ
Mostra de pintura na galería *Arte Imagen* ata o 17 de abril.

CARTOGRAFÍA DE GALIZA
Ata o 7 de abril o *Quiosque Afonso*.

PHOTOGRAPHER OF THE YEAR
Mostra fotográfica do prestixioso premio sobre natureza, ata maio no *Aquarium Finisterrae* e *Casa das Ciencias*.

■ **MÚSICA**

MARDI GRAS
A sala acollerá varios concertos esta fin de semana: o xoves 4 **The Maggots,** o venres 5 **Señor No.**

NOVOS INTERPRETES
Este ciclo promovido pola *Fundación Barrié* cerrarase este xoves 4 ás 20:30 e nel van participar os finalistas do mesmo, entre os que sairá seleccionado o interprete de maior potencial desta VI edición.

■ **TEATRO**

NACIDOS CULPABLES
Tanttaka Teatroa vai poñela en escena o venres 5 e sábado 6 ás 20:30 no teatro *Rosalía de Castro*.

Culleredo

■ **TEATRO**

OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE
Adaptación da obra de Castelao de **Teatro do Morcego,** que van escenificar o venres 5 no *Edificio de Servizos Múltiples*.

Fene

■ **EXPOSICIÓNS**

AXUDASNOS A SALVAR O PLANETA?
A *Casa da Cultura* acolle, ata o 14 de abril, esta mostra didáctica, que pretende inculcar aos máis pequenos a preocupación polo medio ambiente.

Ferrol

■ **CONFERENCIAS**

DESTINOS TRUNCADOS
Os problemas da infancia e da xuventude son tratados neste ciclo de conferencias organizado por *Caixa Galicia*. O luns 8 ás 20 h. no hotel *Almirante* falarase sobre as drogas.

A ENFERMIDADE DO PARKINSON
Vaise celebrar o xoves 11 no salón de actos da ONCE, a partir das 18 h.

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTONIO FRANCO
Ata o 30 de abril o *Ateneu* vai ser o lugar onde ser expoña a súa mostra de pintura.

SUSO FANDIÑO
Dentro do ciclo ***Miradas Virxes*** atopamos esta mostra de fotografías, infografías e instalacións, que van estar no C.C. *Torrente Ballester* ata o 28 de abril.

ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA
A colección Caixanova vai ser exposta no C.C. *Torrente Ballester*.

■ **TEATRO**

BINOMIO DE NEWTON
Teatro do Adro vai poñela en escena este xoves 4 no Auditorio Municipal *Torrente Ballester*.

Fisterra

■ **EXPOSICIÓNS**

FISTERRA ONTE
Mostra fotográfica que poderemos coñecer estes días no *Faro*.

Gondomar

■ **TEATRO**

O CIRCO ENMEIGADO
Da man de **Llu Llu Teatro** o sábado 6 no *Auditorio Municipal*.

Lalín

■ **TEATRO**

O MUNDO COÑECE OS NENOS
Escenificación da man do grupo **San Miguel Arcángel** o venres 5 ás 11 h. no *Auditorio Municipal*.

Lugo

■ **CONFERENCIAS**

O AMOR E CÓMO CONSEGUILO NA GALIZA MÁXICA
Este xoves 4 ás 20 h. na sala de conferencias da Fundación *Caixa Galicia* polo director xeral de *El Progreso,* Xosé de Cora.

■ **EXPOSICIÓNS**

ROBERTO GLEZ. FDEZ.
Baixo o título de ***Encontros*** presenta unha mostra de pintura na galería *Clérigos* que estará aberta ata o 23 de abril.

CARLOS MONTERO
O *Círculo das Artes* é o escenario onde poderemos coñecer unha mostra da súa pintura.

Roberto Ruíz Ortega mostra a súa pintura na galería *Marisa Marimón* de OURENSE.

J. TORRES
Baixo o título ***Debuxos do universalismo construtivo*** a *Deputación Provincial* presenta esta mostra ata o 30 de abril.

TERESA YÁÑEZ
Mostra de infografías na sala *Augatinta*.

CON/FIGURAS
Mostra colectiva que podemos ollar na Capela de Santa María.

OLLADAS E CONVERSAS
Pinturas de **Tay Rodríguez** ata o 12 de abril no pub *Goleta*.

CONFRARÍA DA VIRXE DA ESPERANZA
Mostra fotográfica dos seus 50 anos que podemos ollar no Centro Social *U. Novoneyra*.

ISIDORO BROCOS E FAMILIA
A Fundación *Caixa Galicia* acolle esta mostra.

■ **LEITURAS**

PREMIO ÁNXEL FOLE 2001
O xoves 11 ás 20 h. na sala de conferencias da *Fundación Caixa Galicia*, vai ter lugar o acto de presentación da obra premiada neste concurso, ***Ángel Johan, retrato dun artista (1901-1965)***, de **Nuria López Presedo.**

■ **MÚSICA**

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALIZA
Baixo a dirección de **Josep Caballé** vai dar un concerto no *Círculo das Artes* o venres 12 ás 20:30.

Malpica

■ **EXPOSICIÓNS**

XUSTO MOREDA & LOLA FAIA
Na taberna de *Tano* temos a oportunidade de ollar os catro modelos de pratos desta experiencia de elaboración manual na que se funde a oleiría de Buño, de Lola, criadora de forte personalidade e orixinalidade, e a pintura de Xusto, do que cabe salientar o uso da cor e a presenza feminina.

Marín

■ **EXPOSICIÓNS**

JUAN ZUÑIGA
O hotel *Libertad* acolle unha mostra das súas pinturas ata o 31 de marzo.

A Merca

■ **EXPOSICIÓNS**

MARTÍN SARMIENTO
A *Aula de Cultura* acolle unha mostra sobre a súa figura que podemos visitar a partir das catro da tarde.

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

IMAXES MAIORES
Ata o 26 deste mes, o centro de maiores de *Caixa Galicia* acollerá esta mostra fotográfica.

NACHO GÓMEZ
Ten unha mostra fotográfica baixo o título de ***Traballo Sacro***, que vai estar ata o 10 de maio no C.C. *Expo Lemos*.

Muros

■ **TEATRO**

ESPANTOSO
Mohicania poráa en escena o venres 5 no C.C. e Xuvenil.

Noia

■ **EXPOSICIÓNS**

ÁLVARO DE LAS CASAS
O IES *Virxe do Mar* vai acoller a mostra bibliográfica que se lle adica ata o 8 de abril.

Oleiros

■ **CONFERENCIAS**

EMIGRACIÓN GALEGA NA ARXENTINA
Mesa redonda o venres 5 ás 20:30 h. na Casa Charry, coa participación de **Álvaro Someso Salvadores** (ex senador do PP), **Chema Ferreiro Avelleira** (parlamentario do BNG), **Guillermo Rguez. García** (presidente dunha asociación de emigrantes e retornado), e **Guillermo Sánchez Oroza** (arquitecto exiliado)

Ourense

■ **ACTOS**

FESTA DA REPÚBLICA
Acto en homenaxe dos sindicalistas republicanos o 13 de abril ás 19:30 h. no *Ateneo*: ***Homenaxe a Xosé Bóveda Formigo*** coa participación de representantes de CC OO, CIG, CGT e UGT. Conferencia de **Dionisio Pereira** titulada ***O movemento obreiro na Galiza (1929-36).*** Ás dez da noite, no *Bamio,* cea-festa na que falará **Xesús Alonso Montero,** para a que se poden retirar os convites (20 euros) no *Ateneo, Auriense,* e nas librarías *Eixo, Tanco e Torga*.

■ **CINEMA**

EL BOLA
Esta fita de **Achero Mañas** vai ser proxectada o martes 9 ás 19 h. na aula sociocultural *Xoán XXIII*. O mércores 10 proxectarase ***El club de los poetas muertos*** de **Peter Weir,** á mesma hora. O xoves 11 poderemos ver a fita ***El pequeño salvaje*** de **Francoiçe Triffaut.**

PADRE FEIJÓO
Este cine clube vai ofrecer a proxección da fita ***As mil e unha noites*****,** de **Pier Paolo Pasolini** este xoves 4 ás 20:30 e ás 23 h., no salón de actos da *Casa da Cultura;* e o xoves 11 ***M, o vampiro de Düsseldorf*****,** de **Fritz Lang.**

■ **EXPOSICIÓNS**

O MAR DE ULISES
Mostra en torno ao Mediterraneo que vai estar no parque *Barbaña* ata o 1 de maio.

EUGENIO GRANELL
A partir do mércores 10 a aula de cultura *Caixanova* vai acoller unha mostra das obras do, non hai moito, finado artista surrealista galego.

ANSELMO IGLESIAS
Baixo o título de ***Proposta*** mostra unha selección de óleos, que poderemos coñecer ata o 7 de abril no C.C. da *Deputación*. E no mesmo lugar e ata a mesma data, podemos coñecer tamén os óleos de **J. Vicente Romero.**

MIGUEL GLEZ. FRANCO
O *Liceo* é o lugar onde podemos ollar os óleos deste artista.

EMILIO LAVANDEIRA
Ata o 12 de abril a galería *Sargadelos* acolle unha mostra dos seus debuxos de cregos.

SUD YUNGAS
Exposición fotográfica solidaria sobre o *Proxecto de Desenvolvemento Integral* desta rexión de Bolivia, que será acollida polos locais da *Casa da Xuventude*. Cincuenta intres que amosan a vida de dúas comunidades en transformación: Chulumani e Irupana, dous concellos deprimidos da provincia de Sud Yungas, departamento occidental de La Paz.

ROBERTO RUIZ ORTEGA
O pintor de Sestao mostra os seus últimos traballos, titulados *Pinturas,* na galeria *Marisa Marimón*. A súa linguaxe, expresionista que xoga a construir unha realidade con vixencia e en constante mutación, ten afinidades claras coa pintura alemana da posguerra. Ata o 30 de abril.

■ **MÚSICA**

PORRETAS
A sala *Rock Club* vai acoller este xoves 4 o seu concerto, ás 21 h. por un prezo de 7'50 euros por adiantado e 9 na billeteira.

MAGÍN BLANCO
Dá un concerto o vernres 5 ás 21:30 h. no café-cultural *Auriense* cun suplemento de 1,20 euros.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALIZA
Baixo a dirección de **Josep Caballé** vai dar un concerto o mércores 10 na Catedral ás 20:30.

■ **TEATRO**

VII MOSTRA INTERNACIONAL UNIVERSITARIA
O MITEU celebrarase, do 12 ao 19 de abril, no teatro *Principal* ás 20:30 h.

A viúva alegre

Esta creación de **Franz Lehar** vai ser posta en escena polo **Ballet e Orquestra do Teatro Nacional de Brno,** o venres 5 no C.C. *Caixanova* de **VIGO** ás 20:30; o sábado 6 no *Auditorio de Galiza* de **SANTIAGO** ás 21:30; e o domingo 7 no *Pazo da Ópera* da **CORUÑA** ás 20:30.♦

Poio

■ **EXPOSICIÓNS**

XABIER COSTA
O *Casal de Ferreirós* acolle, ata o 18 deste mes, a súa mostra de escultura.

Ponteareas

■ **EXPOSICIÓNS**

DEZASEIS OLLADAS AO SOBROSO
Mostra organizada polo *Museo Municipal* e a *Escola de Imaxe e Son* de Vigo, que podemos ollar no *Castelo do Sobroso*.

GALIZA EN FOCO
Fotografías do certame de fotoxornalismo, que baixo este nome organiza o *Clube de Prensa de Ferrol*, e que se encontra no Museo Municipal.

Pontedeume

■ **CINEMA**

O HOME MOSCA
Dentro do ciclo de *Clásicos do cinema mudo* proxectarase esta fita, dirixida por **Harold Lloyd,** o venres 5 ás 20 h. na aula sociocultural de *Caixa Galicia*. E o venres 12 será a fita de **Buster Keaton,** ***El maquinista de la General.***

As Pontes

■ **MÚSICA**

RONDALLA
A **Vila das Pontes** vai dar un concerto, adicado aos maiores, este sábado 6 ás

Podemos aproveitar para achegarnos ás distintas mostras que sobre Sarmiento hai polo país adiante, como por exemplo a de PONTEVEDRA

Tío Vania

Todos os personaxes desta obra de **Chejov** levan unha vida que os fai fondamente infelices, moi alonxada daqueloutra para a que, acaso, creron estar destinados cando eran mozos. Nesta ocasión, baixo a dirección de **Miguel Narros** vai ser cenificada o luns 8 no teatro *Principal* de **OURENSE;** o martes 9 no C.C. *Caixanova* de **VIGO;** o mércores 10 no *Pazo da Cultura* de **PONTEVEDRA;** o xoves 11 no auditorio municipal *Gustavo Freire* de **LUGO;** e o luns 15 no teatro *Principal* de **SANTIAGO.**♦

19:30 na *Casa Dopeso*.

■ **TEATRO**

TITIRICIRCUS
Tanxarina títeres levará esta actuación ao Auditorio Municipal *Alovi*, o domingo 7.

Pontevedra

■ **ACTOS**

III ABRIL DOS LIBROS
Con motivo do *Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil* o Concello convoca o premio *Abril dos Libros* para centros non universitarios do concello e programa numerosos actos para este mes. **María Campos** realizará sesións de animación á lectura nas escolas; os sábados pola mañá, no teatro *Principal*, o grupo **Pavis Pavós** coordenará ***A hora do conto;*** o programa denominado ***O Arco da Vella*** procurará desenvolver a creatividade das crianzas de entre 4 e 11 anos; os sábado 6, 13 e 20 faranse visitas guiadas polo ***Roteiro Sarmiento,*** percorrido polos edificios e espacios do Centro histórico máis vinculados á vida de Sarmiento; o sábado 6, ás 18:30, na Praza da Verdura haberá unha sesión de contos coa **Bruxa Maruxa;** o domingo 7, tamén ás 18:30 e por 1,5 euros, no teatro *Principal* actuará o grupo musical **Mamá Cabra** e **Pavís Pavós** enredarannos cos seus contos. Seguiremos informando.

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTONIO CRESPO
Brumario, titula a mostra das súas esculturas que podemos ollar no *Espacio para a Arte e a Cultura de Cajamadrid* do venres 5 ao 28 de abril. As súas obras móvense no campo do etéreo, da fumaraxe, do inmaterial ou da levedade do ingrávido.

VÍCTOR REY
As súa pintura ao óleo pode ser ollada en *La Petite Galerie de Teo* ata o 20 de abril.

CASANDRE STAPFER
A súa mostra fotográfica ***37 días no laboratorio do Camiño*** vai estar no *Pazo de Mugartegui* ata o sábado 6.

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata o 6 de abril a sala *Caixanova* vai acoller esta mostra fotográfica submariña, sobre o ecosistema mariño do noso país, que a través das suas 50 fotografías pretende amosar a beleza e a diversidade zooloxica que encerra o noso mar. O resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografando o mundo submariño.

MARTÍN SARMIENTO
O *Pazo Mugartegui* acollerá, ata o 12 de maio, unha mostra en torno á figura á que este ano se lle adica o día das *Letras Galegas*.

JULIO ANTONIO
A sala de exposicións de *Caixanova* da Pza. S. José acolle a mostra ata este sábado 6.

■ **LEITURAS**

CAROLINA OTERO
Presentación deste libro de **Marga do Val,** edicións *A Nosa Terra,* o mércores 10 na galería *Sargadelos* ás 20:30 h. coa participación de **Lola Varela, María Campos** e a propia autora.

■ **MÚSICA**

REAL FILHARMONÍA DE GALIZA
O venres 5 tocará no *Pazo da Cultura* baixo a dirección de **William Michael Costello** e acompañada da soprano **Brenda Jackson.**

Porriño

■ **EXPOSICIÓNS**

GALIZA NO ARXÍU MAS
O *C.C. Municipal* acolle esta mostra de fotografías ata o martes 9.

Póvoa de T.

■ **EXPOSICIÓNS**

COMARCA TABEIRÓS TERRA DE MONTES
Mostra de fotografías desta zona, no centro comarcal *Expotrives*.

Redondela

■ **EXPOSICIÓNS**

AGRUPADAS VISIÓNS
Obras do colectivo **Tamt,** que van ser expostas na *Casa da Torre*.

Convocatorias

BECAS CAIXA GALICIA
A Fundación *Caixa Galicia-Claudio San Martín* convoca estas becas para o curso academico 2002-03, destinadas ao nivel de posgraduado: máster e doctorado. Sen embargo, en función do currículo ou do tema que se presente poden ser destinadas a proxectos de investigación científica e técnica en áreas de especial relevancia. A duración máxima das becas é a dun curso académico. Os requisitos básicos que se exixen son: ser galego/a, fillo/a de galegos, ou ter a súa residencia en calqueira dos municipios de Galiza a data do 31 de decembro de 2001; non ter cumplidos os 30 anos o 1 de setembro de 2002; non ser beneficiario doutra beca no mesmo periodo e aceitar o compromiso de rematar o programa de estudos para o que se lle conceda a beca. Deben tamén ter finalizados os estudos de licenciatura antes do 31 de xullo de 2002, ter un bo expediente académico, coñecimento suficiente do idioma do país ao que pretende viaxar, e ter confirmada a admisión á universidade de destino. O prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de abril de 2002, na Unidade Departamental de Becas e Premios da Fundación *Caixa Galicia-Claudio San Martín*: Montero Ríos 7 - 2º, Santiago de Compostela, ou en calqueira das oficinas de *Caixa Galicia*. Máis información nas oficinas de *Caixa Galicia* ou na páxina electrónica www.caixagalicia.es.

XENÉTICA E HISTORIA NO NOROESTE PENINSULAR
Xornadas organizadas polo *Consello da Cultura Galega,* entre o 11 e o 13 de abril, e coordenadas por Anxo Carracedo Álvarez e Xerardo Pereira Menaut. O programa contempla *¿Por que os xenes poden axudar a explicar a historia? O caso da Península Ibérica,* por Jaume Bertranpetit, da U. Pompeu Fabra; *Linhagens masculinas no Norte de Portugal,* por Leonor Gusmão, do IPATIMUP do Porto; *Perspectivas de aplicação histórica dos marcadores genéticos uni e biparentais,* por António Amorim, do IPATIMUP; *Historia das liñaxes femininas no noroeste peninsular,* por Antonio Salas, da U. de Santiago; *Liñaxes masculinas en Galicia desde o punto de vista xenético e implicacións históricas e culturais,* por Anxo Carracedo, da U. de Santiago; *Culturas e poboación na Prehistoria do Noroeste peninsular,* por X.M. Vázque Varela, da U. de Santiago; *Lectura historia do rexistro xenético na Idade Antiga,* por Xerardo Pereira Menaut, U. Santiago; *As grandes viragens na História Medieval da Península Ibérica*, por Cláudio Torres, do Campo Arqueológico de Mértola (Portugal); *Achegas externas á poboación de Galicia na Idade Media,* por Mª do Carme Pallares, da U. de Santiago; *A idea da raza na historia,* por Fernando Pereira, U. de Santiago; *Xenes e linguas: novas perspectivas,* por Francisco Villar Liébana, U. de Salamanca; e *Influencias históricas na conformación da lingua galega,* por Antón Santamarina, U. Santiago. As xornadas terán lugar na sede do Consello, no Pazo de Raxoi de Santiago, rematando o prazo de inscrición o 11 de abril. A cota de inscrición é de 30 euros (18 para estudantes e licenciados en paro) e hase facer efectiva na conta de Caixa Galicia 2091 0300 47 3110063172. O número de prazas é de un cento e cubriranse por orde de inscrición. Solicitáronse os créditos de libre configuración ás tres universidades galegas. Máis información no telf. 981 586 985, nos fax 981 557351 / 588 699 ou no enderezo electrónico correo@consellodacultura.org.

X SEMANA DA HISTORIA
Do 8 ao 14 de abril van ter lugar na Casa da Cultura do Barco de Valdeorras estas xornadas baixo o lema *As fontes da riqueza en Valdeorras*. Ao longo da semana haberá unha serie de conferencias nas que se falará dos aspectos máis salientábeis da zona. Para se inscribiren, os participantes deben facerse cun cupón que se enviará á secretaría do congreso (X Semana da historia, Instituto de Estudos Valdeorrenses, Casa Grande de Viloria - Pza. de Otero Pedrayo, 32315 Viloria, O Barco de Valdeorras, Ourense), con telefono 988 325 195, e correo electrónico: jsan@edu.xunta.es, co xustificante bancario de ter realizado a inscripción, de 30 euros para non socios do IEV e 12 para os que o sexan, na conta 2046 0150 09 3040046617 de *Caixanova*.

CICLO DE CONFERENCIAS DE WILLIAM J.R. CURTIS
Ciclo organizado polo Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago, entre o luns 8 e o xoves 11, baixo o título de *Apuntamentos sobre a invención. Catro arquitectos ibéricos: De la Sota, Moneo, Siza e Baldeweg* e no que se explorarán os procesos de iinvenciión transformacións, os procesos creativos a través do exame duha selección dos traballos destes arquitectos. As conferencias terán lugar no auditorio do CGAC ás 20 h. e para inscribirse no curso, con plaza limitadas, poden informarse nos telf. 981 546 619 / 602. O venres 12 de abril inaugurarase unha mostra neste centro de Juan Navarro Baldeweg.

CURSO DE TEATRO
Organizado pola AS-PG e a CIG-Ensino en Vigo, na escola de teatro e danza A Artística, cunha duraciión de 20 h. os mércores e xoves de abril de 17 a 19:30 h. dirixido preferentemente a profesorado que desexe adquirir coñecementos para poder deseñar e rixir unha activiade de xogo dramático, sensibilizar da importancia do xogo dramático no desenvolvemento madurativo, a expresión e a creatividade. O curso estará impartido polo pedagogo, especialista en Expresión dramática, Alfredo Rguez. Fdez. e pódese facer a inscrición no local da CIG na rúa Gregorio Espiño 47. Telf. 986 371 700, fax 986 262 844.♦

Podemos contemplar as instalacións de César Lombera no Pazo de Fonseca en SANTIAGO.

■ **TEATRO**

O MENCIÑEIRO Á FORZA
Teatro Os viaductos vai por en escena esta obra o sábado 6 ás 22 h. no multiusos da *Xunqueira*.

San Sadurniño

■ **TEATRO**

SUPERMÁIS!!!
Talía teatro poraa en escena o domingo 7 no *Centro Sociocultural*.

Santiago

■ **ACTOS**

A MIÑA PEZA FAVORITA
A *Fundación Granell* comeza un ciclo, baixo este título, que é unha actividade-homenaxe que consiste en elexir unha obra de E. Granell para o seu comentario. Este xoves 4 ás 20 h. no *Pazo de Bendaña,* a concelleira de Cultura, **Teresa García Sabell,** fará o seu comentario sobre a obra *Crónica dos fiscais dos anos horrendos* (1986).

■ **CINEMA**

CASTELAO E OS IRMÁNS DA LIBERDADE
O auditorio da aula sociocultural de *Caixa Galicia* vai acoller a súa proxección o domingo 14 ás 20 h.

O MANANCIAL DA DONCELA
O cine-clube *Compostela* organiza unha doble sesión, para o martes 9, na que poderemos ollar esta fita de **Ingmar Bergman,** (Suecia, 1960) ás 19 h, e ***A proposito de Niza,*** de **Jean Vigo** (Franza, 1929), ás 22 h. No auditorio da F. de Xornalismo por 3 euros (1,5 socios e universitarios).

■ **EXPOSICIÓNS**

ANA PILLADO
A nosa compañeira inaugura unha exposición de pintura na galería *Citania* este venres 5 de abril e poderémola contemplar ata o 15 de maio.

MIGUEL PEREIRA
Mostra a súa obra pictórica na galería *José Lorenzo* do 5 ao 25 de abril. Segundo A. Castro "sitúase nun expresionismo remozado, ligado á herencia dos modelos europeos máis xestuais e, tamén, ao muralismo expansivo e narrativo de imaxes escuetas e infraleves e secuencias metafóricas, en medio dun espacio abstracto e simbólico".

GESTUAL
Fotografías de **J.M. Cuellar Bermejo,** ata o 15 de abril no pub *Modus Vivendi*.

NATALIA DÍAZ-MELLA
La ropa tendida é o título da mostra que presenta a artista na galería *Paloma Pintos*, ata o venres 5.

SAHARA LIBRE
Mostra composta por 20 fotografías de **Manuel Valcárcel,** un vídeo e sete paneis explicativos, que poderemos ollar na aula sociocultural de *Caixa Galicia* ata o 30 de abril.

EUGENIO GRANELL
Mostra na *Fundación Granell*, ata o 27 de maio, na que se poden observar obras onde o artista se retratou a si mesmo e a outros personaxes, moitos deles amigos, entre eles Serrano Poncela, Vela Zanetti, Federico García Lorca, Duchamp, Juan Ramón Jiménez ou a mesma muller do autor, Amparo.

CATALUNYA, TERRA DE ACOLLIDA
Percorrido temporal e físico pola Catalunya actual a través da súa historia, sociedade, características física e humanas e de todo aquelo que a conforma tan singularmente. Divida en catro partes, nela esta representada os aspectos que fomaron e forman o carácter da sociedade actual, a integración dos elementos externos, a vida hoxe, oferta cultural e turística, etc. Tamén existe unha páxina electronica www.cathoy.com. No Museo do Pobo Galego ata o 14 de abril.

YOLANDA TABANERA
Baixo o título ***Náufragos, peregrinos e outros humildes arquitectos*** a creadora surrealista presenta unha mostra da súa obra na sede da Fundación *Granell*, *Pazo de Bendaña* (pza. do Toural).

CÉSAR LOMBERA
O escultor ten as súas ***Instalacións*** expostas no *Colexio Fonseca*.

XAQUÍN CARPINTERO
Presenta unha mostra, baixo o título *Explorador solitario,* na sala NASA durante abril. Nela bota man dunha serie de elementos da cultura de masas alienada e fundamentalmente televisiva, tratando de facer unha pintura con referencias evidentes a mestres clásicos como Picasso, Soutine, De Kooming ou Philippe Guston.

PADRE SARMIENTO
O *Instituto de Estudios Galegos P. Sarmiento* organiza esta mostra sobre a súa vida e obra no *Pazo de San Roque*.

MARIANO DE SOUZA
A galería *José Lorenzo* organiza no hotel *Puerta del Camino* (M. Ferro Caaveiro s/n) esta mostra inspirada no camiño de Santiago. A súa pintura pode definirse como medieval renacentista, pois trabállaa desde o soporte, con aspecto de madeira labrada, para enchelo despois cun simbolismo no que predomina a cor parda española. A ta o 14 de abril.

COLECCIÓN CGAC. DOAZÓNS E RESCATES
Ata o 12 de Abril exporanse as obras dos seus fondos, que están formados por obras de artistas como **Hans Hemmert, Florence Paradeis, Francisco Leiro, Vari Caramés, Alberto Carneiro, Chema Madoz, George Rousse, Adolfo Schlosser, Frank Thiel, Dario Villalba, Alberto Datas, Rafael Baixeras, Manuel Moldes, …**

MÓNICA ALONSO
As obras desta galega, creadora dun mundo inquietante, de espacios delimitados pola súa cor e función, por unha férrea lóxica interna que nos fala de terapias, sono, descanso, vixilia. Ata o 12 de Abril no *CGAC*,

■ **MÚSICA**

PLAYMOTHER & FUCKERBACK
No *Insomnia Club* (Ruela da Oliveira 3) o sábado 6 a partir das 22:30 h. con entrada gratuita.

REAL FILHARMONÍA DE GALIZA
O xoves 4 actuará no *Auditorio de Galiza* baixo a dirección de **William Michael Costello** e acompañada da soprano **Brenda Jackson.** E o venres 5 os **Alumnos do Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona,** baixo a dirección artística de **Carmen Butamante,** a dirección escénica de **Joan Anton Sánchez** e o deseño e realización do vestiario a cargo de **Manuel Peña,** van interpretar ***O Empresario Teatral,*** de W.A. Mozart, ás 10 h. e ás 12 h. no mesmo lugar.

HASTA QUE LAS NUBES PASEN
Música en imaxes este xoves 4 na *Fonoteca da Universidade,* ás 18 h.

QMF 6
Este xoves 4 terá lugar no auditorio do Campus Sur o **Sexto Festival de Música Cuántica,** a partires das 21:30.

LITERATURA VERSUS LITERATURA PIANÍSTICA
Antonio Queija Uz interpretará ao piano pezas de Beethoven, Liszt, Marcial de Adalid, entre outros, o mércores 10 no *Auditorio da Universidade*, ás 21 h.

■ **TEATRO**

FEIRA DE GALIZA
Entre o martes 9 e o sábado 13 vaise desenvolver esta actividade con actuacións en distintos locais da cidade.

VARIETES
A sala *Sant-Yago* ofrece sesión de títeres, e o domingo 7 será a compañía **Seis Dedos** quen poña en escena esta obra. O luns 15 **Títeres Cachirulo** levará a escena a obra ***A bela e a besta.***

O Saviñao

■ **EXPOSICIÓNS**

NATUREZA VIVA
Ata o sábado 6 o *Círculo Recreativo* de Escairón vai acoller esta mostra fotográfica.

Sober

■ **MÚSICA**

PRIMAVERA MUSICAL
Este concerto vaise celebrar o sábado 13 na *Casa da Cultura* a partir das 20:30.

A Rede

LOFP NON
http://lofpnon.tripod.com

Publicación electrónica contra a reforma da formación profesional que leva adiante o Partido Popular. Inclúe información sobre o calendario e as últimas novidades tanto de lexislación como de mobilizacións, así como documentos e formas de contacto. A páxina está aberta á participación.♦

Tui

■ **EXPOSICIÓNS**

INDIA
Exposición fotográfica sobre este país, que poderemos coñecer ata o 27 de abril na *Casa da Xuventude*.

Vigo

■ **CINEMA**

THX 1132
Fita dirixida por **George Lucas,** que vai ser proxectada este xoves 4 no café *Uf* (Rua do Pracer 19), organizado polo colectivo *Nemo* de fantasía e ciencia ficción.

■ **CONFERENCIAS**

A CRISE INTERNACIONAL DESPOIS DO 11 S
A aula sociocultural de *Caixa Galicia* será o escenario desta charla de **Carlos Taibo** este xoves 4 ás 20:30.

CONTRA OS RECHEOS
En preparación da manifestación contra os recheos da ría, que se celebrará o sábado 20, a *Plataforma Cies* realiza unha serie de charlas coloquio que de seguida reseñamos: este xoves 4, na A.V. de Candeán ás 19 h. e na A.V. de Castrelos ás 20; o venres 5, na A.V. de Navia e na A.V. de Zamáns, ambas ás 20 h; o sábado 6, na A.V. de Coruxo ás 20 h; o luns 8 na A.V. do Val do Fragoso ás 18:30; o martes 9 na A.V. San Xoán Poulo ás 19 e na Cova dos Ratos ás 20; o mércores 10 no Instituto do Meixoeiro ás 16 h. e no Centro Cultural San Paio ás 20 h.

ESCRAVITUDE
O xoves 11 o reporteiro de televisión **Vicente Romero** falará sobre este tema na aula sociocultural de *Caixa Galicia* a partir das 20 h.

EIXO ATLÁNTICO
Peculiaridades urbanísticas de Ferrol a Porto é o título da charla que se vai desenvolver o venres 12 ás 20 h. na aula sociocultural de *Caixa Galicia*.

AUTOCONTROL, ANGUSTIA E DEPRESIÓN
Conferencia impartida por **Carmen Novoa Pérez** este xoves 4 ás 20 h. no C.C. *Caixanova*.

■ **EXPOSICIÓNS**

JUAN CARLOS MEANA
Baixo o nome de Enseres/Estares, terá unha mostra da súa obra na galería *Bacelos* do 5 ao 30 de abril.

ALBERTO DATAS
Mostra antolóxica deste artista galego, que pertence ao equipo dos que saben que todo se pode situar entre os límites da tea, do lenzo; continuador das lecións dos grandes romanticos, dos que miraron a pintura desde dentro, daqueles que vocexaron unha linguaxe expresionista e dos que manifestaron a súa ditadura ao longo do século XX. Desde o xoves 11 e ata o 12 de maio na sala de exposicións do C.C. *Caixanova.*

ANTÓN FAUSTO GARCÍA
Mostra de pintura na galería *Bomob* ata o luns 8.

ASSEMBLEIA DA R. DE PORTUGAL
A *Casa das Artes* acolle unha exposición sobre este tema con motivo do 75 aniversario da fundación do *Centro Portugués* da cidade. É a primeira vez que sae do *Museu da Assembleia da República* e amosa pezas da historia desa institución política.

RAMÓN CAAMAÑO
Ata o 7 de abril, a sala de exposicións do C.C. *Caixanova* acollerá estas fotografías tomadas nos anos 20 e 30 que presentan unha completa descripción da vida do pobo mariñeiro nesa época, con todo tipo de actividades, desde o traballo manual, o comercio, a banco ou na notaría. Desde os nenos na escola ata as mulleres nas máquinas de coser Singer... gaiteiros, festas, bandas, comparsas, teatro, equipos de futbol... ata os velorios e rituais mortuorios.

■ **LEITURAS**

EL CIELO RASO
Apresentación deste libro de **Álvaro Pombo** o sábado 6 ás 18 h. na aula sociocultural *Caixa Galicia*.

■ **MÚSICA**

BRONCO BULLFROG
O sábado 6 a *Iguana* será o escenario no que se desenvolverá este concerto a partir das 0:30. Este trío londinense, cheo de forza e grandes melodías apoiadas nos sons de pasadas épocas, é unha das bandas máis efectivas do pop en tecniclolor e andan a presentar o seu álbum *The sidelong glances of a pigeon kicker.* Entrada antecipada 10 euros, na billeteira 12.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALIZA & MARÍA BAYO
O sábado 6 no C.C. *Caixanova* van ofrecer unha actuación baixo a dirección de **Víctor Pablo,** ás 20:30 interpretando obras de Strauss e Bruckner.

REAL FILHARMONÍA DE GALIZA
O venres 12 ás 20:30 baixo a dirección de **Helmut Rilling,** e co violonchelo solista **Plamen Velev,** interpretará obras de Mandelssohn e Saint Saëns, no auditorio do C.C. *Caixanova*.

■ **TEATRO**

BABY BOOM NO PARAÍSO
Rara Avis Teatro porá en escena esta obra de **Ana Istarú**, unha comedia áxil e divertida, que a autora escribiu para unha muller que se desdobra en varios personaxes, a modo de monólogo. O sábado 6 ás 22:30 no auditorio de *Caixanova*.

Vilaboa

■ **EXPOSICIÓNS**

POZO VENTURA
Unha visión da arte rupestre galega, título baixo o que se presenta esta mostra, composta por diapositivas e fotografías, reproducións de libros e arquivo de **Alén do Val,** e texto de **M.A. Sartal Lorenzo.** Na *Casa dos Druidas* (Acuña), ata o 8 de abril.

Vilalba

■ **TEATRO**

O COELLIÑO BRANCO-REBRANCO
Da man de **Danthea teatro** o venres 5 no Auditorio Municipal *Cármen Estévez*.

Vilagarcía

■ **EXPOSICIÓNS**

ENCARNA GONZÁLEZ
A galería *Arcana* acolle, ata o 15 de abril, unha mostra da pintora composta por doce óleos sobre tea.

Viveiro

■ **EXPOSICIÓNS**

GREMIOS E CONFRARÍAS
A sala municipal do *Claustro de San Francisco* acolle esta mostra.

Xinzo da L.

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTONIO PESSOA
Mostra que poderemos coñecer este venres 5 de abril na *Casa da Cultura*.

Barcelona

■ **EXPOSICIÓNS**

AS MIRADAS CELTAS
Mostra fotográfica do *Festival do Mundo Celta de Ortigueira*, realizada por **Xurxo Lobato,** e que vai poder ser ollada, ata o 22 de abril, na galería *Sargadelos* (Provenza 274).

Braga

■ **EXPOSICIÓNS**

ALEX KATZ
A galería *Mario Sequeira* é o escenario no que vai estar presente esta mostra das súas pinturas máis recentes ata o 2 de maio.

Madrid

■ **MÚSICA**

SAMESUGAS
A banda galega, que fai da súa música un remexido de punk, hardcore e rock, vai tocar, xunto cos madrileños **Motel Bates,** este venres 5 no *Gruta 77.*♦

O trío londinense *Bronco Bullfrog* toca no *Iguana* de VIGO o sábado 6.

O *Gruta 77* de MADRID acolle a actuación dos *Samesugas* este venres 5.

Anuncios de balde

■ **Véndese finca no lugar de Bexo, en Dodro** (A Coruña), na estrada de Padrón a Riveira. Telf. 605 368 339.

■ A **Mesa pola Normalización Lingüística da comarca de Vigo** busca colectivos ou asociacións **que queran compartir local.** Telf. 986 437 234 / 412 834.

■ **Gañe diñeiro facendo ensobrado** profisional. Telf. 654 132 427.

■ **Vende-se piso** en Ribeira con vistas ao mar, 98 m², 3 cuartos, salón, cociña, 2 aseos, terraza, praza de garaxe e trasteiro, novo por un prezo de 15.600.000 pta. Telefonos: 981 873 683 e 607 711 016.

■ Busco interesados en dar **clases de tecido manual**, en Santiago de Compostela ou arredores. Telefono 654 698 307 e-mail carlarefoxo@yahoo.es.

■ **Busco traballo relacionado coa agricultura** para adquirir coñecementos. Xabier, telf. 605 142 326

■ **Vendo gaita** marca **Seivane** nova. Teléfono 600 717 628.

■ **Vendo Vespa** 125 cc, por un prezo de 60.000 pta. Teléfono 654 831 114.

■ **Vendo finca** de aproximadamente 3.000 m² con casa para restaurar en **Moalde (Silleda),** aproximadamente a 30 km. de Santiago. Os interesados poden contactar con Xosé Manoel no 657 667 498.

■ **Alúgase casa de campo en Meira (Lugo).** Recentemente restaurada, tres cuartos dobres con baño e calefacción, 10.000 m² de terreo. Fines de semana ou temporada. Telf. 982 331 700 / 686 753 105 ás noites.

■ **Véndes finca de 15.000 m²** plantada con piñeiros en Lugo. Telf. 630 390 283 / 686 753 105.

■ **Vendo piso novo en Sigüeiro** (a 15 min. de Santiago), 3 cuartos, baño, aseo, salón, cociña con mobles, garaxe e trasteiro. Boa calidade. Telf. 639 575 296.

■ **Constituiu-se em Compostela, a Assembleia da Língua,** um processo nascido do manifesto 15D; um lugar de encontro para rentabilizar os esforços em favor da língua da Galiza. Se queres participar ou saber de que vai, adire manifesto15d@yahoogrupos.com.br. Na página web www.mdlgz.org podes encontrar informaçom.

■ O governo ten multado a **Armando Rivadulha**, militante de Nós-UP, con 6.551 euros ou prisóm de um ano e meio pola participaçom na luita contra a empacotadora de lixo em Vila Boa em 1998. Fazemos un apelo á **solidariedade económica** de todas as pessoas e organizaçons compromeidas com os direitos e liberdades fundamentais, à vez que denunciamos este novo processo repressivo contra o independentismo. Conta de solidariedade em Caixagalicia 2091-0395-21-3040001337.

■ **Véndense dúas camas xemelgas** co agasallo dos colchóns e máis os cobertores. Telf. 630 400 925.

■ **Oferécese persoa para coidar persoas maiores** en Santiago. Tamén con experienciea na atención a enfermos de Alzheimer. Telf. 646 736 595.

■ **Coñeza a nosa literatura** a través da Biblioteca Virtual Galega en www.bvg.udc.es.

■ **Véndese Ford Mondeo 1.8,** 16 válvulas CLX, gasolina. LU-4802-O (ano 93). Con ar acondicionado, 4 portas e 165.000 Km, coa ITV pasada. Prezo: 2.200 euros (366.000 pta.). Chamar ao telf. 982 176 589 ou 609 175 816.

■ **Búscase urxentemente piso ou casa amoblada en aluguer en Vigo.** Máximo 210,35 euros (35.000 pta.). Telf. 651 146 537.

■ **Libroteca 21, catálogo de libros de ocasión**, especialidade en lingua e literatura galegas, filoxoxía e historia. Inclúe tamén revistas e discos. Consúltanos en http://es.geocities.com/libroteca21/index.html

■ **Vendo artesanía** por peche de negocio. Telf. 605 142 326.

■ **Alugase apartamento en Carnota,** temporada verán e Semana Santa. A carón da praia, completamente equipado para 4 persoas. Prezo Semana Santa (8 días) 330 euros. Telf. 981 761 144, mediodía e noite.

■ **Vendese Honda Civic 125 CV Full equip.** como novo. E **Porsche 928 GTS** ano 86 54000 CC, 8 CL, full equip. Telf. 605 301 378.

■ **Ofrécese deseñador gráfico** con ganas de traballar para aquela xente interesada nunha imaxe novidosa en distintos soportes e todo tipo de publicacións (libros, trípticos, imaxe corparativa, logos, cds...). Barato, barato. As persoas interesadas poden escribir a alf mem@hotmail.com

■ **Se queredes colaborar ou adquirir *Morituri,* revista da facultade de Humanidades** da U. da Coruña, escribide a Morituri-Po.Box9 15500 Fene (A Coruña) ou a araold2000@mixmail.com

■ **Vendo solar de 2.200 m²** en Meirás (Sada), con licencia municipal e proxecto básico para vivenda de 195 m², por 10.000.000 de pta. Telf. 981 614 348.

■ **Véndese zanfona** case nova. Perguntar por Marcos no telf. 986 548 746

■ **Traballador con estudos universitarios busca emprego.** Manuel, telf. 616 354 911.

■ **Alúgase taberna pub** (Taberna de Pancho) **no Morrazo.** Con casa amoblada, calefacción e terreo. Prezo a convir. Tlf. 600 717 628.

■ Olá vizinh@ de Compostela, **se vas desfacerte de unha lavadora ou de un frigorífico** que aínda estexan en bon uso… non o deites ao lixo!!. Nós precisamos un. Encargámonos de transportalo ata a nosa casa. Chama ao telf. 686 128 435 e pergunta por Miguel.

■ **Busco cuarto nun piso compartido no centro da Coruña**. Perguntar por Ana no telf. 652 145 969.

■ Na **Ribeira Sacra, Penalba-Nogueira de Ramuín, vendo ou alugo** (fins de semana ou tempada) casa amoblada de dous andares, 5 cuartos, 2 baños, salón, cociña, garaxe. Telf. 986 376 022.

■ **Para todos os mestres interesados en achegar o ensino en galego á informática** "lapisdecores" ten unha nova páxina web: http://www.galego21.org/ldc/ con máis de120 actividades clic, "caderno de mates" un programa para levar seguimento individualizado do alumnado na área matemática, e moitos outros programas de grande utilidade.

A NOSA TERRA
Nº 1.028
Do 4 ao 10 de abril de 2002
Ano XXV
IV Xeira
1,75 Euros

Nº

VOLVER AO REGO

Xa non se fala do Mossad. Os servizos secretos israelitas deixaron de ser necesarios: as matanzas son públicas, non hai que encubrilas. O propio Sharon di que se arrepinte de non ter eliminado antes a Arafat. Por iso tamén a diplomacia está de máis. A política, como un *Gran Hermano* sen guión previo. Pode verse todo: o Berlusconi que insulta os inmigrantes, o Bush que divide o mundo entre bos e maos. Hitler negaba a existencia de cámaras de gas, quizá se vivise hoxe ofrecería roldas de prensa en Auschwitz. A política volveuse obscena.♦

Director: Afonso Eiré López. **Empresa Xornalística Editora:** Promocións Culturais Galegas S.A. **Presidente:** Cesáreo Sánchez Iglesias.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

8 400021 303104 01028

Dúas marchas lograron evitar unha central atómica na Mariña

Xove antinuclear, vintecinco anos despois

X.C.

O domingo 10 de Abril de 1977 Viveiro recibía a centos de coches e ducias de autobuses que chegaban de toda Galiza e tamén de Madrid, atendendo á convocatoria dunha marcha antinuclear. A manifestación estaba prohibida polo gobernador da época pero igualmente foi adiante. Aquela mesma noite fora legalizado o Partido Comunista.

Ramón Muñiz de las Cuevas ten contado polo miúdo a xestación da oposición antinuclear en Xove. A marcha da que agora lembramos os seus vintecinco anos hai que situala no período da transición política, á saída da Ditadura. Foi no medio da clandestinidade imposta como se foran movendo as organizacións políticas e as Comisións Labregas, a organización que fixo formalmente a convocatoria da marcha que remataría por xuntar a 8.000 persoas a percorrer a distancia que mediaba entre Viveiro e o adro da igrexa de Xove. A ameaza do gobernador non disuadiu os asistentes, e ao final a propia garda civil ordenou o tránsito. A marcha a Xove quedou tamén como un fito mobilizador cando aínda ningunha das organizacións nacionalistas estaban legalizadas nin se celebraran as primeiras eleccións libres após a morte de Franco.

En 1973 Fenosa, Hidroeléctrica do Cantábrico e Eléctrica del Viesgo anunciaran que en Regodela, concello de Xove, pretendíase instalar unha central atómica con catro xeneradores de novecentos megawatios cada un. A nova apresentouse na prensa da época como a salvación dos males económicos do rural.

Dúas marchas antinucleares converxeron en Xove. Arriba a de abril de 1977, abaixo, a celebrada na primavera de 1979. Arquivo A.N.T.

Muñiz, responsábel agrario na dirección da Unión do Povo Galego, foi o encargado de dinamizar a contestación á central nuclear, "para iso contabamos xa con grupos achegados tanto en Viveiro e Ribadeo no ámbito do ensino e a extensión agraria. Penchas Santasmarinas, que traballaba neste servicio, foi o enlace directo cos labregos de Xove".

O obxectivo proposto era lograr unha moratoria e as características da época obrigaron a facer actos a través das asociacións culturais que Fenosa tentaba contrarrestar, "convocaron unha conferencia no cinema Orfeo de Viveiro para expor as bondades da central. Organizamos a contestación desde o público, e xente como o economista Ramom López-Suevos puña en dificuldades aos oradores coas súas preguntas e contrarréplicas. Ao final o acto acabou cunha manifestación contra a central".

En novembro de 1974 o xa falecido catedrático compostelán Francisco Bermejo, xunto a Pedro Costa Morata e López Suevos participaron nunha conferencia na Sala de Festa Os Verxeles que xuntou a 2.000 persoas e daquela foi cando a desconfianza comezou a trocar en oposición aberta.

Marchar a Xove

A dinamización continuou baixo esas condicións de semi-clandestinidade. En Agosto de 1976 Fenosa conseguiu autorización previa para a instalación o que acelerou a oposición e a primeiros de 1977 considerouse que era o momento de facer unha grande mobilización. A idea foi realizar unha marcha e os organizadores, ante a probición do gobernador montaron un severo servicio de orde para que non houbese lugar a provocacións. Percorréronse doce quilómetros até o adro de Xove. Falaron ali un viciño das Encrobas, que mantiñan un sonado pulso con Fenosa, Antonio López Pernas, labrego de Xove, Emilio López Pérez e rematou o acto o crego Moncho Valcarcel.

En 1979 houbo outra mobilización da mesma caste, que finalizou en Regodela, nas pradarías ao pé do Cantábrico onde terían de construírse os reactores. Ao pouco Fenosa renunciou ao proxecto, quizais porque a oposición á enerxía nuclear comezaba a crecer por toda Europa, quizais polo grave accidente de Harrisburg –o oculto Chernobil dos Estados Unidos– pero tamén porque na opinión pública galega medraba a oposición a ese tipo de industrialización perigosa e de enclave.♦

Auschwitz

Xosé A. Gaciño

¿Soa moi duro afirmar que o estado confesional xudeu de Israel está gobernado por un fascista que practica o "apartheid" e/ou a limpeza étnica para manter a usurpación dunhas terras condenada repetidamente pola ONU, sen que en ningún momento ningunha potencia defensora da xustiza internacional pensara en aplicarlle a mesma medicina que a Irak, aos países balcánicos ou a Afganistán?

¿Soa moi duro recordar que Israel naceu da violencia terrorista dos comandos sionistas, que, por certo, comenzaron xa a practicala contra os árabes palestinos nos memos anos nos que os xudeus de Alemania e dos demáis países ocupados polos nazis sufrían persecución, tortura e exterminio?

¿Soa moi duro insinuar que os fascistas xudeus fanlles pagar aos máis débiles, os musulmáns palestinos, os séculos de pogromos aos que foron sometidos os seus antepasados por poderosos cristiáns, que agora, por certo, ainda que ninguén o recoñeza oficialmente, se aproveitan dos israelís como punta de lanza contra o Islam, convertido no novo inimigo universal?

¿Soa moi duro reflexionar sobre os estragos das intransixencias relixiosas que, desde a Biblia e o Alcorán, á ofensiva ou á defensiva, teñen abortado, parece que case definitivamente, o vello soño dunha Palestina laica, democrática e multiétnica, que estaba na orixe daquela resistencia dos palestinos que non aceptaban o xogo das imposicións imperialistas nin as liortas domésticas dunha nación árabe permanentemente frustrada pola inmobilidade imposta desde a oligarquía petroleira, que compaxina a manipulación fundamentalista coa colaboración co Imperio?

¿Soa moi duro preguntarlle á Internacional Socialista se son capaces de explicar que fai o seu mebro Simon Peres nese goberno israelíen-louquecido, dirixido por persoas que teñen ideas moi similares ás do asasino do seu compañeiro Isaac Rabin?

Non me estraña nada que a Saramago se lle quentase a boca e rematara por mentar a bicha de Auschwitz no medio deste novo inferno de represión no que teñen convertida a Cisxordania.♦